


# Corenta mulleres tecendo xuntas







# Corenta mulleres tecendo xuntas

© Editorial:

Deputación Provincial da Coruña  
Avda. Porto da Coruña, 2  
15003 A Coruña

© Coedita:

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar · Praza do Obradoiro  
15705 Santiago de Compostela  
correo@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

© Dos textos, os autores e autoras

Depósito legal: C 1530-2023

Imprenta Provincial  
Archer Milton Huntington, 24  
15011 A Coruña

A Coruña, 2023

EDICIÓN NON VENAL




<http://consellodacultura.gal/especiais/corenta-mulleres-tecendo-xuntas/>

# Corenta mulleres tecendo xuntas

---

Coordinadoras  
Carme Adán  
Montse Fajardo





# Índice

## Adro

Carme Adán

## Limiar

"Corenta anos tecendo xuntas"

Montse Fajardo

## Biografías

- 17 Rosa María de Castro y Centurión
- 19 Constanza de Castro
- 21 Beatriz Benavides
- 25 Ilduara Eriz
- 27 María Antonia Pereira de Andrade
- 29 María Pérez, a Balteira
- 31 Nicolasa Añón Paz
- 35 Felicia Auber
- 37 Clara Corral Aller
- 39 Emilia Calé Torres
- 41 Corona González Estévez
- 45 Francisca Herrera Garrido
- 47 Concepción Ramón Amat
- 49 María Reguera
- 51 Ángela Ruiz Robles
- 55 Teresa Vaamonde Valencia
- 59 Olga Gallego Domínguez
- 61 Maruxa das Cortellas
- 65 María Valverde
- 67 María Manuela Rey González
- 71 Josefina Blanco Tejerina
- 75 Dolores Rodeiro Boado
- 77 Concha Vázquez Martínez
- 79 María Mazás Lata
- 83 Rita Fernández Queimadelos
- 87 Antonia Ferrín Moreiras
- 91 Irene González Basanta
- 93 María Antonina Sanjurjo Aranaz
- 95 Francisca «Pancha» Morlán
- 99 Jesusa Prado López
- 103 Pepa Noia
- 107 Concha Castroviejo
- 111 María del Portal Panisse Ferrer
- 115 Hortensia Landeira Pontijas
- 119 Nieves Fariza Alonso
- 121 María de los Ángeles Tobío Fernández
- 125 Aurora e Manuela Liste Forján
- 129 Rosa Bassave Roibal
- 131 Carme Alvariño Alejandro
- 135 Rosalía Mera Goyenechea





# Adro



“Tecin soa a miña tea”  
Rosalía de Castro

Recollemos este verso de Rosalía de Castro a modo de adro neste libro de biografías de mulleres. Di a nosa poeta que teceu soa a súa tea. Mais, co pasar dos anos, temos a percepción de que foi unha tecedora que nos deixou moitos fíos para seguir a facer redes de memoria e futuro. A metáfora do tecer recolle o traballo colectivo das mulleres, sempre necesario para a vida e sempre esquecido ou invisibilizado. Empregamos o verbo tecer, xa no propio título deste volume, como unha homenaxe a todas esas mulleres que contribuíron á nosa cultura. Unha cultura chea de fíos, cores e teares. Unha cultura que, atravesada pola lóxica patriarcal, ocultou e restou valor á creación e ao traballo feito polas mulleres.

O proceso de recuperación e recoñecemento das contribucións das mulleres á cultura galega implica coñecérmolas. Coñecermos as protagonistas cos seus nomes e apelidos, coa súa vida. Tamén implica visibilizar e difundir a súa produción e presenza nos variados espazos e ámbitos do facer cultural. Con este obxectivo naceu o Álbum de Mulleres no ano 2005 da man da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega (CCG). Esta foi unha proposta web innovadora, pensada como un espazo de investigación sempre vivo e en constante actualización. Nos seus inicios contou co traballo dun grupo de mulleres entusiastas e comprometidas, autoras das primeiras biografías e compiladoras das primeiras

achegas documentais. Co seu bo facer foron quen de poñer os alicerces dun Álbum que foi crescendo ata contar hoxe con arredor de duascentas entradas. Unha das características máis importantes deste Álbum é o seu dinamismo, sempre en constante actualización, o que supón unha importante dificultade para ser trasladable a papel. Non obstante, optamos por asumir ese reto e ofrecer corenta entradas en formato impreso como homenaxe a todo o traballo colectivo destes anos a prol da difusión das achegas de mulleres nos diferentes campos culturais en Galicia.

Esas redes que comezaron o seu andar nos albores do século XXI permitiron coordinar especiais, cartografías e liñas do tempo, así como activar propostas de recuperación arquivística e documental. Co andar dos anos esa xanela de difusión medrou de xeito cualitativo e cuantitativo e converteuse nun centro de documentación dixital, orixe do actual Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF). Centro aberto á cidadanía que, a maiores das actividades dinamizadoras de debate e divulgación que realiza ao longo de todo o ano, desenvolve proxectos documentais. A súa páxina web é un espazo informativo e documental dixital en constante revisión e ampliación, con achegas hemerográficas como *A Saia*, arquivísticas como *Memoria en movemento* ou bibliográficas como *Sextina*, que, cada seis meses, dá visibilidade a libros, folletos e documentos pouco coñecidos dos feminismos en movemento en Galicia. O CDIF está sempre aberto a consultas e suxestións.

No ano 2020 nace o Álbum de Galicia, unha colección dixital do CCG para visibilizar as persoas que contribuíron de maneira significativa á sociedade galega. Este proxecto non podía esquecer as mulleres; polo tanto, o Álbum de Galicia incorpora as biobibliografías do Álbum de Mulleres. Malia ser conscientes de que isto poida restar certa accesibilidade, tamén sitúa as mulleres, como creadoras, en pé de igualdade.

A proposta que agora tes nas mans, froito da colaboración do CCG coa Deputación da Coruña, participa dese espírito colectivo do Álbum de Mulleres. Eliximos corenta biografías, unha por cada ano que o CCG leva pulando pola nosa cultura. É unha escolma para espertar a curiosidade, para animar a coñecer máis da súa obra e legado. Para non sobrecargar a publicación decidiuse introducir un código QR para poder acceder á documentación, bibliografía e agradecementos de cada unha. Así, cada biografía permítenos acceder á entrada no Álbum. Tamén é un xeito de dar un paseo por ese tecer colectivo que sustenta o proxecto.

Coa vista no futuro, agardamos que novos fíos agranden o noso tecido social e cultural. Tecendo xuntas, tecendo xuntas todas as teas.

**Carme Adán**

Coordinadora do CDIF  
Consello da Cultura Galega



## Corenta anos tecendo xuntas

No corenta aniversario do Consello da Cultura Galega era unha obriga homenaxear un dos proxectos de máis éxito e máis influente da historia da entidade: o Álbum de Mulleres. Facémolo con esta publicación, que recolle unha escolma de tantas biografías como anos, entre as ducias elaboradas ao longo deste tempo. Non era unha criba doada e decidimos optar por aqueles nomes, de distintas épocas e temáticas, que puidesen ser máis descoñecidos ou, tamén, que ficasen inxustamente ligados á parcial etiqueta de esposas ou exesposas de.

Temos o convencemento de que as persoas que formamos a sociedade actual debemos ser correa de transmisión entre as galegas do pasado e as da xeración futura, febra do nobelo que borda o relato da nosa historia.

O certo é que, ata datas recentes, foron mulleres, nomeadamente, as que mantiveron a memoria doutras mulleres a través do tempo. Ás veces con luz e taquígrafos, con escritos e publicacións, e outras nun segundo plano, traballando na posta en valor dos arquivos que atesouran a historia. Hoxe recuperámolas a elas a través de biografías como a de **Olga Gallego**, que recompilou as vivencias das ourensás do Antigo Réxime; a de **María Reguera**, afeccionada á paleografía e firme defensora das mulleres no ensino, ou a de **Teresa Vaamonde**, que ingresou no corpo archi-

vístico durante a II República e logo, durante a ditadura, viuse obrigada a renunciar ás ideas para non ter que renunciar ao traballo.

A través desta compilación facemos un pequeno percorrido pola historia das galegas que foron deixando semente de saber para quen viña detrás, á par que loitaban contra a invisibilidade das que as precederan: pioneiras nas letras como **Nicolasa Añón**, campesiña analfabeta que chegou a ver recollidos os seus versos nun libro; **Clara Corral Aller**, poeta que publicou en galego no século XIX, ou **Emilia Calé**, que nese mesmo século traballou como xornalista; tamén pioneiras nas artes plásticas como **Dolores Rodeiro**, tallista de imaxes relixiosas en madeira e primeira muller que obtivo unha bolsa da Deputación da Coruña en 1881.

A publicación pretende facer un repaso pola historia de mulleres precursoras en tarefas que encaixaban ben no rol que lles outorgaba a sociedade do seu tempo, pero tamén daquelas que romperon fronteiras nos ámbitos monopolizados por eles. Por exemplo na astroloxía, a través da inclusión de **Antonia Ferrín**; ou na arquitectura, coa de **Rita Fernández Queimadelos**, que tivo que vencer a oposición da sociedade misóxina pero tamén do seu propio contorno, en concreto do seu pai, que quería que fose pianista. As reticencias paternas foron vencidas, no seu caso, polas súas avoas. Que importantes as avoas!, as de sangue e as de xeración, todas as que nos abriron portas.

Outro ámbito en que as mulleres tiveron que saltar barreiras importantes foi o deportivo. E fixérono a través de figuras como a futbolista **Irene González Basanta** ou a xogadora de hóckey **María Antonina Sanjurjo**. Irene foi pioneira na práctica do fútbol, non só en Galicia, senón no mundo, nun tempo, os felices anos 20, no que se albiscaba unha liberdade que logo furtaría o franquismo. E tivo o dobre mérito de facelo sen ter unha boa posición económica. Como moitas veces ten contado a doutora María Victoria Martins, había que ter recursos para facer deporte, non tanto polo custo dos materiais ou os adestramentos como, sobre todo, pola falla de tempo de quen tiña que traballar para saír adiante ou empurrar a prole. Irene morreu case na indixencia, pendente de axudas. Doutro lado estaba Sanjurjo, integrante dunha familia con recursos e figura imprescindible na instauración do hóckey feminino en Galicia, que tantas mulleres, sobre todo da alta sociedade pontevedresa, practicarían.

A escolma non distingue clases sociais, nin tempos, e permítenos habitar mundos moi distintos ao noso, como o de **Constanza de Castro**, que en pleno século XV, cando nin América existía aínda para Europa, logrou exercer un importante dereito para as mulleres: a disolución do seu primeiro matrimonio. Sabemos que o persoal é político e, moitas veces, un paso individual fica convertido en parte da historia colectiva. Habería que agardar décadas para que outras mulleres como **Josefina Blanco** conseguisen beneficiarse da lei de divorcio. Ela disolveu o seu matrimonio con Valle-Inclán durante a II República, que foi, sen dúbida, un tem-

po de importantes avances en dereitos para as mulleres, malia as trabas mesmo de sectores que *a priori* podían parecer aliados.

Este paseo lémbra-nos a moralidade hipócrita que en todos os tempos cae sobre nós, como ben salientou no seu día a xornalista **Corona González**, ao minimizar a diferenza entre unha voda concertada por intereses económicos da familia e a prostitución. Nós fuximos dela, mesturando na escolla monxas e soldadeiras.

Aí está o relato de **María Balteira**, intérprete do século XIII que foi sometida ao escarnio por dez trovadores, incluído o mesmo Afonso X o Sabio, porque xacía con cregos, que non eran obxecto da mesma crítica. Falaban da súa vida sexual mais non da súa arte musical... Igual non avanzamos tanto paseando pola historia! A sona ou o desfrute, eterna escolla. Para nós, claro.

Coñecer nomes e historias anteriores ao século XIX é especialmente complicado, mais no percorrido que inician estas páxinas atopamos nomes como o da descendente de Constanza, **Rosa María de Castro y Centurión**, que, malia a comodidade da súa situación como integrante da nobreza, avoga xa no século XVII pola posta en marcha de políticas sociais e reformistas. Tamén os de **María Antonia Pereira de Andrade**, escritora mística e fundadora das Carmelitas no século XVIII, e **Ilduara Eriz**, nai de san Rosendo, que foi beatificado malia que tivo unha importante influencia na regresión feudal do papel das mulleres.

## A LOITA POLOS DEREITOS

Asistimos, en todas as épocas, á loita feminina pola conquista de dereitos malia as continuas trabas atopadas. Para avanzar, elas levan unha mochila ben pesada que os homes descoñecen. Atopar profesionais que deixan as súas carreiras cando chega a maternidade ou debido ao traslado profesional do home, sempre prioritario, é unha constante. Pero afortunadamente foron moitas as que combateron os hándicaps da inxusta escolla coa aposta polo feminismo, como **Carme Alvariño**, mestra comprometida tamén coa xustiza social e a innovación educativa; como a actriz **Manuela Rey**, de gran sona en Portugal, que en pleno século XIX liderou unha reivindicación salarial, ou como a empresaria **Rosalía Mera**. A compilación permítenos coñecer como afrontaron as mulleres tarefas parecidas no devir dos tempos; así, podemos ver en **Beatriz Benavides**, comerciante de panos do século XVI, unha sorte de antecesora da fundadora de Zara. É fermoso ver a conexión entre mulleres de distintos séculos, como a da anarquista **Rosa Bassave**, que se facía chamar María Balteira en honra á soldadeira medieval.

A escola é unha das principais ferramentas de loita en prol dos avances das mulleres. Varias das biografías do Álbum están vinculadas dalgún xeito á docencia, porque ademais era unha das poucas carreiras que nos inicios do acceso delas ás aulas se consideraba «adecuada para se-

ñoritas». Nós quixemos destacar aquelas que se involucraron na renovación pedagóxica, como **Concepción Ramón Amat**, pioneira no acceso á dirección; **Felicia Auber**, defensora da educación das mulleres; **Francisca Morlán**, que converteu a súa adega en aula durante a ditadura franquista, ou **Ángela Ruiz Robles**, que nesa mesma época deseñou maquinaria para innovar nos ámbitos da pedagogía e a didáctica.

Comprobamos nesta andaina como a prometedor primaveral da Residencia de Señoritas remata axiña e o golpe de Estado muda a liberdade da Institución Libre de Enseñanza polos cursos patrióticos. Mais nin nun tempo tan negativo para nós como foi o franquismo cedeu a loita. Coñecemos nesta compilación a historia de mulleres resistentes durante a ditadura, como **María del Portal Panisse**, boticaria que comercializaba anticonceptivos; **Concha Castroviejo**, que testificou a favor de Paco Comesaña, médico condenado a morte, e recolleu as súas lembranzas como exiliada no libro *Los que se fueron*; as irmás **Aurora e Manuela Liste Forján**, enlaces con persoas fuxidas e apoio solidario das que ficaron presas por cuestións políticas; **Nieves Fariza**, que defendeu os dereitos das viúvas dos *carrilanos*, ou **Hortensia Landeira**, que participou na loita clandestina do Partido Comunista.

Seguimos, tamén, a pegada das galegas polo mundo, paisanas nosas que acadaron proxección internacional pero que quizais non teñen recoñecemento dabondo aquí. Por exemplo, a intérprete **María Valverde**, que triunfou na ópera italiana e morreu no exilio americano a finais dos cincuenta; **María Tobío**, bibliotecaria e docente republicana tamén exiliada; **Pepa Noia**, unha das pioneiras do movemento bonaerense das Nais de Praza de Maio, ou **Jesusa Prado**, ourensá que colaborou coa Revolución cubana.

## SENTIMENTO NA ESCRITA

Nos textos de autores e autoras mestúranse, cos datos biográficos relevantes, as anécdotas máis humanas, como cando María Armesto conta a fuga da pintora **María Mazás**, con catro anos, para ir ver o mar abrazada á súa almofada. Hai, no Álbum de Mulleres, vidas unidas polas mesmas paixóns, como a escrita ou a pintura, pero usadas de formas tan múltiples como diversas somos as mulleres, aínda en tempos en que os espazos culturais estaban monopolizados por eles. Dos sombreiros de María pasamos aos cadros de labregas de **Concha Vázquez** ou ás imaxes relixiosas de **Dolores Rodeiro**.

Era tan necesario... Ou é dabondo coñecida Concha máis alá de Compostela e mesmo dentro dela malia que deu nome a unha sala do daquela Museo Municipal de Santiago?

O Álbum non só recupera biografías doutras mulleres, tamén cantigas —do día a día, da vendima ou da noite de Reis— e moitos outros saberes, na procura de que os pensamentos que fiaron antano cheguen

ata nós como o cobertor de memoria que teceu a nosa poeta para acubillarnos de tanto androcentrismo e tanto baleiro. E así, grazas ao esforzo de tantas mulleres de todos os tempos, evitase que as puntadas dadas polas mans facedoras que nos precederon acaben no esquecemento, que a súa memoria quede agochada no faiado como unha manta vella.

Nós bebemos delas, como elas beberon de Rosalía. **Francisca Herrera**, primeira académica electa da Real Academia Galega, aínda que nunca chegase a ingresar, coñeceu a Rosalía de nova e Murguía fixolle o limiar do seu segundo poemario. Así, a cadea foi enfiando elos. E Rosalía está, como están todas, aínda que non nos caiban.

Oxalá puidésemos recoller neste libro, coas corenta, a todas as que fican dentro e fóra do Álbum de Mulleres. Pero o importante é que crealo foi semente, exemplo de moitas outras iniciativas de recuperación da memoria, ademais de ferramenta imprescindible en múltiples actividades educativas, institucionais ou editoriais que quixeron contar a historia de Galicia con perspectiva de xénero.

As biografías son como fotografías vellas que necesitan un espazo que evite que fiquen perdidas nun caixón, que as faga lucir fermosas e que posibilite a súa transmisión de xeración en xeración.

Coidemos o Álbum de Mulleres! Axudounos, como unha escolma de vellas fotos, a coñecer o tempo en que esas vidas foron feitas e a percorrer outras épocas que resoan hoxe como o eco do pandeiro cadrado de **Maruxa das Cortellas**. Igual que nas fiadas todas tocaban, contemos todas, sigamos ocupándonos de recoller o relato doutras mulleres para avanzar no traballo inxente feito polas autoras —as máis— e autores que traballaron ata o de agora nesta imprescindible iniciativa do Consello da Cultura Galega. Fagámolo, non só para romper o silencio, senón tamén para acabar co relato pervertido sobre elas, que é o mesmo que coidar o relato que ficará sobre nós.

**Montse Fajardo**

CDIF

Consello da Cultura Galega





# Rosa María de Castro y Centurión

Madrid, 1691-1772

Imaxe: Natalia Fernández Devesa



## A traxectoria no poder dunha muller aristócrata da Casa de Lemos

No século XVIII o confinamento das mulleres no ámbito do privado afastabaas de calquera posibilidade de intervención pública no campo (socio)cultural, político ou económico da altura. No entanto, unha minoría de mulleres pertencentes á alta nobreza conseguiron articular mecanismos concretos para inhibir estas dinámicas de control da súa participación pública. Accedendo ao saber a través das bibliotecas particulares (xeralmente, as bibliotecas dos seus pazos ou as monásticas), estas mulleres levarían á práctica o seu coñecemento e participarían na vida pública a través dunha «estratexia de ocultación» que esixía que, en todo momento, a súa intervención fose «sutil» (esta actuación debía evitar a exposición pública, ou, en caso contrario, serían obxecto de escarnio e as súas iniciativas serían deslexitimadas *ipso facto*). Estas, ao manexaren con habilidade as regras do xogo social e xenérico da época, demostraban un poder implícito que as habilitaba para adoptaren decisións de peso en todos os ámbitos da vida pública. Forma parte deste grupo de «damas ilustres» (como a elas se referiu Otero Pedrayo<sup>1</sup>) Rosa María de Castro y Centurión, XII condesa de Lemos.

1 R. Otero Pedrayo (1990): «Prólogo», en G. Vázquez Rodríguez-Sueiro, *Historia de Monforte y su Tierra de Lemos*, Monforte de Lemos, Concello, p. 14.

Rosa María de Castro y Centurión nace en 1691; en 1741 herda oficialmente o título de condesa de Lemos e emerxe como a cabeza visible desta casa nobiliaria, que, vinculada profundamente a Galicia, camiñou en paralelo á súa historia. Pertencen á familia de Lemos outras figuras femininas con traxectorias singulares como a ficcionalizada e mitificada Inés de Castro ou Catalina de Zúñiga y Sandoval, VI condesa de Lemos, quen fundou e presidiu, en 1748, un dos primeiros salóns literarios do reino, seguindo o modelo das célebres *salonnières* francesas.

As posturas adoptadas pola XII condesa de Lemos ao longo da súa traxectoria pretendían a perpetuación e o fortalecemento da posición política e simbólica da familia de Lemos no reino. Precisamente, será a súa pertenza á alta aristocracia o que permitirá á condesa acceder ao posto de «camareira maior» da raíña. Este cargo, alén de revelar un importante capital simbólico (conferido, principalmente, polo feito de acompañar constantemente a raíña nas súas actividades diarias máis íntimas —o que comportaba unha relación de moita proximidade coa monarca—), funcionaba, como defende Norbert Elias<sup>2</sup>, como un verdadeiro cargo político, posto que era a camareira principal quen tiña a responsabilidade de decidir se aproximar ou distanciar unha determinada familia nobre da protección dos monarcas, e podía así contribuír a consolidar a situación de poder dos membros da súa casa, en virtude deste cargo político.

Un segundo tipo de intervención política da condesa centrarase na administración e xestión do patrimonio privado e público do condado de Monforte de Lemos. Contra a idea asentada na historiografía dunha alta nobreza galega profundamente absentista, Rosa María de Castro y Centurión, desde a súa posición privilexiada na corte, manterá un contacto continuo cos seus administradores galegos —como documenta a súa correspondencia—, aplicando, ao mesmo tempo, políticas sociais reformistas en favor do condado de Lemos, en coherencia co pensamento ilustrado da altura (como, por exemplo, o proxecto de renovar a actividade escolar do Colexio de Nosa Señora da Antiga —paralizada por causa do ditame de expulsión da orde dos xesuítas—, xunto coa loita emprendida por conservar a súa biblioteca).

Autoría: Lucía Montenegro  
DOI: 10.17075/adg.2009.22274

---

2 N. Elias (1974): *La société de cour*, París, Calmann-Lévy, pp. 69 e ss.



# Constanza de Castro

Alfoz, 1454 - Cospeito, 1485

Imaxe: Zelia García Parrá



## A filla rebelde do mariscal Pardo de Cela

A semellanza da do seu pai, a vida de Constanza de Castro é un mundo de incógnitas difíciles de resolver. Aínda así, abundan as certezaas que dela temos para lle facer un espazo na galería de mulleres singulares de Galicia.

Probablemente naceu no actual concello de Alfoz. Filla de Pedro Pardo de Cela, o mariscal, e de Isabel de Castro, era neta por vía materna de don Pedro Álvarez Osorio e de dona Beatriz de Castro, condes de Lemos, e bisneta do duque de Arjona. Foi descendente de reis, de mestre de Santiago, de condestable de Castela e do conde de Trastámara, así como parente do rei don Fernando e de Isabel a Católica.

Casou Constanza de Castro en primeiras nupcias con Galaor Osorio. O conde de Lemos refírese a el como primo na cesión que lle fai en 1460 da vila de Castro de Rei pola súa vida e a dun fillo, «en calidade de feudo e de servilo coa súa xente, para que casase con Constanza, filla de Pedro Pardo de Cela, e declarou Galaor que aos dous meses de casado llo volvería porque só se trataba de que casase con mellor partido», como informa Amor Meilán. Con todo, son moitos os autores que colixen que era fillo bastardo do conde e, polo tanto, tío da filla do mariscal. Sempre estará de parte do conde, mesmo en contra da causa do sogro, tal como aconteceu cando este apoiou a Fernán Díaz de Ribadeneira, home da súa

filla Beatriz, na construción do castelo de Sobrada de Aguiar, en Outeiro de Rei. Pola oposición do conde de Lemos, prodúcese unha loita armada na que o seu propio xenro fai prisioneiro ao mariscal. Nada se sabe da postura adoptada por Constanza, mais podemos supoñer as dificultades do seu matrimonio, que, pola vía que fose, se disolveu. O arquivo da Casa de Alba garda o testamento outorgado por Galaor Osorio en Ponferrada o 13 de maio de 1480, no que fai referencia á cesión que lle fixera o conde de Lemos das terras de Castro de Rei debido a que casara coa filla do mariscal e dá a orde de que, tras a súa morte, lle sexan restituídas ao devandito conde. Pardo de Guevara sinala a posibilidade de que, xa de idade avanzada, abrazara o estado relixioso na década dos noventa, porque un homónimo seu, vinculado á Casa de Lemos, figura como arcediago do Bierzo, na igrexa de Astorga.

En segundas nupcias Constanza de Castro casa co seu sobriño Fernán Ares de Saavedra. Este era fillo de don Ares Vázquez de Parga e de dona Constanza López de Saavedra, sobriña esta última do mariscal. Con el tivo unha filla, Constanza de Saavedra, que había casar con don Pedro de Miranda. Dela descende a maioría da nobreza galega.

Axustizado o mariscal o 17 de decembro de 1483 tras unha longa resistencia fronte aos mandados dos Reis Católicos, a súa dona, Isabel, e mais Beatriz, a outra filla, emprenderon toda unha serie de accións legais para recuperar os bens de que foran desposuídas. Dona Constanza decidiu apoiar o seu home e continuar a loita iniciada polo seu pai. Na torre do castelo de Vilaxoán, tamén chamado Caldaloba, na parroquia de San Martiño de Pino, resistiron o asedio de Diego López de Haro arredor dun ano. Cegados os mananciais que abastecían o castelo, beberon a auga contaminada dun alxibe e enfermaron todos. Dona Constanza morreu e Fernán Ares foi ferido pola pedra dun trabuco. El e os seus homes serían axustizados de non mediar Diego de Andrade. Como outros nobres galegos, salvou a vida a cambio de ir loitar contra os mouros en Málaga.

Cómpre non caer no erro bastante divulgado (por exemplo, nos perfís de Constanza de Castro publicados na Wikipedia ou en Pangalaica) de identificar a filla do mariscal cunha homónima súa e contemporánea, a beata Constanza de Castro, soterrada no convento de San Francisco en Viveiro. Esta estivo casada con Rui Díaz de Andrade, señor de San Panteleón das Viñas (Betanzos), morto na toma de Granada.

Autoría: Marica Campo  
DOI: 10.17075/adg.2010.22289



# Beatriz Benavides



Astorga? - Santiago de Compostela, século XVI

## Emprendedora e mercadora compostelá do século XVI

*En memoria da Dra. Serrana  
Rial García (1957-2012)*

Imaxe: María Presas

Non sabemos cando naceu Beatriz de Benavides, tampouco cando morreu. Sabemos, iso si, que en 1590 xa falecera e só podemos documentala entre 1554 e 1584.

Os datos sobre a súa orixe están lonxe de estar claros. Pódese intuír a súa relación coa familia Benavides de Astorga, con ramas en Ourense e Compostela nas primeiras décadas do século XVI. Isto situaría a na fidalguía mediana e recente, esa que foi medrando no servizo, na Administración e no comercio.

En 1554, Beatriz estaba casada con Francisco Correa, home que parece vinculado aos Correa de Portugal e aos Díaz de Guadalupe —sinaladísima parentela de médicos e boticarios de orixe conversa—. El dedicábase á recadación de rendas que señores e administracións sacaban a contrata e á importación de panos, que logo redistribuía pola terra de Santiago. Cando casa con Beatriz trae consigo dúas crianzas que tivera antes de casar con ela e produto deste matrimonio son outras seis.

Beatriz enviúva en 1559. Malia que en principio poderíamos pensar que ata ese momento a súa vida estivo principalmente orientada ao coitado das crianzas, como era habitual na época, algúns indicios apuntan que puido chegar a desenvolver algunha actividade comercial xunto co

seu home. Neste sentido, conservamos algún arrendamento de rendas outorgado conxuntamente e tamén unha escritura de obrigación de pagamento ao seu favor.

Despois de falecer Francisco, vemos emerxer a Beatriz nos documentos con maior claridade. Por unha banda, fíxose cargo de sacar adiante a familia: accedeu en 1562 á titoría das crianzas, outorgou xenerosos dotes ás súas fillas e fixo compras e contratos xunto co seu fillo maior, Xácome. Por outra banda, orientouse plenamente a administrar, controlar e xestionar os bens e negocios da parte que lle correspondía dos bens gananciais e tamén, por disposición testamentaria de Francisco, do legado das crianzas ata que tomasen posesión da herdanza paterna.

A *señora* Beatriz arrendou a recadación de rendas, aforou propiedades que logo cedeu a labregos e, como moitos investidores da terra de Santiago, tivo gando en parzaría. Con todo, a súa actividade principal parece que consistiu no comercio de panos. A súa preferencia era o trato de tecidos traídos de Castela: tafetá, *palmilla*, felpa, *pardillos*, sedas..., que revendía a axentes establecidos nas comarcas do rural compostelán; era, xa que logo, unha intermediaria neste comercio tan lucrativo. Parece que tamén tiña unha tenda aberta en Santiago, que serviría como centro de operacións do seu negocio. Nela concorriá, directamente, unha diversificada clientela que ía desde funcionarios e fidalgos ata o propio conde de Monterrei, que cando morreu deixou unha cuantiosa débeda.

Beatriz apoiaba o seu pequeno emporio no servizo de diversos criados, homes de confianza que recadaban as débedas ou a representaban ante os tribunais, seguindo o costume da época tanto entre os mercadores, que non eran capaces de viaxar tanto como quererían, como entre as mulleres, limitadas nas súas capacidades legais.

Pouco sabemos do seu xeito de facer negocios. Pódese documentar a venda de panos ao fiado a axentes distribuidores e o investimento dos rendementos derivados na compra de foros e censos sobre eles. Tampouco é posible saber se nestas aventuras mercantis asumía o risco a título individual ou en colaboración con outros investidores. Sobre isto último só conservamos o contrato pechado co seu futuro xenro, Xoán Díaz de Guadalupe, para a conformación dunha compañía ou sociedade comercial, que duraría catro anos e que tiña como fin principal sentar as bases económicas do novo fogar da súa filla, pois o capital inicial (1000 ducados) era empréstimo seu ao xenro, condicionado á duración do matrimonio. Xoán Díaz, mercador, disporía desa cantidade para comerciar con panos e outras mercadorías, devolvería os cartos e partirían a medias rendementos e perdas.

Esta *dueña viuda* foi investindo as ganancias en bens raíces, como era común na época. Unha parte delas foron aos dotes das fillas e outras produciron rendementos que a sustentaron na vellez e, logo, pasaron á súa descendencia. De feito, os foros e predios que se citan nos contratos

matrimoniais e nas escrituras familiares posteriores á súa morte son os que ela comprou en vida. Isto querería dicir que foi ela a que dotou a súa familia dunha herdanza inmobiliaria.

Estando enferma, en 1578 fixo o único testamento conservado, no que reparte os bens entre os seus fillos e fillas, deixa dádivas a criados e parentes e mellora ao seu fillo Xácome. En 1582, Beatriz de Benavides era unha muller de *más de media idade* e pouco despois pérdese a súa pista ata 1590, cando xa falecera.

É difícil establecer en que medida o percorrido vital da *señora* Beatriz é representativo ou se, pola contra, estamos ante un caso singular. As investigacións sobre esta cuestión amosan, sen dúbida, que nesta altura a actividade económica das mulleres fóra do fogar era habitual, tanto no caso das casadas como —e sobre todo— das viúvas, e que isto foi así sempre en Galicia e en todas as partes. A nosa documentación medieval e moderna é clara ao respecto, pois mesmo existen oficios —como o das candeiras da catedral de Santiago— que son exclusivamente femininos.

Así, con certa perspectiva, a singularidade deste caso residiría no feito de se tratar dun dos poucos que podemos documentar con certa claridade.

Autoría: *dehistoria*. Cultura. Historia. Patrimonio  
DOI: 10.17075/adg.2014.22609







# Ilduara Eriz

Portomarin?, ca. 886 - Celanova, ca. 958

## A condesa galega do alto Medievo

Imaxe: María Presas



Ilduara Eriz: unha das principais e máis cualificadas aristócratas da centuria do novecentos. Así é definida nos estudos que máis datos achegaron sobre a vida desta condesa dos séculos IX-X, que a presentan como a muller da aristocracia galega que conta co número máis elevado de noticias por ese tempo.

Ilduara Eriz naceu no seo dunha familia próxima ao poder. O seu pai, Ero, erixírase como conde en territorios lucenses a finais do século IX por mandato real e xunto con Adosinda, a súa nai, fora fundador do mosteiro dúplice de San Salvador de Chantada.

Arredor do ano 890 casou segundo a tradición visigótica co conde Gutier Menéndez (cunha cerimonia civil entre laicos onde o amor humano desempeñou un papel fundamental), o que trouxo como resultado a melloría nas xa boas relacións co grupo aristocrático ao que pertencía e coa monarquía, á que pasou a estar vencellada por parentesco.

Froito desta unión naceron dúas fillas, Adosinda e Hermesinda, e tres fillos, Munio, Rosendo e Froila. De entre todos eles destacou Rosendo, bispo da igrexa de Dumio e posteriormente santo.

Cun papel significativo na creación e evolución do patrimonio, Ilduara posuíu bens no Bierzo, León, Zamora, Lugo e na costa galega, así como, por unión marital, en Asturias, na zona lucense, na Galicia meridional.

nal e no norte de Portugal, o que lle conferiu unha visión do espazo rica en paisaxes e con diversas influencias, entre as que estaba o fronteirizo territorio árabe.

É destacable que entre as súas principais tarefas se atopaba a de ordenar e xestionar as actividades da casa, como viña correspondendo á muller medieval do seu tempo, se ben é certo que se ten a seguridade de que Ilduara posuía libros propios e, por tanto, capacidade de lectura, elemento que lle confería un carácter instruído e diferencial á vez que lle permitía garantir o control dos bens materiais.

Aínda que residiu algún tempo en Salas, na freguesía de San Miguel de Couto, distrito de Portugal, as súas residencias máis habituais foron Portomarin e Vilanova. No lugar de Vilanova (Vilanova dos Infantes) localizaron a casa-residencia principal da familia; alí fundou co seu fillo Rosendo o mosteiro de San Salvador de Celanova (centro monástico de primeira orde na Galicia do século X), ao que Ilduara doou parte do seu patrimonio. No documento de doazón figuran como testemuñas o propio rei, bispos, abades e as mulleres e os homes nobres máis importantes do momento.

A actividade de Ilduara no terreo relixioso foi tamén moi significativa. A súa formación cultural e o elevado patrimonio posibilitaron a fundación do mosteiro de mulleres de Santa María de Vilanova, totalmente apartado do mosteiro masculino de Celanova, como predicaba a reforma levada a cabo polo seu propio fillo san Rosendo, na cal as críticas aos mosteiros dúplices eran unha constante e na que se viña anunciando a regresión que sufriría a muller feudal nos séculos posteriores.

Ata ese momento, a capacidade de movemento da muller situábase nunha posición de equilibrio respecto ao home en cuestións como a herdanza e o matrimonio. Desde ese punto de vista, Ilduara Eriz puido gozar desta condición igualitaria ao longo da súa vida, malia que é certo que, chegada á viuvez, se retirou ao mosteiro feminino de Santa María de Vilanova, fundado por ela mesma e que actuaba como elemento de estabilidade patrimonial, acatando o novo modelo monástico que introducía a idea da muller como sexo débil e de mente inestable.

Foi enterrada no mosteiro de San Salvador de Celanova, ao que non puido acceder senón despois de morta, como así o establecía a norma, por petición do seu fillo san Rosendo.

Deixaba Ilduara a pegada dunha condesa do Medievo que ben podería representar toda unha elite da aristocracia feminina galega ata o século X.

Autoría: Eva Vieites  
DOI: 10.17075/adg.2007.22217

# María Antonia Pereira de Andrade



Fonte: CDIF (CCG)

Cuntis, 1700 - Santiago de Compostela, 1760

## Mística do século XVIII, fundadora do Carmelo compostelán

Fundadora do convento das Carmelitas Descalzas de Compostela a mediados do século XVIII, María Antonia Pereira de Andrade, coñecida tamén como «a monxiña do Penedo», encóntrase en proceso aberto de canonización desde 1988. Este proceso activou un dispositivo de compilación e estudo da súa produción escrita, emanado principalmente do seo da esfera eclesíastica.

A tipoloxía da produción sobre esta muller aglutínase arredor de estudos de corte biográfico encomiástico publicados desde o século XIX<sup>1</sup>, cuxa fonte máis directa é a súa *Autobiografía*. Porén, desde outras perspectivas, como a das orixes familiares<sup>2</sup>, o tratamento da súa vida singular inunda toda a produción vertida sobre ela debido ao atractivo que a súa traxecto-

1 J. A. Álvarez (1869): *Breve compendio de la vida extraordinaria [sic] de María Antonia del Señor.*, Madrid, Imprenta de La Esperanza; E. de la Virgen del Carmen (O.C.D.) (1948): *Compendio histórico de la vida de la M. María Antonia de Jesús, fundadora del Convento de las Carmelitas Descalzas de Santiago*, Santiago de Compostela, Imprenta y Enc. del Seminario; M. de la Cierva y de Hoces (1988): *La Madre María Antonia de Jesús C.D., fundadora de Convento del «Carmen de arriba» de Santiago, primera Fundación en el Reino de Galicia de monjas Carmelitas Descalzas de la Reforma de Santa Teresa de Jesús*, Pontevedra, Gráficas Ramiro Paz; J. Precedo Lafuente (1989): «María Antonia de Jesús, la monjita del Penedo», *Estudios Mindonienses*, nº 5, 821-836.

2 H. Picallo Fuentes (1999): «As orixes de M.<sup>a</sup> Antonia Pereira de Andrade, a "monxiña do Penedo"», *A Taboada*, nº 0, 60-70.

ria suscita. Este atractivo revélase tanto no feito de a súa vida considerarse romancística por ser muller casada e nai de dous fillos que se converte á vida relixiosa e conventual, principalmente por liderar un proxecto de fundación que comportou rixidas vicisitudes, como tamén por ser escritora mística reclamada por algúns autores para nutrir o canon literario galego cun posto recoñecido, situando como referente o lugar que santa Teresa ocupa no canon español. En palabras de Capón Fernández<sup>3</sup>: «llenar un vacío en la Literatura Gallega, carente de escritores místicos».

Descendente dunha familia vinculada consanguineamente con algunhas das casas nobiliarias máis potentes de Galicia e Portugal, mais entrada xa en decadencia, Pereira foi educada por unha tía que exercía a instrución doméstica para nenas. Despois de traballar no servizo de diversas casas en Tui, Compostela e Baiona e de vivir un matrimonio que non gozaba de pródigos recursos, sería determinante para a súa traxectoria o influxo dos sucesivos confesores ou «directores espirituais» que «a monxiña» tivo ao longo da súa vida.

Ela mesma desempeñou tamén a tutela doméstica, pois adoutrinou doncelas na moral cristiá e labores de man, profesou na orde carmelita e, igualmente baixo os estímulos dos confesores, elaborou o proxecto para erixir unha fundación en Compostela, que obtivo sólidas negativas dos máis altos cargos diocesanos, mais finalmente logrou a aprobación e axuda económica do arcebispo de Sevilla e outros financiamentos particulares, así como a obtención do permiso real en Granada, o que finalmente permitiría culminar o proxecto en 1758.

Diversas cuestións fican abertas co seguimento da traxectoria desta produtora, que serán abordadas como campos de pescuda específica: a) ser muller casada que ingresa nun convento, o que non era infrecuente para as mulleres de clase alta nesta época, senón outro «espazo feminino» de produción cultural aínda pouco estudado; b) as funcións sociais asumidas polos confesores e a cuestión da produción por encargo; tanto a *Autobiografía* como o *Edificio espiritual*, tratado de vida espiritual para morixeración das novizas, obedecían a unha finalidade común: instituír en Compostela un convento carmelitano, que ao mesmo tempo funcionaría como parte da estratexia da propia orde para lexitimarse dentro do conxunto de congregacións e garantir un conduto para o proxecto da santidad; c) en relación con isto último, o papel da beneficencia; d) o capital simbólico conferido pola cidade á orde —e non á inversa— e, ligado a todo o anterior, e) as loitas de poder e presións exercidas entre as ordes relixiosas para ocupar os postos de elite.

Autoría: Laura Blanco

DOI: 10.17075/adg.2009.22278

---

3 M. Capón Fernández (ed.) (1954): *Edificio espiritual*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, p. 9.



# María Pérez, a Balteira

Imaxe: María Esteirán



Armea (señorío da vila de Betanzos)?, século XIII

## Unha vida imprecisa entre a historia, a literatura e a lenda

María Balteira foi a máis soada das soldadeiras da nosa época medieval. As soldadeiras eran mulleres adscritas á corte que tiñan como oficio cantar e bailar e recibían por iso unha soldada, de aí o nome. Nas ilustracións do *Cancioneiro de Ajuda* aparecen danzando e tocando as castañolas ou o pandeiro na compañía do xograr, que tanxe unha guitarra ou unha viola.

Temos noticia da Balteira polas cantigas de escarnio que lle dedican dez trobadores, verdadeiro arquetipo do que na actualidade se denomina anti-retrato ou retrato descortés. Pedro Amigo de Sevilla e Pedro de Ambroa, betanceiros ambos os dous, Pero da Ponte e o propio Afonso X o Sabio son algúns dos autores que fixeron dela albo das súas burlas. Por eles, co seu exercicio de dobre moral, coñecemos unha muller paradigma de todos os vicios e transgresións que a época condenaba: boca xuradora; practicante do tiro con bésta en competición cos homes; xogadora de dados; trampulleira no xogo; libre no xeito de xacer con cregos, escolares, xogares etc.; transmisora de doenzas venéreas, e supersticiosa.

Como no caso das demais soldadeiras, non se fai ningunha referencia á súa arte. Eran tempos en que, teoricamente, a muller só podía elixir entre practicar o amor santo no claustro ou no matrimonio, lonxe do pracer, ou ser soldadeira para gozar malia entrar nunha certa marxinalidade. Isto explica a opción de María Balteira, que, sendo fidalga e posuíndo bens de

seu, elixe un oficio próximo á prostitución. Sábese que frecuentou as cortes de Fernando III o Santo e Afonso X o Sabio. Segundo as cantigas, participou nunha cruzada; non se coñece con certeza se a de 1248 ou a iniciada en 1269 por Xaime I de Aragón, pois Menéndez Pidal sitúa a viaxe arredor de 1257. Tamén dos textos medievais infire este a súa relación cos mouros da familia Beni Escallola, arraeces de Málaga, Guadix e Comares, que, apoiados por Afonso X, se rebelaron contra o rei de Granada. Aventura a tese que o Rei Sabio utilizaría a soldadeira para os seus fins políticos, pola especial proximidade que María Balteira mantivo con Fi de Escallola. Nese momento a muller di que descré do poder de excomungar de Roma para afirmar que só a Meca pode absolver. Mais, á fin da súa vida, o medo ao inferno lévaa a querer confesar sen conseguir outro arrepentimento que o da idade: «Son vella, ai capelán». Esta queixa, que Menéndez Pidal atribúe á Balteira, lévanos a considerar que el a identifica coa soldadeira María Leve da cantiga de Joam Vasques de Talaveira, identidade da que moitos estudosos, cando menos, dubidan.

Nada se sabe do lugar e a data da súa morte e soterramento. Hai un diploma de 1257, citado por Martínez Salazar, no que «dona María Pérez cede unha rica herdade da súa nai aos monxes cistercienses de Sobrado, a cambio dunha renda vitalicia que ha cobrar na súa casa de Armeá [sic] (Coruña). Dona María debe facer servizo ao mosteiro "así como familiar e amiga", e á súa morte os monxes levarana a Sobrado nun ataúde cuberto de tres varas de estanforte vermello, e daranlle dó cumprido de familiar», do que tamén informa Menéndez Pidal. Mais non se atopa ningunha referencia verbo de se, andando os anos, cumpriu ou non a devandita manda. Este documento dá conta tamén do propósito da Balteira de ir a unha cruzada.


Fica a dúbida sobre que datos das cantigas responden á súa auténtica biografía, porque estas son un tópicico literario no que conflúe a sátira dos autores co ánimo de facer rir, como afirman Sholberg e outros, lonxe dunha intención moralizadora. En todo caso, a visión que se nos ofrece responde ao imaxinario masculino da época, cheo de prexuízos machistas, oscilando entre a veneración ás santas e o vituperio ás soldadeiras, entre as *Cantigas de Santa María* ou as cantigas de amor e as obscenidades das de escarnio. Mais a lenda desta muller traspasa os séculos e segue inspirando autores e autoras dos nosos días que a ven como unha avanzada do *carpe diem*, leda e gozadora, e tamén como un ar de liberdade nas rixidas normas con que o sistema patriarcal marcou sempre o territorio feminino. Neles, renace outra María Balteira, como se a literatura, que antes a abaixou, a quixese rehabilitar agora e elevar á categoría de heroína patria. En todo caso, María Balteira é a excepción ou é a punta do iceberg dun conxunto de mulleres ousadas? Non se esqueza, de calquera xeito, que ela pertence a unha nación, Galicia, cunha marcada tradición artística feminina, desde as *puellae* cantoras ás que se refiren clásicos como Estrabón ou Silio Itálico ata, na continuación diacrónica, a «meniña gaiteira» de Rosalía de Castro.

Autoría: Marica Campo  
DOI: 10.17075/adg.2007.22188



# Nicolasa Añón Paz

Fonte: Herdeiros de Francisco Martelo Blanco



Boel (San Pedro de Outes), 1810-1887

## Unha labrega analfabeta, autora dun libro de versos no século XIX

Nicolasa Añón Paz naceu o 28 de febreiro de 1810 en Boel, aldea da parroquia de San Pedro de Outes, nunha familia de labradores acomodados (era a irmá maior de Francisco Añón, precursor do Rexurdimento). Ela mesma desempeñará toda a vida o oficio de labrega, ademais das típicas tarefas domésticas.

Casou con Pedro Buján Coiradas, un mozo de Pazos, da veciña freguesía de Santa María de Entíns (de onde tamén era oriúnda a nai dela). A voda celebrouse o 23 de xuño de 1829. Deste matrimonio naceron tres fillos: Jesús, Eduardo e José.

Sendo campesiña, e sobre todo muller, non estraña que Nicolasa Añón fose analfabeta, capaz de escribir o seu nome e pouco máis. Isto non impediu que en 1885, xa con 75 anos feitos, se recollese unha mostra dos seus versos nun libriño manuscrito. O amanuense foi o mestre Jacobo Lema Fernández, natural de Olveira (Dumbría), onde era párroco o fillo maior da poeta, Jesús Pazos Añón, quen debeu servir de enlace para esta conxunción entre autora e escribente. A poesía de Nicolasa Añón é claramente oral, ou memorística se se quere, aínda que a transmisión escrita sexa, loxicamente, a única que coñecemos dela.

O manuscrito (parcialmente inédito ata 2014) consta de catro composicións en castelán e outras dúas en galego, todas elas de certa ex-



tensión, organizadas en coplas romanceadas. A temática relixiosa, maiormente a dedicación á Virxe do Rial (venerada na freguesía de Santo Ourente de Entíns, no concello de Outes), plásmase na totalidade das coplas en castelán e mais nun dos textos en lingua galega; o outro poema galego trata da primeira visita do rei Afonso XII a Santiago de Compostela. Esta «labradora campesina», como se anuncia na cuberta da obra, lembráranos a miúdo a súa condición, a xeito de *captatio benevolentiae*, desculpándose por deixar de atender o gando ou a labranza por causa de imaxinar versos.

Ao ano seguinte, 1886, o xornalista noiés Lisardo Rodríguez Barreiro vai a Boel para coñecer a señora Nicolasa e deixa como testemuño deste encontro a reportaxe «La hermana de Añón». Ademais das impresións da viaxe e das conversas mantidas, o texto inclúe dúas composicións en galego que Barreiro consegue apuntar mentres Nicolasa Añón recita de memoria (mediando a seguinte advertencia: «Señor, non lle valen nada, porqu'eu maxinos así coma quen non quer a cousa, mentras debullo n'o millo ou acomerando as vacas»). Ambos os dous textos pasarán a ser os máis citados (por seren os máis coñecidos) nos poucos traballos que se ocupen posteriormente desta autora. Un deles, o romance dedicado a Afonso XII, tamén figuraba no manuscrito realizado no ano anterior; o outro, unha elexía a Francisco Añón, recollíase por vez primeira. O máis probable é que Lisardo Barreiro non tivese acceso ao manuscrito que copiara Jacobo Lema.

Na mañá do 1 de novembro de 1887, a consecuencia dunha pulmonía, faleceu no seu domicilio de Boel, na mesma casa onde nacera 77 anos antes. Da vivenda xenuína só fican as ruínas, parcialmente integradas nunha «nova» edificación onde figura unha placa que unicamente conmemora ao poeta Añón, aquel que deixou escrito:

*Desde estes montes qu'en pardas brétemas  
O triste inverno toldando está,  
Á ti d'a brisa n'as alas trémulas  
Ternos sospiros voando van.*

*iAy! iquen pudiera cal ceivo pájaro  
Ese azul puro d'o ceo rachar,  
Cimbrar á o vento con doce cántico  
Teu doce nome, querida hirmán!*

Seguindo o ronsel de Lisardo Rodríguez Barreiro, a singularidade desta poeta campesiña chamou inmediatamente a atención de Manuel Ossorio y Bernard (quen lle reserva unha entrada nun dicionario de escritoras españolas en 1890). Haberá que agardar á segunda metade do século xx para que volva difundirse a súa figura, en pequenos apartados

de traballos académicos ou nalgún texto divulgativo, baseándose sempre en última instancia nos datos achegados por Lisardo R. Barreiro e recuperados por Ricardo Carballo Calero, quen inclúe a Nicolasa Añón, «ao agarimo da sombra do seu irmán», na súa monumental *Historia da literatura galega contemporánea*. Tamén Xesús Alonso Montero redacta unha pequena entrada para a *Gran Enciclopedia Gallega*. Despois, as autoras que máis e mellor a reivindicaron, como arquetipo da poeta en circunstancias adversas, foron Xosefina López de Serantes, Carmen Blanco e Aurora Marco.

O corpus poético coñecido viuse notablemente incrementado no ano 2014, grazas a que o propietario do manuscrito (o finado Francisco Martelo Blanco) llo confiou á Asociación Cívico-Cultural Terra de Outes para levar a cabo a súa publicación. Desde agora este texto deberá ser tido en conta, na literatura en xeral, como un dos primeiros testemuños de «escritoras» contemporáneas.

Autoría: Ramón Blanco Fernández  
DOI: 10.17075/adg.2015.22615





# Felicia Auber



Fonte: arquivo de Rosa Aneiros

A Coruña, 1821 - Madrid, 1897

## Xornalista e escritora que defendeu a educación da muller no século XIX

Cuba. Década dos trinta do século XIX. Unha nena xoga no Malecón da Habana sen saber que, do outro lado do horizonte, se atopa A Coruña, a cidade en que naceu. A pequena Virginia Felicia Auber y Noya tecía palabras allea aínda ao peso da súa memoria. O seu pai, Pedro Alejandro Auber, un cabaleiro francés de notables coñecementos científicos chegado coas tropas napoleónicas, vírase obrigado a escapar de España por mor dunha das habituais persecucións ideolóxicas do século XIX. Tras unha breve estadía en Canarias, a familia Auber y Noya viaxou a Cuba. Alí, Auber foi nomeado en 1835 director do Xardín Botánico da Habana, debido ao regreso do anterior director, Ramón de la Sagra, a París. Felicia medrou nun ambiente alleo que o seu pai soubo humanizar a partir dunha educación plural e humanística. Foi precisamente grazas á súa habilidade coa tradución que publicou, aínda na adolescencia, os seus primeiros textos no *Diario de La Habana*. Felicia verteu do inglés e do francés pequenas pezas literarias. En 1843 fina o seu pai e Felicia comeza a súa propia produción literaria nas páxinas do xornal con *Un aria de Bellini*. A partir de aí, tanto no *Diario* primeiro como na *Gaceta de La Habana* despois, Felicia publicou nos seus folletíns, entre outras, as seguintes novelas: *Mauricio*, *Una deuda de gratitud*, *Los dos castillos*, *Úrsula* e *El castillo de la loca Teresa*. Entre 1844 e 1847 a súa obra literaria en prensa será fecunda.

Desde 1848, Felicia comprométese a escribir un folletín dominical baixo o título de *Ramillete Habanero*. Este folletín pasa en 1854 ao *Diario de La Marina*, o xornal de máis circulación e popularidade da Habana, fundado polo vigués Isidoro Araújo de Lima. Nel publicará non só estas páxinas senón diferentes novelas ao longo dos moitos anos en que colaborou coa cabeceira (*Ambarina, Un amor misterioso, Otros tiempos...*). Ademais destas colaboracións, queda constancia da participación de Felicia en *Floresta cubana* (1855) e nas cabeceiras da súa grande amiga Gertrudis Gómez de Avellaneda: *Ofrenda al Bazar* (1854) e o quincenal *Álbum de lo Bueno y lo Bello* (febreiro-agosto de 1860). Nesta publicación emblemática, Felicia colaborará desde o seu nacemento ata a súa fin con dous artigos cada mes e terá ao seu cargo a *Revista de Modas*. Ademais, escribirá en *Galicia, Revista Universal de este Reino*, a publicación coruñesa de Antonio de la Iglesia, entre 1861 e 1865. Os seus textos defenden a ilustración da muller, a igualdade intelectual co home, o coñecemento humanístico, a alta misión didáctica da escritora e a observancia dos valores morais e éticos do catolicismo, nunha visión da escrita entendida como arte utilitaria ao servizo, particularmente, das lectoras.

Felicia laiouse durante anos da súa imposibilidade de viaxar; non obstante, gabábase de coñecer as persoas porque —dicia— son iguais en todas as partes. En 1861 aínda se lamentaba desta inmovilidade, pero, segundo os redactores de *Galicia*, «aunque Felicia ama á Cuba como á una segunda patria, no olvida que nació en Galicia por la que pregunta siempre con interés, por cuya prosperidad forma sinceros votos, y á la cual no pierde la esperanza de hacer una visita larga y afectuosa». Non nos consta que chegase a realizar esta visita ansiada. En 1873, implantada en España a república, Felicia decide regresar a Europa. Vive primeiro en Milán e logo en París, onde residirá vinte anos, ata volver definitivamente, logo dunha ausencia de 65 anos, a se instalar en España. Estamos en 1893. Felicia continúa a ver reeditados os seus textos e envía colaboracións ao *Diario de La Marina* de Cuba, no que se convertera xa nunha autora de culto. Os últimos anos da súa vida pásaos en Madrid ata que morre en 1897, lonxe da terra que a vira nacer.

Autoría: Rosa Aneiros  
DOI: 10.17075/adg.2006.22124



# Clara Corral Aller



Fonte: CDJF (CCG)

Ourense, 1847 - A Coruña, 1908

---

## Unha das poucas voces de muller que publicou algún texto en galego durante o século XIX

Naceu en Ourense o 8 de xuño 1847 no seo dunha familia acomodada e con certa tradición nos oficios artísticos, como o demostra o feito de que sexa neta de Luís Corral Rodríguez, cantor do Nadal, e filla de Dimas Corral Rebellón, médico que deu ao prelo algún volume de poesías. É sabido que dúas das súas irmás, Rita e Consuelo, tamén escribiron, aínda que da segunda non conservamos na actualidade textos que o demostren. A primeira, Rita Corral, é mencionada por Couceiro Freixomil como cultivadora da escrita en galego, mais, desgraciadamente, non coñecemos probas. Os únicos textos, dous poemas, que dela se conservan foron recuperados por Aurora Marco de *Diario de Santiago*. Ten outro irmán, Dimas, que seguiu o oficio do pai, mais con dedicación no exército. Non é de estrañar, pois, que a cultura de Clara Corral fose cualificada de «pouco común».

Trasládase a vivir coas irmás a Santiago de Compostela en 1868 e comeza a dedicarse ao seu labor literario. Dela conservamos hoxe, basicamente, poemas aparecidos na prensa da súa época. O primeiro poema que dela coñecemos hoxe é «Á una flor», que o publicou no *Almanaque* de Soto Freire en 1866, cando tiña apenas 19 anos de idade. Estamos ante unha típica composición costumista que se podería inscribir no ronsel da temática «feminil» do momento, aquela da que tanto se afastou

Rosalía, que naquel momento estaba publicando, nese mesmo *Almanaque*, «El Cadiceño» e «Las literatas» (breves prosas que, como se sabe, conteñen, respectivamente, unha forte denuncia social da emigración e unha irónica reivindicación feminista).

Durante a década de 1870 son variadas as revistas en que publica Clara Corral poemas en castelán na liña de «Á una flor»: *Diario de Santiago*, *La Revista Compostelana*... Neles revélasenos como unha sobresaínte versificadora que fai, incluso, ensaios con novos metros. Con todo, cabe mencionar como especialmente salientables as tres composicións que escribiu en galego e que publicou en 1879 en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, revista que dirixía, na súa parte literaria, Manuel Murguía. Trátase de «O ben na terra», «Lonxe vai miña alegría» e «O día de San Antón». Son, como ben se pode adiviñar polos seus títulos, poemas de temática amorosa e elexíaca (o segundo), moi na liña da literatura romántica tardía da segunda metade do século XIX. Estes poemas foron reproducidos noutras publicacións como *O Tío Marcos da Portela*. Convértese así Clara Corral na segunda muller, da que temos hoxe noticias, que publicou algún texto en galego na historia da nosa literatura.

En 1884 trasládase a vivir á Coruña co seu irmán e a súa cuñada. Será sete anos máis tarde, en 1891, cando dea ao prelo o único volume que publicou en vida, *A Herminia* (1891), dedicado á morte da súa sobriña, co mesmo nome, filla da súa irmá Rita. Estamos ante poemas de tipo elexíaco e laudatorio. Hoxe temos tamén outro libro que recolle moita da súa poesía e que foi publicado en 1980 por un descendente seu, Dimas Romero Vázquez (*Poesías en gallego y castellano. 1847-1908*). Toda esta obra fixo que fose merecedora de cualificacións como a de ser unha das mellores poetas galegas, segundo a afirmación de Carballo Calero.

Aparece na listaxe de correspondentes da primeira nómina da Real Academia Galega en 1906. Falece na súa cidade de adopción o 9 de febreiro de 1908.

Autoría: Celia María Armas  
DOI: 10.17075/adg.2008.22257



# Emilia Calé Torres



Fonte: CDJF (CCG)

A Coruña, 1837 - Santiago de Compostela, 1908

## Prolífica autora e unha das primeiras colaboradoras na prensa galega do século XIX

Emilia Calé naceu na Coruña en 1837 e era filla de Francisco Calé de Orihuela e de Francisca Torres. Comezou a darse a coñecer como autora de artigos na prensa galega a partir da década de 1860 (a primeira participación que atopamos data de 1861 en *Galicia, Revista Universal de este Reino*). Logo de asinar varios poemas (e algunha prosa didáctica co pseudónimo *Esperanza*) en diferentes revistas, vai para Madrid, onde continúa o seu labor literario, mais esta vez publica tanto en revistas españolas como latinoamericanas e comeza a acadar certa sona nos ambientes culturais da capital española. De feito, nesta época convértese na anfitroia da sociedade madrileña Galicia Literaria (1871), que acollía na súa casa e na que participou activamente como fundadora xunto ao seu curmán Teodosio Vesteiro Torres. A Galicia Literaria pertenceron, entre outros, Francisco Añón, Curros Enríquez, Andrés e Xesús Muruais, Luís Taboada...

Emilia retorna á Coruña en 1875 e posteriormente casa con Lorenzo Gómez Quintero y Morado, xornalista e funcionario. Entre a súa descendencia cabe destacar a Emilia Quintero y Calé, quen acadou moita sona na súa época como unha reputada pianista. Por causa do traballo do seu home, vive en diferentes localidades españolas ata que definitivamente



retorna a Madrid. Foi distinguida como membro correspondente da Real Academia Galega na súa fundación (1906). Finou en Madrid en 1908.

É un caso excepcional de produción literaria para unha muller da súa época, pois participou en todos os xéneros literarios (conseguiu maior sona como autora de poesía; de feito, algunha das súas obras coñeceu máis dunha edición) e gustáballe frecuentar os ambientes literarios. Podemos sinalar, a este respecto, unha recensión da súa obra *Horas de inspiración* aparecida en novembro de 1867 na publicación pontevedresa *La Revista*. Logo de situala entre os nomes destacados dos autores de literatura galega (Rosalía, Murguía, Pastor Díaz, Pintos...), dise do seu libro que contén «escollidas poesías relixiosas, líricas e descritivas, que forman unha formidable reputación» (a tradución é nosa). Outra publicación súa, a obra teatral *Los lazos rotos*, acadou moita fama no momento da súa estrea, na Coruña en 1883. Trátase dun drama romántico, con ambientación en Madrid e Santiago de Compostela, no que se relata unha apaixonada e tormentosa historia de amor vivida no medio de azarosos sucesos tan dramáticos como inevitables.

Autoría: Celia María Armas  
DOI: 10.17075/adg.2007.22207



# Corona González Estévez

Fonte: somoscomarca.arua



A Rúa?, ? - Río de Xaneiro, 1963

## Articulista preocupada pola emigración e a educación das mulleres

Pouco se sabe da vida desta muller presente nas páxinas do semanario nacionalista *A Nosa Terra* (ANT) e nas da revista *Céltiga* na segunda metade dos anos vinte do século pasado. Nun momento en que as voces de mulleres nos xornais e revistas son moi escasas, por non dicir inexistentes, Corona González escribe varios artigos durante todo un lustro nos que aborda diversas temáticas. Dúas serán predominantes nos artigos publicados en *A Nosa Terra*: a emigración / saudade de Galicia e a necesidade da educación das mulleres. O respecto á diversidade, a denuncia das políticas desenvolvidas polos Estados Unidos de América, o antibelicismo, a importancia de que os e as galegas recoñezan o valor do propio e, de novo, a saudade das e dos emigrantes son cuestións que aborda en *Céltiga*.

Un dos datos que sabemos sobre a súa vida é que viaxaba moito. Isto permitiulle coñecer de primeira man a situación pola que atravesaban o gran número de galegos e galegas que se viron na obriga de emigrar durante o primeiro terzo do século xx. París, Londres, Weymouth, Río de Xaneiro, así como os vapores Arlanza e Itanagé, son algúns dos lugares onde asina os seus artigos.

As precarias condicións laborais e os abusos e vexacións aos que se somete a moitas e moitos compatriotas no lugar de destino son froito, se-

gundo Corona, da falta dunha educación que as e os prepare para se enfrontar á complicada realidade con que se ían atopar alén mar. Os artigos «Para os da terriña», «Saudades» e «A bordo do Arlanza», publicados en *A Nosa Terra* entre 1926 e 1929, son tres exemplos claros desta fonda preocupación: «O noso mal e a falta de instrución; debíase castigar aos pais, obrígal-os a dar instrución a seus fillos conforme a súa posición, eso sería o úneco medio de que respetasen os galegos, é moito triste ver a forma como os tratan lá. Da pena a chegada de un vapor cando comezan a desembarcar todos suxos cuase sen roupa, e a mayor parte sen saber ler. [...] mais d'aquiles que chegan. ¡Cántos morren esmagados xa pol-a fame xa pol-os desgostos e contrariedades! ¡poucos voltan!» (ANT, 1/11/1926).

O segundo tema ao que a nosa autora dedica varios artigos é a necesidade de que as mulleres teñan acceso á educación regrada. Considera que moitos dos problemas das mulleres do seu tempo derivan da falta desta. Un bo número das súas apreciacións son claramente pioneiras nesa altura, e máis aínda dentro do nacionalismo galego, movemento moi refractario aos avances feministas que percorren Europa e Estados Unidos naquel entón. O emprego habitual na súa linguaxe de «homes e mulleres», «fillos e fillas» e «nenos e nenas» reflicte xa unha sensibilidade especial e moi innovadora na época. No artigo intitulado «Pr'os pais que tein fillas» afirma o seguinte: «É necesario insinarlle a traballar, pra ser independente, e facerlle comprender que non é necesario o casamento, nen ser monxa, pra ser feliz n'este mundo. Só pode adequerir a súa independencia por medio do traballo, e o día que as nosas mulleres podan gañar a vida independentemente, sin precisar de ninguén terán independencia de carauter, e poderán casarse, ou non, sin ter medo a quedar solteiras, pois non precisan de un que as manteña» (ANT, 1/4/1927).

Foi Corona unha muller con carácter e valentía para chamarlles ás cousas polo seu nome e para sinalar a enorme hipocrisia social existente ao redor de moitos temas: a borrosa fronteira que separa un matrimonio de conveniencia dunha muller que exerce a prostitución; un asasinato legalizado ao abeiro da guerra doutro feito en tempos de suposta paz pero con moitas máis razóns do seu lado; un roubo cometido por unha traballadora explotada do roubo da patroa por esixir moito máis traballo polo mesmo salario, etc.

Sobre a vida de Corona apenas temos datos fiables. Con ocasión desta biobibliografía, por un achado casual, vimonos na obriga de revisar as fontes empregadas, ata o punto de ter que pór entre interrogantes algunhas afirmacións que aparecen en traballos anteriores sobre esta muller.

Adóitase situar o nacemento de Corona na Rúa, interpretación que deriva dos datos que aparecen na súa primeira aparición pública en *A Nosa Terra*: unha carta dirixida ao administrador de *Lar*. Emporiso, non conseguimos documentación ningunha que poida acreditar isto de for-

ma irrefutable. Si podemos confirmar, grazas á información achegada por Xesús González Gómez en 2018, que Corona González Estévez, protagonista desta entrada biobibliográfica, non é a mesma muller que, con igual nome e primeiro apelido, casara con Ramón González, conselleiro delegado do Banco Español del Río de la Plata.

Agardemos que investigacións posteriores e máis detalladas nos permitan botar algo máis de luz sobre a vida e a obra desta galega.

Autoría: Noa Ríos  
DOI: 10.17075/adg.2018.22240



# Francisca Herrera Garrido

Fonte: *Vida Gallega*, ano XII, nº 159 (1920)



A Coruña, 1869-1950

## **Autora da primeira novela en galego asinada por unha muller e pioneira en *Nós* e na RAG**

Francisca Herrera Garrido naceu na Coruña o 6 de marzo de 1869 no seo dunha familia de clase media acomodada. Foi a menor dos cinco fillos que tiveron Josefa Garrido Matos e Manuel Herrera Hernández. Recibiu unha educación conservadora e fondamente relixiosa, axustada á propia das señoritas da época. Comezou a ler cedo e, sendo adolescente, con apenas doce anos, coñeceu a obra de Rosalía de Castro, que a marcaría como escritora.

O pasamento do seu prometido pouco antes da voda e o da súa nai en agosto de 1909 explican que se trasladase a Madrid para vivir cunha das súas irmás, Enriqueta, viúva desde 1908. A partir dese momento, as dúas pasan os veráns e as vacacións de Nadal en Galicia, entre A Coruña e Oleiros. Será aquí onde Francisca Herrera escribirá o groso da súa obra. O seu primeiro poemario, *Sorrisas e bágoas*, apareceu en Madrid en 1913, cando tiña 44 anos. Trátase dun tomo de 249 páxinas que reúne 51 composicións poéticas, todas elas en galego. Pouco despois, en xaneiro de 1914, a poeta preséntase ante a sociedade coruñesa nun recital organizado na sociedade Reunión de Artesanos, no que sería presentada cun eloxioso discurso pronunciado por Manuel Casás.

En 1915 aparece a súa segunda obra poética, *Almas de muller... ¡Volallas n'a luz!*, cun pequeno prólogo en castelán de Manuel Murguía, quen destaca o feito de o volume tratar da vida afectiva das mulleres do campo galego.

Catro anos despois, en 1919, aparece *Frores d'o noso paxareco*, o seu último libro de versos, publicado no suplemento «¡Terra a nosa!» do xornal *El No-roeste*.

Un ano despois publícase a que a crítica considera a súa grande obra, a novela *Néveda* (1920), a primeira narración extensa asinada por unha muller nas nosas letras. No número inicial da revista *Nós*, na sección «Os homes, os feitos, as verbas», atopamos unha pequena recensión da novela, supoñemos que da autoría de Risco, na que se fai fincapé na riqueza lingüística do texto e na súa modernidade. No sétimo número da publicación, na mesma sección, será Philéas Lebesgue quen se ocupe dela nunha breve nota intitulada «En col de *Néveda*».

Francisca Herrera Garrido é a primeira muller en participar na revista *Nós* e a única que repite colaboración, xa que atopamos a súa sinatura nun total de tres ocasións, algo insólito na revista. En agosto de 1921, no sexto número, asina un longo ensaio titulado «A muller galega», no que defende apaixonadamente o amor maternal e a relixiosidade das galegas. Xusto catro anos despois, o 15 de agosto de 1925, aparece na citada revista a noveliña «A neta da naipeira», un relato de corte costumista protagonizado por unha viúva e as súas cinco fillas, e o Día de Galicia de 1931 publícase o poema «A nosa nai Galiza».

En 1922, na editorial Céltiga, Herrera Garrido publica *A y-alma de Mingos*, e tres anos despois, en Lar, *Martes d'antroido*. Ese mesmo ano 1925 prologa unha edición de *Cantares gallegos* e *El Diario Español* de Bos Aires premia o seu traballo «Rosalía de Castro. Su obra poética».

En marzo de 1936, pouco antes do inicio da Guerra Civil, preocupadas pola situación, a escritora, de case 70 anos, e mais a súa irmá abandonan definitivamente Madrid e refúxianse en Galicia. Perden nestes anos a maioría das súas posesións e recursos económicos e viven grazas á axuda de amigos e familiares. A partir deste momento, Herrera Garrido, conservadora e católica, pon a súa pluma ao servizo da causa franquista. Xesús Alonso Montero comentou con acerto unha carta a Philéas Lebesgue datada o 16 de abril de 1937 na que a coruñesa describe a súa situación e as súas crenzas. «*Laudatio* do franquismo e *execratio* da República e da Fronte Popular», en palabras do comentador. Que se saiba, nunca volveu publicar en galego. As colaboracións en prensa son, a partir de entón, maioritariamente en verso, en castelán e comprometidas coa causa franquista.

O 4 de marzo de 1945, a Real Academia Galega elixe a muller número un e convértese así na primeira muller en acceder a un cargo deste tipo. Ilusionada, redacta decontado o seu discurso sobre Rosalía de Castro e os poetas «de raza», texto que nunca chega a ler, pois morre na Coruña o 4 de novembro de 1950, poucos meses despois de que Antonio Couceiro Freijomil, encargado de dar resposta ao seu discurso de ingreso, entregase o seu texto na Academia.

Autoría: Patricia Arias Chachero  
DOI: 10.17075/adg.2021.23717

# Concepción Ramón Amat

Fonte: arquivo de José Luis Rodríguez-Portugal Maceda



Tarragona, 1895 - Ourense, 1991

## Pioneira na dirección dunha escola de Maxisterio mixta na democracia

Entre as especialidades que se adquirían na Escola de Estudos Superiores de Maxisterio na formación inicial do profesorado, Concepción Ramón, a diferenza da súa amiga Antonia Ortiz e do seu futuro marido, Manuel Maceda, que elixen a inspección, optou pola docencia. Formou parte da promoción de 1915 a 1918.

Chega ao seu destino na Escola Normal de Ourense en 1920, despois dunha breve interinidade en León. Casa pouco despois. Concepción Ramón e Manuel Maceda van ocupar un importante lugar no comezo da II República, ao ser elixida ela, o día 12 de maio de 1932, para dirixir a Escola de Maxisterio, unha vez fusionadas a de mestres e a de mestras, e ao ser el nomeado inspector xefe. Ábrese un tempo de aposta pola democratización da Escola Normal e da Inspección coa formación dun novo profesorado de primaria e coa implantación do Plan Profesional, de catro anos de formación. Durante o primeiro bienio republicano, os retos principais de Concepción na dirección da Escola Normal son: a apertura da escola á sociedade mediante actividades de extensión cultural, a colaboración entre a Normal e a Inspección para seleccionar o novo profesorado da República e a planificación dunha formación permanente. Son dous anos de intensa actividade do matrimonio que van durar ata o 15 de marzo de 1934, cando ela é substituída por Vicente Risco e el por Antonio



Couceiro Freijomil. Isto dá idea da implicación de persoas relevantes da cultura galega neste labor.

Centrándonos na etapa 1932-1934, atopamos en Concepción Ramón unha pioneira no acceso á dirección dun centro de formación superior; a primeira, probablemente, en todo o Estado español. Ademais dos múltiples traballos de xestión que lle encomendou a República para a creación dun novo modelo de profesorado destinado a transformar a escola pública, a directora estivo moi implicada na formación permanente de docentes e na súa propia actualización pedagóxica. Do tempo en que foi directora salientamos como iniciativas compartidas coa inspección: clases complementarias de idiomas, música e cultura xeral, abertas á poboación de Ourense (durante os cursos 1932-1933 e 1933-1934); curso de perfeccionamento en aspectos teóricos e metodolóxicos (maio de 1933); exposición de traballos escolares e material de ensino (maio de 1933); curso de técnicas de traballo escolar (marzo de 1934); Semana Pedagóxica de Ribadavia (marzo de 1934).

Non consta militancia política ningunha de Concepción Ramón; pola contra, o seu marido foi un dos referentes do PSOE na provincia de Ourense, o que lle custaría unha suspensión de tres anos en 1936.

Coa chegada ao Goberno da Fronte Popular, observamos novamente o seu papel na dinámica renovadora da escola pública e o perfeccionamento pedagóxico. Pódese salientar a colaboración na Casa do Mestre de Ourense, apoiada por 11 inspectores, polo profesorado da Normal e mais por 400 mestres. Concepción Ramón foi a responsable da Comisión de Iniciativas, que, no curto período da súa existencia, conseguiu organizar conferencias e exposicións de materiais escolares. O máis salientable foi a festa infantil de maio de 1936, con máis de 2500 nenos e nenas que iniciaron desde entón un proxecto de intercambio e correspondencia. Tamén participou, en xuño, na Misión Pedagóxica de Freás de Eiras, na que se inaugurou un moderno grupo escolar construído polo emigrante Rogelio García Yáñez.


En novembro de 1945, sepáranse novamente as escolas de mestres e de mestrás, que reciben os nomes Padre Feijóo e Concepción Arenal, respectivamente. Nese momento, Risco trasládase a Madrid e, no seu lugar, Concepción Ramón volve dirixir a Escola Normal de Mestras Concepción Arenal. Esta nova etapa esténdese ata o curso 1964-1965, momento en que de novo se produce a fusión nunha única Escola Normal, que vai ser dirixida por Concepción. Tamén ela vai ser a promotora da construción do novo edificio de Maxisterio no barrio da Ponte, inaugurado o 28 de agosto de 1961.

Autoría: Xosé Manuel Cid Fernández  
DOI: 10.17075/adg.2012.22342



# María Reguera

Imaxe: Xabier Ramos Vieiro



Santiago de Compostela, 1756 - Madrid, 1824

## Activista a prol da universalidade da educación

María naceu en Santiago de Compostela en xullo de 1756. Os seus pais, Antonio Reguera y Mondragón —médico do cabido— e Tomasa Leal, pertencían á pequena fidalguía establecida nas vilas e que exercía profesións liberais. Tiveron outros dous fillos: José Ramón —falecido nas Indias— e Tomás —que seguiu a carreira do pai.

A traxectoria vital de María deixa ver que recibiu unha educación esmerada. Era, sen dúbida, unha muller de ideas claras e forte personalidade. Casou tarde para a época (1788) e cun home recoñecido polas súas conviccións ilustradas, Manuel Freire Castrillón. Os dous compartían o credo liberal baseado na educación, a felicidade e o progreso.

Nos anos anteriores ao seu matrimonio, María vivía en Lugo, onde participaba activamente no debate social sobre a necesidade de mellorar a educación. Alí implicouse no traballo que desenvolvían o bispo Juan de Armanyá e o seu provisor, o doutor Juan Antonio de Castro, na promoción de tres novas escolas (dúas de nenos e outra de nenas) para a cidade.

Este pulo á educación tiña na agrupación local da Real Sociedad Económica de Amigos del País o seu principal puntal como pioneira na posta en marcha de escolas e métodos educativos. Nestas entidades asociativas era onde se debatían as iniciativas que buscaban a renova-

ción intelectual, económica e mesmo política do reino, pero nelas as mulleres non eran aceptadas de bo grado. As *bachilleras*, como eran denominadas despectivamente as implicadas na Ilustración española, tiveron que loitar por lograr un espazo e non o conseguiron ata 1787, cando se autoriza a afiliación de mulleres ás reais sociedades económicas. María Reguera non foi admitida na Real Sociedade de Lugo, pero permitiuse-lle a lectura dun discurso en 1788; nel facía unha acendida defensa da educación (de nenos e nenas) como instrumento único capaz de xerar «ciudadanos útiles y aplicados».

Casou en Santiago por esas mesmas datas, o que leva a pensar que había unha afinidade ideolóxica co seu marido, Manuel Freire, membro da burguesía urbana. A parella asentouse en Santiago, onde tiveron os seus fillos: Antonio, José, Joaquín, Fernando e Jacobo.

Nada máis sabemos da súa vida ata os seus últimos anos, pero coñecemos a traxectoria do seu home, un dos primeiros xornalistas galegos. El experimentou unha conversión ideolóxica singular: deputado nas Cortes de Cádiz polo distrito de Lugo, abandonou o credo liberal para abrazar o ideario conservador. Deixou as Cortes e volveu a Galicia para converterse no máis relevante e incendiario defensor das ideas ultramontanas: chegou incluso a delatar ilustrados e afrancesados e mesmo foi detido polos franceses e estivo preso no castelo de Santo Antón.

Non sabemos como viviu María este cambio ideolóxico e esta vida azarosa, pero os datos dispoñibles dan a entender que, en certa medida, ela compartiu as posturas de Manuel.

Ela e os seus fillos fixéronse cargo en Santiago dos negocios familiares a partir de 1820, cando o Goberno liberal levou a Manuel ao exilio, onde faleceu; sufriron as represalias do novo Goberno, cuxos partidarios causaron importantes danos no seu curtidoiro de Vidán e confiscaron os seus bens. Malia que á volta do réxime conservador reclamaron indemnizacións e propiedades, parece que a familia nunca se recuperou do golpe. Todo induce a pensar que a familia marchou a Madrid, onde un dos seus fillos se establecera como funcionario do Ministerio de Facenda.

A lectura da súa obra deixa clara a súa afección á paleografía —consonte as novas tendencias historiográficas— e o seu sentir sobre a educación. Xustifica a intervención do Estado como garante da súa calidade e da súa utilidade para a formación da cidadanía; resalta o seu valor para xerar o progreso e a felicidade das xentes, e defende o coñecemento das escrituras antigas e a necesidade de mudar as vellas letras —caóticas e difíciles de ler— para mellorar o ensino e a administración dos negocios e do Estado. Nas súas propias palabras: «Con la educación lograréis todo; sin la educación que conseguiréis? Nada».



# Ángela Ruiz Robles



Fonte: Museo Pedagóxico de Galicia

Villamanín, 1895 - Ferrol, 1975

## Mestra exemplar, escritora e inventora no eido da didáctica

Pouco se sabe dos primeiros anos de vida de Ángela Ruiz Robles. Naceu no concello de Villamanín, provincia de León, no ano 1895, froito do matrimonio de Elena Robles, ama de casa, e Feliciano Ruiz, militar. Probablemente cursou os seus estudos superiores na Escola Normal de Mestras e Mestres de León. Neste mesmo centro impartirá as súas primeiras leccións a partir do curso 1915-1916.

Entre as materias das que con seguridade foi docente na Escola Normal atópanse as de Taquigrafía, Mecanografía e Contabilidade Mercantil; as dúas primeiras foron ao longo da vida de Ángela Ruiz Robles obxecto de estudo e reflexión continua. Deste xeito, mellorar as prácticas e a metodoloxía de ensinanza nos ámbitos da taquigrafía e da mecanografía resultou ser o xermolo de boa parte da súa produción bibliográfica posterior.

Antes de chegar a Galicia aínda tivo unha estadia intermedia en Górdon (León). Aquí foi nomeada mestra directora da Escola por acordo unánime da xunta municipal do Concello do 16 de abril de 1917. O antedito centro escolar era sostido daquela grazas ás axudas da cunca mineira de Santa Lucía.

Só foron uns meses o tempo que Ángela Ruiz Robles permaneceu na vila leonesa xa que na convocatoria de 1918 obtivo praza de mestra co

número dous das oposicións para o Maxisterio Nacional. Neste mesmo ano incorpórase ao seu destino na escola da parroquia de Santa Uxía de Mandiá (Ferrol).

Houbo de quedar bo recordo da súa estadia en Mandiá xa que, segundo unha noticia recollida en *El Ideal Gallego* (18 de decembro de 1925), Ángela Ruiz, logo de levar dez anos [sic] á fronte da escola «realizando un magnífico labor», obtivo o recoñecemento público dos veciños. Estes remitiron unha instancia colectiva, ao abeiro da xunta local e das autoridades, para solicitar «unha distinción oficial polos seus indiscutibles méritos». No mesmo artigo afirmase que a súa dedicación docente chegaba ao punto de, logo de pechar a escola, visitar moitos fogares da parroquia «para poñer leccións desinteresadamente».

O día 12 de outubro de 1929 pronunciou unha conferencia en Ferrol que se titulaba «Historia Patria de la Raza», recollida en distintas novas de *El Correo Gallego*, *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego* do 16 e 17 de outubro. En setembro de 1934 noméana rexente da Escola Nacional de Nenas do Hospicio de Ferrol.

Así transcorren os anos, nun quefacer monótono, tenaz e magnífico a prol da educación. Ata aquí a vida e obra de Ángela Ruiz Robles transcorreu polos vieiros da normalidade, a non ser polo seu indubidable interese polos asuntos sociais e a súa concepción ampla de miras da profesión que sempre exerceu: o maxisterio. Pero en breve tempo chegaría un momento clave, o primeiro *annus admirabilis*, 1938. Este ano publica os seus tres primeiros libros: *Compendio de ortografía castellana*, *Ortografía castellana* e *Taquigrafía martiniana abreviada moderna*. Entre 1938 e 1946 edita e reedita a meirande parte da súa produción escrita, en total dezaseis obras. Debe incluírse na nómina, por alusións a el en correspondencia persoal, o libro *Prácticas telegráficas marítimas*, a pesar de non ter constancia fidedigna da súa edición.

Durante estes mesmos anos Ángela Ruiz impartía clases particulares a opositores de Aduanas, Correos e Telégrafos; así mesmo, preparaba o exame de ingreso ás Escolas de Altos Estudos Mercantis.

A súa vida docente complétase co seu labor futuro (entre 1945 e 1975) como profesora e directora da Escola Obreira Gratuíta, do Instituto Ibáñez Martín e da Academia para adultos Elmaca de Ferrol. Neste sentido, a carreira profesional de Ángela Ruiz Robles foi recoñecida co ingreso na Orde Civil de Afonso X o Sabio, coa categoría de Cruz (22 de setembro de 1947); a imposición realizouse con todo o boato no salón de actos do Concello de Ferrol (19 de xullo de 1950).

Por outra banda, cómpre comentar que a súa constante inquedaanza didáctica e pedagóxica levouna a camiñar pola senda da inventiva. Neste eido, practicamente ermo en canto á presenza de mulleres españolas ata a década de 1970, Ánxela deseñou a máquina taquimecanográfica, un mapa e atlas lingüístico gramatical e unha enciclopedia mecánica, cos

que obtivo abondosos recoñecementos e premios nos certames organizados nas cidades de Zaragoza, Xixón, Barcelona, Madrid, París e Xenebra.

Finalmente, Ánxela Ruiz Robles foi, desde xuño de 1959, xestora delegada da Agrupación Sindical de Inventores Españois (ASIE) en Galicia e, desde setembro de 1973, xefa provincial da Federación Politécnica Científica da Inventiva Internacional. A base fundamental do seu traballo profesional radicou sempre na necesidade vital de innovar nos ámbitos da pedagogía e da didáctica.

Autoría: Luis Valle Regueiro  
DOI: 10.17075/adg.2007.22179



# Teresa Vaamonde Valencia

Ourense?, 1898 - ?

## A bibliotecaria e o Cristo crucificado

Imaxe: Teresa Navarro



Teresa María Vaamonde Valencia naceu o 24 de xullo de 1898. Estudou Filosofía e Letras e licenciouse na especialidade de Historia. O 22 de outubro de 1932 ingresou por oposición no Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos (CFABA) e o seu último ascenso antes da guerra tivo lugar o primeiro día de xaneiro de 1933. Traballou na Biblioteca Pública de Palencia. Máis tarde atopámola na Biblioteca Universitaria de Granada, onde solicita o cesamento por traslado, a través dunha permuta, o 14 de decembro de 1935. Ocupaba o posto 265 no número xeral da escala. Non está confirmado, mais semella que o seu seguinte destino foi a Biblioteca Pública de Xaén, ata que en 1939 —agora si con plena seguridade— aparece traballando no Arquivo da Delegación de Facenda das Palmas de Gran Canaria. Non estamos en condicións de asegurar se este último destino foi produto dalgunha represalia, dados os seus antecedentes familiares, pois un método punitivo moi común foi o traslado de bibliotecarios cara aos arquivos (eliminando así as ansias socializadoras da lectura que amosaban algúns deles) e o envío «a provincias», algo considerado dentro do CFABA como unha deshonra. Do que si estamos seguros é do pesadelo que padeceu Teresa Vaamonde cando, a principios de outubro de 1939, deu comezo o seu expediente de depuración.



Ata ese momento todo parecía discorrer con normalidade. Do expediente redactado polas autoridades republicanas, co inicio da sublevación, unicamente apareceu a instancia en que Teresa solicitaba o reingreso no corpo tras o cesamento xeneralizado de todos os funcionarios decretado ao estalar a guerra. Nada máis permaneceu do chamado «expediente rojo», polo que, nun principio, a bibliotecaria nada tiña que temer. Despois de finalizar a contenda, no novo expediente —o franquista— aparece recollido un informe favorable asinado por «D. D.G. Rojo», é dicir, don Diosdado García Rojo, funcionario na Biblioteca Nacional, así como a declaración xurada de Teresa na que afirma que, cando solicitou o seu reingreso ás autoridades republicanas, o fixo «por las circunstancias económicas [e] para solventar el sostenimiento de mi hija y el mío, ya que mi marido se abstuvo desde el comienzo de ayudar al gobierno marxista». A bibliotecaria ourensá confirma na mesma declaración a súa militancia na Confederación Nacional do Traballo (CNT) desde o 15 de marzo de 1937 («no ocupando ningún cargo directivo») ata decembro de 1938. E aclara: «Voluntario nada».

O problema xurdiu axiña. O 4 de outubro de 1939 o xuíz instrutor Gómez del Campillo informa a Miguel Artigas que ten probas de «que la funcionaria facultativa D<sup>a</sup> Teresa María Vaamonde Valencia presentó [anos atrás] una denuncia contra determinado funcionario del entonces Ministerio de Instrucción Pública por tener en su despacho una imagen del Santo Cristo de Velázquez». De ser isto certo, tal denuncia debería figurar no «expediente de depuración de la interesada». Así, deus comezo a cazaría.

Mentres agardaba por algúns datos que puidesen aclarar quen era aquel funcionario, Gómez del Campillo iniciou as súas investigacións e solicitou ao director xeral de Seguridade que informase sobre o ficheiro persoal de Teresa e varios compañeiros máis. Posteriormente, o día 3 de novembro púxose en contacto co gobernador civil de Xaén para solicitar noticias «acerca de la conducta política, social y moral» da bibliotecaria, que, como lembra Gómez del Campillo, «durante parte del periodo rojo y algún tiempo después de la liberación ha estado adscrita a la Biblioteca pública de esa ciudad». Ao día seguinte, o instrutor facía o propio co arquivero da Delegación de Facenda da cidade andaluza, nos mesmos termos que co anterior, mais engadía que tamén precisaba coñecer o «concepto que personalmente le merece la funcionaria facultativa».

Dous días máis tarde, o 6 de novembro, Gómez del Campillo contactaba con Marcelino de Ulibarri, xefe da Delegación do Estado para a Recuperación de Documentos, situada en Salamanca, e manifestaba: «Hoy vuelvo a molestar su atención interesando informes masónicos y políticos sociales» de Teresa Vaamonde e sete compañeiras máis, así como seis auxiliares. Tamén foi requirido para que informase o xefe da Biblioteca Pública de Palencia, Ramón Revilla y Vielva.

Gómez del Campillo estaba agardando por todas aquelas peticións cando coñeceu os detalles da presunta denuncia realizada por Teresa. Os feitos, segundo o investigador, ocorreran o 4 de febreiro de 1933 e o prexudicado era «el meritisimo funcionario de ese Ministerio [de Instrucción Pública] D. José Garzón y Carmona». Mal pintaba o panorama para a bibliotecaria, pois «es suficiente demostración de su sectarismo que justifica la propuesta que tengo el honor de elevar a V.I. [Artigas] para que la Sra. Vaamonde sea incluida en el apartado b) del artículo 5º de la Ley de 10 de febrero de 1939». Así foi.

Unha orde do Ministerio de Educación Nacional asinada por Ibáñez Martín o 28 de novembro declaraba retido o 50 % do haber mensual de Teresa Vaamonde e permitíalle continuar prestando servizos no seu destino. O expediente de depuración da bibliotecaria co «conforme» do ministro regresou ás mans de Gómez del Campillo o 1 de decembro de 1939 para que proseguise o proceso.

Teresa, mentres, continuaba o seu labor no Arquivo da Delegación de Facenda das Palmas de Gran Canaria. A Lei do 10 de febreiro de 1939, pola que se fixaban as normas para a depuración dos funcionarios públicos, obrigaba a escoitar os investigados e a entregarlles os cargos que había contra eles para que puidesen responder no prazo de oito días. Gómez del Campillo, con moito traballo por diante, quixo aforrar a viaxe ás Canarias e encomendou a tarefa ao delegado de Facenda nas Palmas. Por fin, o primeiro día de febreiro de 1940 e tras arduas investigacións contra Teresa Vaamonde, Gómez del Campillo elevou os seus razoamentos e as súas propostas ao director xeral de Arquivos e Bibliotecas, Miguel Artigas.

O xuíz instrutor confirma que o único cargo contra Teresa é a presunta denuncia realizada pola bibliotecaria contra aquel funcionario, xefe da Sección de Arquivos, o 4 de febreiro de 1933, «por hacer caso omiso de las disposiciones laicas de la República, exhibiendo encima del sitial de su despacho oficial, un Cristo crucificado». Teresa nega absolutamente os feitos e Gómez del Campillo só pode opoñer a subxectiva opinión da «carencia de sentimientos religiosos y católicos» da bibliotecaria. A argucia do xuíz vén motivada polos informes favorables á ourensá, tanto de Palencia como de Xaén, así como pola falta de certificados que puidesen involucrar a Teresa por parte da Auditoría de Guerra ou da Delegación de Recuperación de Documentos. Con todo, Gómez del Campillo continuou considerando a Teresa Vaamonde culpable e recomendou a súa inclusión no apartado d) do artigo 9º da Lei do 10 de febreiro, ou sexa, responsable e implicada nunha actitude antipatriótica e contraria ao Movemento Nacional. O xuíz aconsellou que Teresa fose sancionada coa prohibición de solicitar cargos vacantes durante dous anos. O Ministerio accederá á recomendación de Gómez del Campillo. A resolución

asinada polo ministro Ibáñez Martín o 2 de febreiro de 1940 aparecerá publicada días máis tarde.

Non importaba que, como neste caso, a sanción resultase leve. Teresa Vaamonde Valencia, irmá de represaliados, quedaba así marcada de por vida.


Autoría: Francisco Xavier Redondo Abal

DOI: 10.17075/adg.2016.22622



# Olga Gallego Domínguez

Fonte: Arquivo da Real Academia Galega



Ourense, 1923-2010

---

## Arquiveira, docente e historiadora, membro da Real Academia Galega e presidenta de ANABAD-Galicia

Nacida o 8 de decembro de 1923 na cidade de Ourense, estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, en 1955 ingresou por oposición no Corpo de Auxiliares de Arquivos, Bibliotecas e Museos e en 1958, no Corpo Facultativo de Arquiveiros, Bibliotecarios e Arqueólogos. Tratábase dunha das poucas profesións que lle permitían a unha muller obter independencia económica e acceso ao coñecemento, investigación e desempeño de cargos de certa responsabilidade. Foi destinada ao Arquivo da Delegación de Facenda e Biblioteca Pública de Vigo e logo ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense, que dirixiu durante vinte anos (1969-1989). Faleceu en Ourense o 4 de setembro de 2010.

A súa bibliografía arquivística é extensísima e versa sobre documentos, arquivos, sistemas arquivísticos e patrimonio documental, organización e descrición, acceso e difusión de arquivos, e formación de especialistas. Neste último campo exerceu o seu maxisterio sobre varias xeracións. As súas publicacións sobre organización de arquivos históricos provinciais, documentos de arquivo e agrupacións de documentos, así como os seus manuais de arquivística e de arquivos familiares, son fitos fundamentais e de referencia para profesionais da arquivística no conxunto do Estado. Desde 1974 mantivo unha estreita colaboración intelectual con Pedro López Gómez, con quen comparte a autoría de numerosas obras.

A súa produción diversificase en estudos sobre libros e bibliotecas, clero secular e regular, ciencias médicas e farmacolóxicas, sociedade, economía e administración, arte e urbanismo, arqueoloxía e museoloxía, biografía, historia e historia local, especialmente sobre Ourense e a súa provincia. O seu estudo sobre as mulleres ourensás no Antigo Réxime demostra que foi capaz de realizar investigacións que enlazan con liñas e preocupacións actuais, como as de xénero. A súa última achega sobre a comarca da Limia constitúe o peche de ouro das súas investigacións.

Este perfil intelectual complementábase cun modelo de comportamento caracterizado pola laboriosidade no traballo cotián; a xenerosidade no recoñecemento de colaboradores e colaboradoras; a honra aos seus predecesores, como Xesús Ferro Couselo, e a ética cidadá de colaboración desinteresada con institucións culturais (como a Fundación Penzol; a Fundación Otero Pedrayo, da que formou parte do seu Padroado, e o Museo, a Biblioteca Pública e o Arquivo Diocesano de Ourense) e asociacións e grupos de traballo (como o Grupo Marcelo Macías, do que foi presidenta; o Grupo de Arqueiros de Galicia; ANABAD, e ANABAD-Galicia, da que tamén foi presidenta).

Os seus méritos foron publicamente recoñecidos pola Real Academia de la Historia, que a nomeou correspondente (1980); pola Real Academia Galega, pois foi a primeira muller que accedeu a esta institución (1986), e pola ANABAD. Recibiu o Premio Trasalba 2008 da Fundación Otero Pedrayo, o Lazo da Orde de Afonso X o Sabio, a Medalla de Prata de Galicia, a Medalla Castelao e a Medalla de ANABAD.

Autoría: Pedro López Gómez  
DOI: 10.17075/adg.2015.22658



# Maruxa das Cortellas



Imaxe: Pablo Quintana

Cortellas (Soutomaior), 1931-2013

## Unha das últimas grandes tocadoras de pandeiro cadrado do país e figura clave na recuperación dos estilos interpretativos arcaicos

María Grande Sobral, Maruja da Cregha ou, máis recentemente, Maruxa das Cortellas, naceu no ano 1931 na aldea de Cortellas, parroquia de San Salvador, do concello de Soutomaior.

Como tantas das mulleres da súa xeración, Maruxa dedicoulles gran parte da súa vida aos traballos do agro, da casa e da familia. A pesar da enorme dedicación e esforzo que estas tarefas lles esixían ás mulleres na sociedade tradicional, as súas ocupacións nunca lles impediron sacar tempo para aprender todo o relacionado coa música de tradición oral, a columna vertebral da vida na aldea.

En Cortellas de Soutomaior, a música de tradición oral acompañaba todos os momentos da vida. Así é que en Cortellas se conservaron cantares relacionados co ciclo anual, como o romance *Vamos pastores, vamos*, que era interpretado por un bando veciñal na véspera e no propio día de Reis. Tamén coñecemos un bo número de cantares sen función específica, melodías con ritmo de valse cantadas durante a vendima, para transitar polos camiños ou para amenizar as tarefas domésticas.

---

Nota: Todas as citas transcritas a partir de testemuñas orais foron extraídas dos arquivos de Arredor da Tradición (20/05/2017), da Asociación Cultural e Folclórica O Fiadeiro (1998), de Felisa Segade e Montse Rivera (28/10/2001) e de Guillermo Ignacio (28/01/2006).

Con todo, se nun sitio a música era a protagonista é na fiada, nome con que se refiren ao baile comunitario nesta zona xeográfica.

Estas fiadas, os bailes do tempo de Maruxa, comezaban na época de esfollar o millo, no mes de outubro, e prolongábanse durante os meses de Santos, decembro e xaneiro para divertimento da veciñanza. Estas xuntas facíanse xoves e sábados no cuberto dalgunha casa, nun alboio ou nun baixo. Calquera sitio lles servía de acubillo para facer a festa. En Cortellas houbo moitas, como nos conta a propia Maruxa: «Na casa de Valentina, na casa nova, naquel cuartiño na planta baixa. Nun alboio alá enriba na casa da "Xoubeira", alí si que se facían boas fiadas! Na mesma casa onde vive hoxe Alicia mais Tina, na casa "do Mocho". Aquí nunha casa pequeniña que hai aquí, que é a casa do Ramón [...], que estaba libre. Na casa que era de Aldina, antes de caer [...], naquela casiña que tiña unha parede polo medio, nos deixaban desfacer a parede e facíamos alí a fiada...» (1998).

No inicio da tempada de fiadas xuntábase todo o bando de dezaseis ou dezasete mulleres, vellas e novas, para preparar o lugar. Facían un palco, «dúas caixas ao mellor enriba de dúas táboas», e adornábano todo de mimosas, xestas floridas e camelias «pa' dar bo olor á casa para que ao entraren se mirasen aquelas flores bonitas». Nos días *extremados* —Ano Vello, Ano Novo, Nadal ou Reis—, a casa das fiadas engalanábase aínda máis e os adobíos aparecían tamén na porta. Facían un arco con paus rodeándoa, todo cheo de flores. Como di Tina «do Mocho», veciña de Cortellas e compañeira de Maruxa: «aínda levábamos o noso traballiño!» (Lorenzo Alonso, 2017).

Pero non só era cousa das mulleres a tarefa de preparar a casa da fiada, elas tamén eran as responsables de subiren ao palco para pór música ao baile. Para facelo organizábanse en quendas de catro ou cinco mulleres, que tocaban un único pandeiro —que era de uso comunal—, unhas cunchas e dúas ou tres pandeiretas —tamén comunais—. Con esta formación botaban un baile completo: xota, ribeirá... Tocaban de pé e todas tiñan que facelo, porque quen quería bailar tiña que tocar polo menos unha vez cada noite. Desta forma, todas as mulleres da comunidade debían saber tocar. Logo disto era o momento de remudar; o traballo estaba feito e xa podían baixar a bailar, que era o máis interesante da noite, xa que o momento do baile era o máis propicio para que mozos e mozas se relacionasen. Era habitual que, logo de bailar un par de veces na fiada, os mozos namorasen a súa parella durante unha tempada antes de prometerse oficialmente para despois casaren. Por esta razón, era importante que os homes buscasen a diversión fóra da súa aldea e chegaban a visitar tres ou catro fiadas diferentes cada semana. Era unha maneira de evitar a endogamia.

«Ata As Cortellas chegaban mozos do Cabalo, da Pena, de Moreira, de Nespreira, de Reboreda...». As mulleres non tiñan este privilexio. Elas

habían de permanecer sempre na súa fiada, salvo no tempo de Entroido, que tiñan licenza para visitar as fiadas da contorna.

A importancia do baile comunal de Cortellas radica —alén do interese etnomusicolóxico e etnográfico do conxunto de saberes patrimoniais que recorda a veciñanza, que é moito— na conservación do pandeiro cadrado dentro da formación instrumental das fiadas. Este instrumento resulta ser un dos máis senlleiros da nosa música de tradición oral. Isto non é estraño, se temos en conta que atopamos noticias do instrumento xa desde o século XII e que estas se prolongan ata o século XX a través das fontes documentais e da iconografía. Podemos ver pandeiros cadrados en tímpanos e capiteis de igrexas románicas de toda a Península, mais tamén no *Libro de buen amor* do Arcipreste de Hita, nas crónicas das festas do Corpus celebradas en Santiago de Compostela no século XVI, en sainetes de Ramón de la Cruz no século XVII, en tapices feitos por Ramón Bayeu para a Casa Real no século XVIII e mesmo nuns apuntamentos etnográficos escritos por un xuíz andaluz —Nicolás Tenorio— destinado na terra das Frietas nos albores do século XX.

Porén, a realidade que permaneceu na tradición oral do país a mediados do século XX era moi diferente á das fontes. Ata este momento, todas as mulleres de Cortellas sabían cantar, tocar e bailar. A música, como vimos, era a peza indispensable para que se puidesen facer os bailes, a única diversión para a veciñanza xunto coas romarías e as festas patronais das parroquias lindeiras. Neste tempo, o da xeración anterior á de Maruxa, moitas das veciñas de Cortellas sabían tocar o pandeiro —«Valentina do Louro, María, Aldina...»—, e as das aldeas próximas tamén: «tocaban un pouco aquí en Aranza, tamén alí abaixo en Soutomaior-e...» (Grande Sobral, 2006). Unha vez mortas esas mulleres, a transmisión do pandeiro declarouse en perigo de extinción. Nos anos corenta chegaron novas formas de ocio máis urbanas, e a mocidade cambiou o pandeiro e as pandeiretas das fiadas pola pantalla do cinema. Así se lamentaba Maruxa deste feito: «As que tocaban, máis ou menos da miña idade, non aprendeu ningunha. Non quixeron aprender. Eu si. Pero aquí non hai nada, as veciñas novas xa podían aprender-e e tocar-e o pandeiro» (2001).

Neste preciso momento é cando cobra unha importancia vital a figura de Maruxa, pois foi a única muller da súa xeración en recoller este legado centenario. Foi, por así dicilo, a última mohicana. De non ser por ela, esta tradición non tería chegado ata nós. En moitas das entrevistas que lle foron realizadas xorde a seguinte pregunta: «Maruxa, a vostede quen lle ensinou a tocar o pandeiro?». E ante esta cuestión ela sempre contestaba, divertida: «A min non me ensinou ninguén. Cando íbamos pr'a fiada, santábanse as vellas nas casas que se facía o seránhe e i-eu tamén estaba alí de rapaza, pequena claro, ao mellor tiña dez anos ou doce pero xa me puxaba aquilo. E i-elas, cando había moitos mozos, ningunha quería tocar-e. Todas querían: "Ai aquel mozo, ai aquel que ghuapo é", pousaban



o pandeiro e contaban contos delas. Eu agharraba o pandeiro, e púñame a tocar-e. E aprendín así. Xa o digho moitas veces, aínda aghora, moitas veces estou aí na cociña a facer a comida e collo nunha fuente e toco, teño aquela lideira» (2001).

Grazas a esta lideira, Maruxa converteuse nunha das tocadoras de pandeiro máis espectaculares do país, xunto coa gran Concha Luis Seoane, do Canizo (A Gudiña). Maruxa desenvolveu unha técnica interpretativa a dúas mans: sostén o instrumento na palma da man esquerda, apreixado cos dedos —que tamén tocan—, e apoia unha das esquinas no abdome, para repartir o seu peso. O instrumento cae lixeiramente cara a diante. Desta forma, a man dereita queda totalmente libre para desprazarse entre o centro do instrumento e as súas marxes, e conséguense así moitos matices tímbricos. Esta técnica a dúas mans coa dereita libre tamén é empregada por Concha do Canizo, quen, ademais, engade na man dereita a alternancia de golpes percutidos coa parte anterior (índice, corazón, anular e maimiño) e a posterior (polgar). Porén, a singularidade de Maruxa radica na intensidade con que percute no instrumento, na riqueza dos padróns que interpreta e nos debuxos rítmicos que logra facer dentro destes padróns a través da acentuación. O padrón rítmico con que acompaña a xota é do máis complexo que podemos atopar dentro do repertorio de pandeiro cadrado.

Por esta razón, a súa figura foi clave na recuperación dos estilos interpretativos arcaicos. A raíz das súas aparicións no programa *Luar* a finais da década dos noventa e da súa participación asidua nos seráns urbanos a partir desa década e ata o seu falecemento no ano 2013, xurdiu un grande interese no seu xeito de tocar o pandeiro. Daquela facíase un uso moi diferente do instrumento no contexto das cidades: os coros folclóricos e os grupos de música popular tocaban o que se coñece como «pandeiro de peito», cunha técnica e unha morfoloxía moi diferentes. Non obstante, Maruxa foi quen de ensinarnos que había moito máis e, devagar, fomos recuperando o xeito orixinal de tocar o pandeiro. Aínda que ela non tivo discípulos directos, o seu repertorio non caeu no esquecemento. Foron moitas as compiladoras que percorreron o país coa gravadora na man cazando os tesouros do noso patrimonio inmaterial e, grazas a elas e á boa disposición das veciñas de Cortellas, os seus cantares acompañados co pandeiro cadrado foron rescatados e reinterpretados por numerosas formacións.

Maruxa merece ser recordada como unha figura referencial para a nosa música de tradición oral.

Autoría: Xulia Feixoo  
DOI: 10.17075/adg.2018.22685



# María Valverde

Fonte: Arquivo da Emigración Galega (CCG)



Santiago de Compostela, ? - Montevideo, 1959

## A súa voz escoitouse nalgúns dos escenarios máis recoñecidos de Europa e América

María Valverde naceu na rúa Nova de Santiago de Compostela, cidade onde estudou piano no Conservatorio da Sociedad Económica de Amigos del País. Tivo como mestres a destacados músicos galegos como Leins ou Soler e desde moi cedo foi unha adiantada na música e fundamentalmente no canto, tanto que participou en diversos orfeóns da súa cidade, así como nos coros da catedral.

De moza foi para Madrid, onde se formou co músico José María Guervós y Mira, e decidiu continuar a súa formación de canto en Milán con Carlo Franceschi. Neste país entrou en contacto co senlleiro músico Arturo Toscanini, que comezou a ter unha grande admiración pola galega, á que dirixiu en varias ocasións, como no caso da representación da ópera *Nerone* en Turín. O seu debut foi no Teatro Social de Como, onde interpretou a Azucena de *Il Trovatore* de Verdi. Actuou tamén no Teatro San Carlos de Nápoles na ópera *Fedra* de Pizzetti.

Despois do éxito en Italia, viaxa por un bo número de países europeos como Suíza, Francia, Dinamarca, Suecia ou Portugal e percorre diversos escenarios españois. Confírmase como unha das mellores voces do lied e dá a coñecer con grande éxito a versión, musicada por Guervós, das *Rimas* de Gustavo Adolfo Bécquer. Pouco a pouco as cancións gale-

gas van sendo incluídas nos seus repertorios e os alalás son escoitados moi lonxe das fronteiras de Galicia.

En 1921 vai para Cuba, onde vivira e triunfara o destacado músico galego José Castro «Chané». María, nese tempo, actúa en diversos lugares da Habana e destaca a súa actuación no Teatro Nacional cun programa que incluíu numerosas cancións galegas.

No ano 1929 regresou a Galicia e seguiu a cantar nos escenarios da súa terra: Vigo, Lugo, Pontevedra, Ourense e Santiago. Durante a Guerra Civil, María estivo en Barcelona, onde seguiu a cantar, nese momento, para o reduto republicano que alí resistiu ata a fin da guerra. O avance das tropas franquistas fai que María se exilie, nun primeiro momento e como centos de republicanos máis, cara a Francia. Desde ese país vai a América na compañía do seu home, co que casara durante os seus anos de estudante en Madrid, o médico de Jaén Virgilio Garrido Fernández, discípulo de Ramón y Cajal e bo amigo de Lois Tobío durante o exilio. Así, o 15 de xaneiro de 1941 embarcan nun barco francés, o Alsina, con destino a América, e sofren a que se converteu nunha das travesías máis longas do exilio: o barco tivo que deterse en Dakar e estiveron cinco meses recluídos no campo de concentración de Kasba Tadla, en Marrocos. Desde este lugar saen no vapor portugués Quanza cara a Veracruz, onde desembarcan algúns refuxiados, así como en Cuba e Bos Aires. Finalmente, en abril de 1942, chegan cinco dos refuxiados do barco a Uruguai, entre eles María Valverde e o seu home. A parella instálase na rúa Pimienta de Montevideo, onde establecen unha sólida amizade coa familia Tobío, xa que Virgilio foi compañeiro de traballo de Lois Tobío nos laboratorios Hoffmann-La Roche de Montevideo.

No Río da Prata, María continúa as súas actuacións e inicia a súa etapa como profesora de canto, cada vez máis interesada pola canción galega e, en concreto, polas cantigas medievais, especialmente aquelas compostas polo rei Afonso X o Sabio. O Teatro 18 de Julio ou o Sodre foron algúns dos escenarios en que actuou en Montevideo. Nese país tamén colaborou nos ciclos Arte y Cultura Popular que organizaba María V. de Muller no Palacio Salvo, no Paraninfo da Universidad de la República, no Servicio Oficial de Difusión Radioelétrica ou no Servicio de Arte y Cultura do Ministerio de Instrucción Pública. María Valverde morreu exiliada en América a finais dos anos cincuenta.

Autoría: Nancy Pérez Rey  
DOI: 10.17075/adg.2006.22119

# María Manuela Rey González

Fonte: arquivo de Antonio Reigosa Carreiras



A Pradela (San Vicente de Trigás), 1842 - Lisboa, 1866

## A maior das actrices do teatro portugués de mediados do século XIX

María Manuela Ramona Rey González naceu en Mondoñedo, no lugar da Pradela, o 1 de outubro de 1842. Era a maior dos sete fillos que tiveron Andrés Rey Expósito e Francisca González.

Os datos da súa infancia son confusos. O autor do libro *Manuela Lopes Rey*, colección Os Contemporâneos, editado en Lisboa probablemente en 1867, supón que cando andaba polos catro ou cinco anos pasaría por Mondoñedo unha compañía dramática itinerante que se hospedaría na fonda en que traballaba a nai. A meniña conquistaría a estima dos comediantes e estes propoñeríanlle á nai que llela cedese en adopción.

O apelido «Lopes» que lle atribúen nesta publicación, ao entender da *Grande Enciclopédia Portuguesa e Brasileira*, era o da nai adoptiva. Dise tamén neste texto que aos seis anos xa andaba nos escenarios recitando versos e desempeñando pequenos papeis, e que aos oito representou na cidade de León a obra *O Gaiato de París*. A compañía entra en Portugal e actúa en Valença, Chaves, Bragança..., mais en Porto non ten éxito e disólvese. Sería entón cando o pai adoptivo viaxaría a Lisboa e levaría a Manuela canda si.

Non obstante, nuns artigos publicados no xornal *El Progreso* o 9 de outubro e o 19 de novembro de 1960 por D. Gamallo Fierros contradíse esta versión e afirmábase que Manuela andaría aínda por Mondoñedo aos

dez anos e que logo emigraría a Portugal. Álvaro Cunqueiro é da opinión de que puido ir para Lisboa como asistente con alguén da familia Barro de Viloalle.

Segundo o historiador J. César Machado, quen tivo a fortuna de asistir como espectador á súa estrea como actriz, Manuela Rey chegou a Lisboa en 1856. Acababa de facer os catorce anos. Fixo a súa primeira función no Teatro do Salitre o 8 de decembro dese ano, como parte dunha compañía española lírico-dramática e de danza, e representou en castelán un papel masculino no drama *El hijo del ciego*. A seguir actúa en Setúbal, fai probas para o Teatro de San Carlos e declama en español e portugués ata que certos membros do Consello Dramático consideran que a «hespanhola» ten algo; se cadra, un don. Duarte Cardoso de Sá dálle leccións de gramática e de lingua portuguesa.

Pouco despois de facer os quince anos, o 23 de novembro de 1857, comeza a súa excelente —aínda que breve— carreira no Teatro Nacional D. Maria II coa obra *A alegría traz o susto*.

Pouco a pouco vai gañando prestixio. En 1859 xa figura nunha listaxe de biografías de actores e actrices destacados de Portugal e Brasil que se ía publicar baixo o título *Galería artística*, da tripla autoría de Machado, Andrade e Ferreira. Neste mesmo ano, Manuela Rey lidera unha reclamación salarial ao solicitar un pago mensual de 72 000 réis, nómina moi considerable para a época e para ela mesma, tendo en conta que aínda era un proxecto de actriz.

De «ingênu»a, un papel en que non ten rival, pasa, a partir de 1864, a desempeñar outros máis importantes en obras como *Os Fidalgos do Bois Doré*, *Fogo no convento*, *Vida de um rapaz pobre*, *Nobres e plebeus...*, xunto a actores e actrices do renome de Rossa, Theodorico, Tasso, Emilia das Neves ou Soller.

Desde 1857 ata finais de 1865 representou numerosas obras, sempre no Teatro D. Maria da praça do Rossio, a maioría cun éxito rotundo, ata converterse na «maior de todas as nosas actrices románticas», ao dicir de Camilo Castelo Branco (1825-1890). Ao parecer era alta e elegante, de pé pequeno, ollos entre verde e azul, cabelo entre louro e castaño, fermosa —loura musa de escena—; un tipo de beleza e elegancia pouco visto. De ollar vivísimo, o leve encrespar da fronte, «a prega eloquente dos cantos da boca, o ar ora triste, ora inocentemente alegre, o aroma de juventude e de poesía, a forza e a graça daquele talento peregrino».

En 1865, o escritor dramático J. A. Correia de Barros e o xornalista Francisco Serra bátense en duelo por ela. Con todo, antes, moito antes, en Lisboa prendera insistente o rumor de que o rei Pedro V, antes de casar coa princesa Estefanía de Hohenzollern-Sigmaringen, sentira gran debilidade por ela e que mesmo tivera intención de condecorala coa Medalla da Orde de Santiago.

Hai referencias de que Manuela, ademais de actriz, é autora dalgunhas obras como a comedia titulada *A actriz* e o proverbio *Por este deixarás pae e mãe*, disque nun estilo elegantísimo. Atopáronse capítulos truncados de romances, e tamén cartas, escritos filosóficos e apuntamentos autobiográficos, nos que reflicte a sensibilidade dunha muller aflixida que se lamenta por non ter gozado da infancia, nin do afecto maternal, nin das alegrías do corazón, e ata reflexións arredor do feito de ser muller e a incomprensión dos homes: «Cegos que a não consideram como metade da sua alma senão como precisa á sua vaidade e aos seus caprichos [...] Para ao outro dia se afastarem d'ella como se desviaríam dun lamaçal, não se lembrando que dias antes eran elles propios que jubilosos se engolphavam n'essa lama».

O 4 de xaneiro de 1866 representou a obra *Un Cura d'Almas* e recitou o poema «Primeiros Amores» de Eduardo A. Vidal. O público asistente, ao vela pálido e con febre, asustouse. O 5 de febreiro deu un paseo polo Jardim da Estrela e ao regreso sentiuse peor. O día 8 encamou e o 24 a enfermidade que padecía agravouse. O 26, sobre as seis e media da tarde, morreu na súa residencia da praça da Figueira, 46, 3º andar, acompañada de amigas e amigos, poetas e actores.

Ao seu funeral, que tivo lugar na igrexa de San Domingos, asistiron numerosas figuras do teatro: escritores, actores e público. O seu corpo foi soterrado no Cemiterio dos Prazeres, no espazo reservado pola Asociación dos Socorros Mútuos dos Actores Portugueses. Acompañouna un cortexo fúnebre só superado en número de asistentes polo do rei don Pedro V e o do orador José Estevão. Matárona o tifo e unha curta e intensa vida chea de penalidades e mala saúde.

J. César Machado dixo dela que era «mulher lírio» e o seu mal fado quixo que o seu derradeiro recitado diante do público comezase así: «O lyrio desponta e cresce / á luz da manhã que assoma / tudo é viço e tudo aroma / n'aquella graciosa flor».

Autoría: Antonio Reigosa Carreiras  
DOI: 10.17075/adg.2017.22652





# Josefina Blanco Tejerina

Fonte: Revista teatral Los Cómicos (11/02/1904)



León, 1879 - Pontevedra, 1957

## Famosa actriz de teatro, casada con Valle-Inclán e importante colaboradora e difusora da súa obra

Josefina Blanco Tejerina naceu en León presumiblemente no ano 1879 e iniciouse na carreira teatral sendo nena, da man da súa tía, a tamén actriz Concha Suárez.

Ata 1896 representou, sempre con éxito de crítica, diversos papeis secundarios, pero a súa primeira grande oportunidade chegou en outubro dese ano, cando tivo que substituír a actriz principal na comedia de Benavente *Gente conocida*. A partir de entón, o seu nome aparece ligado a varias obras deste dramaturgo e, aínda que é difícil precisar a data, foi nos círculos teatrais de Ceferino Palencia e María Tubau onde coñeceu a Ramón M<sup>a</sup> del Valle-Inclán, cando este tentaba abrirse camiño como actor. Ambos actuaron xuntos en *La comida de las fieras* (1898) ou *Los reyes en el destierro* (1899), pero mentres o escritor quedou afastado da escena tras a perda do brazo esquerdo, os seguintes pasos de Josefina Blanco consagrárona como actriz, especializada no papel de inxenua, con traballos nas máis importantes compañías do momento.

En 1905, Josefina actúa por primeira vez nunha obra de Valle-Inclán representando a Florisel de *El marqués de Bradomín*. *Coloquios románticos* e será notablemente eloxiada pola crítica. Pouco a pouco vai obtendo papeis protagonistas. En 1906, cando se atopa nun momento crucial da súa carreira, emprende, xunto con Valle-Inclán, unha viaxe a Canarias coa



compañía de Ricardo Calvo. É durante esa xira cando ten lugar a famosa anécdota do encerro da actriz, tradicionalmente atribuída á negativa do escritor a que Josefina formase parte da representación de *Mancha que limpia*, de Echegaray, se ben a documentación hemerográfica desmente ese extremo para confirmar que se tratou dunha decisión conxunta e por motivos económicos.

O éxito obtido na súa primeira intervención nunha obra de Valle-Inclán repítese con *Liberata la Magnífica* de *Águila de blasón* en 1907. É precisamente o 24 de agosto deste ano cando, tras un longo e, ás veces, difícil noivado, contraen matrimonio. Este feito e o nacemento da primeira filla ao ano seguinte manteñen a actriz momentaneamente apartada dos escenarios. A partir de aí intensifícase o labor dela como colaboradora da obra literaria do escritor galego, en calidade de correctora de probas, preparadora de orixinais para a imprenta ou xestora editorial.

A súa reincorporación á escena produciuse na tempada de 1909-1910, cando volveu actuar nunha obra do seu home, *Cuento de abril*, no papel de Trovero Pedro Vidal, que a compañía de José García Ortego e Matilde Moreno estreou no Teatro da Comedia de Madrid en 1910. Con eles, o matrimonio iniciou a xira americana que levou a Josefina aos escenarios de Bos Aires ou Montevideo cos seus habituais éxitos, pero o desacordo de Valle-Inclán con esta compañía, que decidiu substituír *Cuento de abril* por *Las vengadoras* de Sellés, levou a unha ruptura. Neste punto, Josefina incorpórase á compañía de María Guerrero e Fernando Díaz de Mendoza, tamén de xira por América do Sur.

De volta na Península, a actriz interpretou os papeis de Garin e Montañesa en *Voces de gesta* (1911), así como o de Colombina en *La Marquesa Rosalinda* xa en 1912, momento en que se pode falar do cénit da súa traxectoria artística. Un novo desacordo estético de Valle-Inclán con esta potente compañía, a negativa de Guerrero e Díaz de Mendoza a representar *Voces de gesta* en Pamplona, supuxo a ruptura do escritor coa parella de actores e, como consecuencia, unha importante traba para a carreira da actriz, xa que foi precisamente a partir de entón cando se produciu a súa retirada dos escenarios.

En 1912 a parella instálase en Galicia e dous anos máis tarde ten lugar a trágica morte do primoxénito varón, Joaquín María, na localidade de Cambados, con tan só tres meses de idade. Este feito impúlsaos a trasladarse á Pobra do Caramiñal, onde o escritor emprende unha aventura agrícola que acabaría fracasando.

En 1918 documéntase a volta de Josefina Blanco aos escenarios, pero o nacemento das restantes fillas e fillos nos anos seguintes fai practicamente imposible a continuidade da súa carreira. É así como na década de 1920 as noticias sobre esta actriz se dilúen, mais é seguro que se mantivo cerca de iniciativas teatrais renovadoras como o grupo independente El

Mirlo Blanco, co que volveu interpretar en 1926 un papel noutra obra de Valle-Inclán, *Ligazón*, na que daba vida a La Comadre.

En 1932, as dificultades económicas e as continuas tensións entre a parella fan que Josefina Blanco interpoña unha demanda de divorcio contra o que fora o seu home durante 25 anos. Tras a ruptura, a actriz volve aos escenarios, coa compañía de Tirso Escudero, e obtén unha praza de profesora no Conservatorio. Nos anos seguintes os litixios entre a parella pola custodia e educación dos fillos e fillas, así como pola asignación económica que lle correspondía a Josefina, foron constantes, sobre todo por parte desta, pero iso non impediu que en xaneiro de 1936, tras a morte de Valle-Inclán, ela asumise o papel de viúva do escritor para todos os efectos.

Ao remate da Guerra Civil, instalouse en Pontevedra, cidade que xa non abandonaría, e, abolida a republicana lei do divorcio, puxo en marcha numerosas iniciativas e proxectos apoiada no seu fillo maior, Carlos Valle-Inclán, como a publicación dos 21 tomos de *Opera Omnia* entre 1941 e 1942.

Josefina finou en Pontevedra o 19 de novembro de 1957 e descansa en Santa Mariña de Cambados, como foi a súa vontade.

Autoría: Sandra Domínguez  
DOI: 10.17075/adg.2012.22393





# Dolores Rodeiro Boado



Imaxe: Teresa Navarro

Santiago de Compostela, 1853-?

## Única galega documentada como escultora ata o século XX

Pouco se sabe da biografía de Dolores Rodeiro Boado, salvo a data e a cidade de nacemento e que foi unha das fillas máis novas do tamén escultor compostelán Francisco M<sup>a</sup> Rodeiro Permui, artista que traballou no segundo e terceiro terzos do século XIX, cun estilo ecléctico que recolle e repite os modelos barrocos e neoclásicos anteriores. Francisco tivo nove fillos con Margarita Boado, e Dolores será a única herdeira da tradición paterna.

Dolores Rodeiro naceu en Santiago de Compostela no ano 1853 e segundo o padrón municipal de 1898 vivía na rúa do Vilar, en concreto no número 49. A excepción dunha paréntese na súa formación cando se traslada a Madrid no curso 1884-1885 para recibir clases de Debuxo do Antigo e de Modelado do Antigo na Escola de Belas Artes, a súa vida está maioritariamente vinculada á cidade compostelá. Non hai moitos máis datos da súa vida, salvo que en 1875 obtén Mención Honorífica na Exposición Regional de Santiago de Compostela, por un Crucifixo e un Santo Ignacio de Loyola.

A pesar deste descoñecemento da súa biografía, pódese afirmar que foi unha pioneira, pois non só se atreveu nese momento do século XIX a dedicarse á súa paixón, a escultura, senón que chegou a ser a primeira artista en recibir unha pensión da Deputación da Coruña no ano 1881.

Para entender o seu estilo e traballo hai que coñecer o do seu pai: ambos foron tallistas en madeira de imaxes relixiosas que seguiron as normas de estilo de finais do século XIX, unha etapa frutífera a nivel escultórico en Galicia polo número de obras pero que non achega grandes novidades estilísticas, pois repetíase unha e outra vez o habitual movemento en S das figuras e os rostros idealizados.

Dolores toma, ademais, do seu pai as facianas de queixo prominente e os abundantes pregados nas vestiduras, que tenden a caer paralelos na túnica e a curvarse ao chegar á peaña formando o característico S, e opta por composicións frontais en triángulos isósceles.

Segue igualmente co costume do pai de asinar nas peñas e o resultado final é moi similar ao que conseguía Francisco Rodeiro.

Polo de agora coñécense moi poucas pezas da escultora, xunto co Crucifixo e o Santo Ignacio antes citados, só dúas máis: a Inmaculada Concepción de San Martiño de Tabeaio (arciprestado de Alvedro, concello de Carral) e a Virxe do Rosario de San Xián de Artes (arciprestado de Posmarcos de Abaixo, Ribeira). Pódese apreciar en ambas que as tipoloxías elixidas por Dolores son similares ás do pai; quizais a Inmaculada se achegue máis ás de Murillo que á de José Gambino (que era a preferida polo pai), cun efecto final de maior esvelteza e delicadeza.

Autoría: María Dolores Villaverde

DOI: 10.17075/adg.2009.22273



# Concha Vázquez Martínez

Fonte: arquivo de José Manuel López Vázquez



Santiago de Compostela, 1906-1971

## Pintora que reflicte o cambio da muller labrega galega no século XX

Concha Vázquez naceu no número 41 da rúa das Hortas en Santiago. É a terceira de cinco fillos nados nunha familia que non estivera relacionada coa creación artística, agás polos escritos inéditos do pai. Ela mesma non desvela a súa vocación pictórica ata os dezaoito anos. Daquela inicia a súa formación da man de Xoana Brocos, quizais a última representante dunha saga de artistas composteláns que se documenta desde principios do século XIX. Xoana, seguindo o método de ensinanza aínda en vixencia por aquel entón, dálle os primeiros rudimentos e faille copiar láminas e xesos.

Despois, Concha Vázquez entra no taller de Tito Vázquez, «o pai da escola compostelá de pintura». Neste taller, segundo a frase afortunada do crítico do *ABC* Méndez Casal, o método de ensinanza era completamente diferente, xa que se baseaba só no estudo do natural, seguindo o exemplo do propio mestre, que chantaba o seu cabaleta no medio do seu alumnado. Ela conta con vinte anos e cunha personalidade xa definida, pois aínda que é certo que toma de Tito Vázquez o gusto por pintar cabezas de anciáns e a paleta de cores (amarela, carmín e terra), pola contra firma as obras deste período como «Concha Vázquez Eleicegui Martínez», isto é, cos dous apelidos paternos para desenganar os que pensaban que era sobriña do mestre. Aínda baixo a éxida deste, conco-

rre, no ano 1928, con dúas cabezas á Exposición Rexional de Arte Galega de Vilagarcía.

Un ano despois independízase e pon o seu primeiro estudio na compostelá rúa de Santa Cristina. Nel leva a cabo as obras da súa primeira exposición individual, que tivo lugar na sala do Club Náutico de Vigo. Pui-me Freiría, que fixo unha crítica desta exposición, destaca o que posteriormente repetirán todos os que xulgaron a pintura de Concha Vázquez: a súa innata capacidade para transmitir a alma dos seus modelos, mantendo unha fidelidade plena á realidade cun estilo novo, que non remitía en absoluto ao museo, como sucedía coa obra dos artistas galegos do rexionalismo. De feito, aínda que a súa obra se poida inscribir nesta corrente, aparece animada con outro espírito, acorde co seu tempo, caracterizado por un forte humanismo que consegue transmitir cun estilo orixinal e, sobre todo, a través da plasmación dos ollos dos modelos, sempre cheos de vida, que se converterá na característica destacada por todos os que analizaron a súa obra.

En 1939 casa co pintor compostelán Manuel López Garabal, con quen, a partir de 1948, organiza numerosas exposicións, nas principais vilas galegas e en Madrid, con grande éxito de crítica e de público. En 1957, tras inaugurar unha nova exposición na sala compostelá da Unión Protectora de Artesáns, sofre a primeira dunha serie de graves enfermidades que se sucederán case ininterrompidamente e lle irán diminuindo a saúde.

O 3 de marzo de 1971 inaugura en Santiago a que será a súa última exposición en vida, xa que finou o 3 de xullo seguinte. Uns días antes mandara dous cadros á I Exposición Nacional Trienal de Belas Artes, cuxo xurado acorda por unanimidade concederlle a Medalla de Honor como homenaxe póstuma ao conxunto da súa obra e dedicación artística, ao tempo que o Concello compostelán lle dedica á súa pintura unha sala no museo da cidade.

Autoría: José Manuel B. López Vázquez  
DOI: 10.17075/adg.2008.22269



# María Mazás Lata

Fonte: Arquivo de Raimund Dix



A Coruña, 1960-2017

«**Non se pinta senón a imposibilidade de pintar. Esta é a miña conciencia**»,  
**María Mazás**

En plena madurez creativa, despois de residir en Barcelona entre 1984 e 2013, agás tres anos que viviu en Alemaña, María Mazás volve a Galicia para instalarse na casa familiar da Coruña e habilitar alí o que será o seu derradeiro taller. É un fermoso espazo comunicado cun patio-terraza que a artista converte nunha particular horta-xardín, bosque animado en que conflúen atlántico, mediterráneo e zen, que fornece de luz o laboratorio onde creará a súa derradeira e conmovedora obra.

Nace na Coruña o 9 de agosto de 1960, uns anos despois de que a súa nai, María Lata Loureda, e o seu pai, Manuel Mazás Amor, casasen e deixasen o seu Abegondo natal para rexentar un pequeno serradoiro no coruñés barrio dos Castros. Entre as madeiras que cobren o chan equilibra María os seus primeiros pasos e, cunha precocidade abraiante, cos anacos máis pequenos, constrúe os seus primeiros volumes.

Da nai, á que adora, aprende o amor polas plantas e os animais. Afermada á súa saia, vixía atenta o minucioso labor que fai nun anaco de terra que posúen no concello de Oleiros, en Dorneda, Santa Cruz.

Do pai, un auténtico «Eduardo Manstesoiras» capaz de podar árbores do xeito máis extravagante, herda o talento coas mans e unha especial determinación. Proba do seu carácter é a anécdota de cando, con apenas catro anos, María desaparece da casa ata que o pai a atopa, horas



despois, feliz e coa súa almofada baixo o brazo, ollando o mar no porto da Coruña.

O seu despertar á pintura acontece na casa dunha amiga da escola, onde, pendurado das paredes, descobre un mundo inédito que a marabilla e apreixa para sempre. Son os lenzos de Alberto Carpo, con quen, anos despois, inicia unha amizade que durará ata a morte do pintor.

En 1975, con quince anos, abandona a casa familiar e marcha a Andalucía co seu primeiro amor, Tino Iruegas. Retorna a Galicia no ano 1978 e, instigada pola familia, contrae matrimonio na Coruña. É unha época de grande actividade na que asiste a clases de danza coa coreógrafa galega Mercedes Suárez e investiga con materiais como o cartón e o papel. Deseña e fabrica os seus propios cadernos, unha especie de colaxes nos que debuxa a diario. Crea volumétricas e áxiles pezas en cartón pedra, bailarinas, lúas, zapatillas de punta e máscaras que vende nas feiras de artesanía.

A comezos dos anos oitenta sepárase de Tino Iruegas. En 1984 abandona A Coruña e instálase en Barcelona. Matricúlase na Escola d'Actors e asiste a clases de danza coa coreógrafa catalá Àngels Margarit e de trapezio e acrobacia con Rogelio Rivel, o gran renovador do circo catalán, un auténtico mestre para a autora.

Gaña a vida coa venda en tendas especializadas dos cadernos artísticos que deseña e fabrica e tamén co traballo nun estudio de arquitectura, no que constrúe as maquetas dos proxectos de grandes arquitectos, como Ricardo Bofill.

No outono de 1987 inicia unha relación co que vai ser o seu grande amor e compañeiro de vida, o saxofonista alemán Raimund Dix, e instálase en Friburgo. María Mazás aborda alí un soño xestado en Barcelona: mergullarse no mundo da sombreiraría. Pronto descobre que se trata dun oficio familiar e en extinción, cercado polo segredo, e iso impídelle entrar como aprendiz nos escasos talleres existentes.

María Mazás non se rende e crea os seus primeiros chapeus de tea e padronaxe propia, con insólitas figuras, nenúfares e estrelas, auténticas ás para as cabezas. Desesperada por carecer das ferramentas adecuadas, enfora o seu primeiro cono de feltro nun molde para tortas na cociña de Friburgo. Vaise facendo co material necesario en fábricas e tendas que pechan e, autodidacta feroz, aprende a construír as súas propias formas. Traballa sen repouso e obtén resultados espectaculares.

Comezan as exposicións. Deseñadores e estilistas interésanse pola súa obra, e traballa con grandes modistos como Josep Font, Daniel Carrasco ou Paco Cañizares, coa creación de pezas exclusivas para as pasarelas Cibeles e Gaudí.

Colabora en espectáculos de danza, teatro e *performances* para o Mercat de les Flors, o Festival Grec, o coreógrafo Ramón Ollé e a compañía galega Teatro de Ningures.

Expón en Alemaña, Cataluña, Galicia, Francia e Italia, e aínda que o éxito é grande, a pulsión pola pintura descuberta de nena nos lenzos de Alberto Carpo faise cada vez máis presente. No ano 2003 dá por rematado o tempo dos chapeus e doa parte da súa obra ao Musée du Chapeau de Chazelles-sur-Lyon (Francia), para dedicarse exclusivamente á pintura.

Matricúlase na histórica Escola de la Dona e no mítico Cercle Artístic Sant Lluc para poder traballar con modelos. Movemento e corpo foron sempre para ela, tanto na pintura como na danza, obxecto de estudo. Embébesse de todas as técnicas: óleo, encáustica, colaxe, tinta e escultura. Utiliza as súas amizades para facer prácticas de retrato con óptimos resultados. Reinvéntase.

No ano 2005 gaña o Primeiro Premio de Pintura de Sant Lluc e, en 2006, o Accésit de Debuxo. Doa ao Cercle Artístic Sant Lluc un óleo sobre papel titulado *Signos y semillas*.

A morte da súa nai en 2006, vítima dun accidente de tráfico cando volvía de Santa Cruz, supónlle un durísimo golpe. María Lata tiña as malletas feitas para ir vivir, por un tempo, coa filla a Barcelona. Desolada, a artista viaxa a Alemaña e Lisboa, onde, en homenaxe á súa nai, crea un libro-arte de fotografías, un exemplar único que titula *AMOR-TE In memoriam. Dos tiempos de un mismo silencio*.

En xuño de 2007 aluga unha casa en Mera, no concello de Oleiros, onde vive meses nun intenso e prolífico reencontro coas súas orixes, paseando e creando nova e suxestiva obra, recuperando forzas e humor.

No Nadal de 2008, unha amiga encárgalle o retrato do neurólogo, psiquiatra e escritor Carlos Castilla del Pino. Mazás recibe o encargo con entusiasmo e traballa con paixón, sen saír do taller máis que para comer ou durmir. Conclúe o lenzo, un óleo en que, con enérxicas pinceladas azuis, atrapa a forza e humanidade do xenial intelectual. Volve ao retrato en 2012 para pintar a súa amiga Marianne Brull, a editora da mítica editorial Ruedo Ibérico e compañeira do seu impulsor, fundador e director, José Martínez.

Lectora infatigable de poesía, amante da filosofía mística e do pensamento poético de María Zambrano, achégase á filosofía oriental, afonda no *I Ching* e estuda a grafía do árabe e a caligrafía chinesa, sempre na procura da síntese da propia linguaxe.

Define o ano 2009 como ano bisagra e escribelle a unha amiga: «Reviso o feito este ano intentando entender este meu tempo que, no plano interno é de busca, atopar o meu código e, no externo, traducilo nunha liberdade de estilo. Desde a procura consciente, intento chegar a unha comprensión máis ampla da cor como linguaxe, é como unha necesidade de luz [...]. Abrirme a camiños descoñecidos, á realidade, con ollos frescos [...]. Como visión intuitiva, plena de vida. É moi difícil..., queda como meta inaudita e falla sempre de novo».

Seguen anos de traballo constante e, en 2013, expón por última vez en Barcelona. Decide deixar a cidade porque xa non lle ofrece o que necesita. Sepárase de Raimund Dix.

Viaxa a Cádiz na procura da cidade ideal para pintar e vivir pero, nun xiro radical, retorna á Coruña e, cunha enerxía excepcional, reforma a casa familiar e instálase definitivamente nela. Recupera vellas amizades e fai outras novas, algunhas sorprendentemente profundas.

Entre 2014 e 2017 crea unha magnífica serie de tintas sobre papel das que se sente especialmente satisfeita. En 2016 expón por primeira e última vez na súa cidade, no Colexio Médico da Coruña.

Pasea polas praias do batente Atlántico e vai ser deste mar do que nutra a súa derradeira obra, *Poemario Atlántico*, un conxunto de 66 pezas, auténticos *haikus* con vida, síntese do seu extraordinario talento.

Coñece o escritor Francisco X. Fernández Naval e amósalle o seu *Poemario*. El descóbrelle que os obxectos devoltos polo mar, cos que ela creou esa obra, reciben o nome de crebas na Costa da Morte. Ao identificarse como crebeira, emocionada, pídelle ao escritor un texto para a exposición que prepara. El acepta e titúlao *O xardín esquecido*.

En xuño de 2017 enferma de gravidade e, coa mesma determinación coa que, aos catro anos, marchara da casa coa almofada baixo o brazo, decide vivir a súa enfermidade sen ser hospitalizada e sen recibir medicación paliativa.

Morre o 5 de outubro de 2017 na casa onde dera os seus primeiros pasos, lúcida, fermosa e serena, acompañada de vellas e novas amigas.

Autoría: María Armesto  
DOI: 10.17075/adg.2020.23606

# Rita Fernández Queimadelos



Fonte: arquivo de Rita Iranzo Fernández



A Torre (A Cañiza), 1911 - Barcelona, 2008

## Unha arquitecta pioneira dentro e fóra de Galicia<sup>1</sup>

Rita Eugenia Benedicta Fernández Queimadelos nace na Torre, municipio da Cañiza (Pontevedra), en 1911. Filla de Domingo Fernández y Fernández e de Modesta Queimadelos Vázquez, comerciantes e propietarios da mercería ourensá La Modernista, situada entre as rúas Calvo Sotelo e San Miguel, reside durante a súa infancia e adolescencia entre Ourense e A Torre, onde pasa os seus períodos vacacionais.

Entre 1928 e 1930, instálase coa súa avoa materna en Santiago de Compostela para cursar dous anos de Ciencias Químicas e Ciencias Exatas na universidade desta cidade. Ademais disto, asiste na Escola Elemental de Artes e Oficios á materia de Debuxo. Durante este tempo, reafirmase na decisión de realizar estudos de Arquitectura.

A súa vocación vén xa de longo e parece deberse á influencia do seu avó, Eduardo Queimadelos Ribera, quen exerce como agrimensor

1 Para a elaboración desta entrada biobibliográfica unha das principais fontes documentais foi a entrevista realizada a Rita Iranzo Fernández dentro do proxecto MAGA. Consultáronse ademais fondos de: Servicio Histórico da Fundación COAM (Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid), COAMU (Colegio Oficial de Arquitectos de Murcia), Archivo General de la Administración (AGA) en Alcalá de Henares, Archivo Municipal de Murcia, Archivo General de la Región de Murcia, Archivo Municipal de Molina de Segura / Archivo Central, Archivo Municipal de Mula.

na Cañiza, e ao contacto cos labores de carpintaría que se realizan con asiduidade na casa familiar.

Cando expón na súa casa o desexo de estudar Arquitectura, non atopa o apoio do seu pai. Este, que quería que estudase piano, considera pouco axeitada para unha muller a profesión de arquitecta e, ademais, desgústalle o necesario traslado fóra de Galicia, xa que, nestes momentos de primeira posguerra, só había dúas escolas de Arquitectura en España, a de Madrid e a de Barcelona. Rita acada o seu obxectivo co apoio das súas dúas avoas, especialmente o da materna, coa que mantén unha relación máis estreita.

En outubro de 1930, trasládase a Madrid para preparar o ingreso na Escola de Arquitectura e reside na sección feminina da Residencia de Estudiantes, a chamada Residencia de Señoritas, dirixida daquela por María de Maetzu. Durante o curso académico 1930-1931 prepara os exames do grupo de materias artísticas que é preciso superar: Debuxo Lineal Lavado, Debuxo de Ornato e Debuxo de Figura. Supera as dúas primeiras neste curso. Aprobada a terceira ao ano seguinte.

En 1932-1933, ingresa na Escola e estuda o denominado Curso Preparatorio 1, primeiro ano dun total de seis. Coincide nas aulas con Matilde Ucelay Maórtua (primeira arquitecta titulada en España, en 1936), con María Cristina Gonzalo Pintor e con Lali Urcola.

Entre o profesorado que imparte docencia na Escola de Arquitectura atópanse destacados arquitectos. Dous deles van incidir de maneira evidente nas dúas etapas do futuro exercicio profesional de Rita F. Queimadelos: na primeira, Modesto López Otero y Bravo (catedrático de Proxectos Arquitectónicos), ao lle propor que se incorpore á Área de Proxectos da Dirección Xeral de Rexións Devastadas (DXRD); na segunda, Francisco Navarro Borrás (profesor agregado e catedrático interino de Mecánica e Topografía, Xeodesia e Nocións de Astronomía), director da Oficina Técnica de Construcións Escolares do Ministerio de Educación e Ciencia e representante na Comisión de Arquitectura Escolar da Unión Internacional de Arquitectos (UIA), ao suxerir o seu nomeamento como arquitecto escolar provincial da Rexión de Murcia.

Entre 1932 e 1936 realiza catro cursos. Tras a paréntese de tres anos motivada pola contenda civil española (1936-1939), Rita F. Queimadelos asiste entre 1939 e 1940 a dous cursos intensivos e de exames continuos, denominados «cursos patrióticos», e finaliza os seus estudos o 26 de agosto de 1940. Convértese, así, na terceira muller en España en obter o título de Arquitectura, tras Matilde Ucelay Maórtua (1936) e María Cristina Gonzalo Pintor (1940). A cuarta estudante, Lali Urcola, non remata a carreira. Foron as únicas mulleres en estudar Arquitectura en España ao longo das catro primeiras décadas do século xx. Así mesmo, no período comprendido entre novembro de 1939 e maio de 1940, realiza o Servizo

de Auxilio Social, actividade obrigatoria para as mulleres da época e necesaria para a expedición do título universitario.

Tal e como se indicou, ao finalizar os estudos, Modesto López Otero ofrécelle a posibilidade de traballar na DXRD. Única arquitecta que traballa neste organismo, comeza a súa actividade profesional e desenvolve o seu labor entre 1941 e 1946 na área de Proxectos, Negociado de Arquitectura, da Sección de Reconstrución. En paralelo, realiza algunhas obras como profesional independente.

Rita F. Queimadelos casa o 22 de maio de 1942 con Vicente Iranzo Rubio, licenciado na Facultade de Ciencias da Universidad Central de Madrid. O matrimonio ten seis crianzas: Vicente (1943), Rita (1945), Elena (1947), M<sup>a</sup> de los Dolores (1948), unha cuarta filla que falece ao pouco de nacer (1949) e Pilar (1952).

Tras o nacemento da súa terceira filla, Elena, en decembro de 1947, interrompe a actividade profesional durante oito anos. Neste período reside na capital de España mentres o seu marido, tras obter a praza vacante da Cátedra de Química Inorgánica da Facultade de Ciencias da Universidad de Murcia no concurso convocado en xaneiro de 1945, reside durante a semana en Murcia e se traslada as fins de semana a Madrid.

Esta situación cambia en 1955. Rita F. Queimadelos fixa a súa residencia en Murcia xunto co seu marido e as súas crianzas. Iníciase así a segunda etapa do seu exercicio profesional. Durante as dúas décadas seguintes desenvolve o exercicio libre da profesión, compatibilizándoo cos cargos de arquitecto escolar provincial da Rexión de Murcia entre os anos 1960-1967 e de arquitecto municipal de Mula no período comprendido entre 1962 e 1967.

Este período péchase en 1973. Neste ano, Vicente Iranzo obtén mediante concurso o traslado á praza de Catedrático de Química Inorgánica Aplicada da Facultade de Farmacia da Universidad Central de Barcelona. Este feito provoca que Rita F. Queimadelos deixe a práctica profesional activa e se traslade a vivir a esta cidade. De aquí en diante, aínda que realiza os proxectos de restauración da súa nova vivenda e da do seu fillo, non volve exercer a profesión de arquitecta de maneira regulada.

O 26 de setembro de 2008 falece en Barcelona aos 97 anos de idade.

Autoría: Paula Fernández-Gago Longueira  
DOI: 10.17075/adg.2015.22618





# Antonia Ferrín Moreiras

Fonte: arquivo da familia Ferrín Moreiras



O Carballiño, 1914 - Santiago de Compostela, 2009

---

## A contadora de estrelas

Antonia Ferrín Moreiras naceu no Carballiño o 13 de maio de 1914 nunha familia de catro irmás, das que ela era a terceira. O seu pai era mestre de escola nesta vila, pero antes de alcanzar as nenas a idade de ir ao instituto, en contra dos costumes da época, a familia trasladouse a Santiago de Compostela co fin de que as catro irmás cursasen estudos superiores. Nesta cidade, durante un tempo, o pai compaxinou as clases cun traballo en Facenda, e as fillas esforzáronse para acceder a matriculas gratuitas e bolsas para aliviar a economía familiar.

Comezou a asistir á escola con sete anos, pero aos nove estaba preparada para facer o ingreso no instituto, nunha época en que, ademais das clases (mañá e tarde), o que facían as crianzas era xogar. Cursou os estudos de Bacharelato de Ciencias no que era o Instituto Xeral e Técnico e, despois, o Bacharelato Universitario, xunto con arredor dunha ducia de nenas máis, no Instituto Nacional de 2º Ensino. En 1930 comezou os estudos superiores na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela, que entón só ofertaba a especialidade de Química.

Ao rematar a carreira, Antonia comeza a súa ampla traxectoria profesional: en 1934 é contratada como axudante interina gratuita da Sección de Ciencias, na que pouco antes rematara a súa primeira licenciatura. Desempeña este posto durante os dous cursos seguintes, ao mesmo



tempo que estuda os dous primeiros cursos da especialidade de Matemáticas (os únicos que ofrecía a USC), dá clases particulares e traballa como axudante gratuíta da Sección de Ciencias do Instituto Arcebispo Xelmírez. Ao ano seguinte engade a isto a súa incorporación como profesora de Matemáticas no colexio para nenas orfas Nosa Señora dos Remedios, no que permanecerá ata 1948.

En 1936 Antonia tiña prorrogados os seus contratos, mais a suspensión da actividade académica, derivada do estalido da Guerra Civil, trunca os seus proxectos. Por se isto non fose suficiente, en outubro de 1937, como consecuencia dunha denuncia anónima, ábrenlle un expediente de depuración ratificado pola comisión correspondente, co resultado dunha sanción de inhabilitación para desempeñar cargos directivos e de confianza que, na práctica, supuña ademais un afastamento da docencia no instituto. A pesar disto, ela non se consideraba represaliada, aínda que si tratada con prexuízo, xa que o posto que ela ocupara llo asignaran a outro profesor en propiedade.

En 1940 consegue unha revisión da súa causa, que ten como resultado a anulación da sanción e a súa rehabilitación. Retoma así a docencia na Facultade de Ciencias, pero non a do instituto, aínda que foi encargada de clases en diversas ocasións ata o ano 1961.

Foi amais unha estudante incansable. Durante o curso 1939-1940 completou as materias que necesitaba para licenciarse en Farmacia e no curso seguinte as de Maxisterio na Escola Normal Feminina, e entre os anos 1943 e 1948 obtivo a Licenciatura en Ciencias Exactas (agora Matemáticas) pola Universidad Central de Madrid (hoxe Complutense) como alumna non-asistencial. Por esta mesma época coñeceu o profesor Enrique Vidal Abascal, de cuxa cátedra foi primeira profesora axudante e despois adxunta; foi el quen lle presentou a Ramón María Aller. Estes dous profesores foron para ela unha «facultade» completa; con eles entra en contacto co mundo da astronomía, que durante preto de vinte anos ocupará gran parte do seu tempo.

En 1950 logra unha bolsa do Consello Superior de Investigacións Científicas, que dous anos despois se converterá nun contrato de axudante de observación no Observatorio Astronómico de Santiago, que desenvolverá ata 1963. Acode cada tarde e traballa con D. Ramón, co que fala de cuestións científicas facendo os cálculos e observacións que el propuña. Antonia non só foi a súa alumna predilecta, senón tamén a máis fiel, constante e directa colaboradora.

En 1953 aproba a oposición de profesora numeraria de Matemáticas na Escola de Maxisterio de Santander; non obstante, aos dous anos volve por concurso de traslados á Escola Normal Feminina Isabel a Católica en Santiago, onde permanecerá ata 1963. Esta escola estaba situada no edificio do pazo de Xelmírez, onde hoxe se encontra o Reitorado da USC. Amais disto, entre 1954 e 1956 realiza os cursos de doutoramento en Ma-

drid, centrada na astronomía. No Observatorio efectuou medidas micrométricas de estrelas dobres, observou pasos de estrelas por dúas verticais e ocultacións de estrelas pola Lúa. Os resultados de tantas horas de cálculos e observacións aparecen salientados en varios artigos publicados por D. Ramón na revista *Urania* (n.ºs 225, 229 e 252, nos que especifica que Antonia foi quen fixo cálculos ou medicións) e por ela mesma: «Sobre observaciones meridianas y en el primer vertical» (n.ºs 223 e 224), «Observaciones de pasos por dos verticales» (n.º 258) e unha lembranza de Ramón M<sup>a</sup> Aller tras a súa morte (n.º 264). Probablemente a maior recompensa fose a defensa da súa tese en 1963: *Observaciones de pasos por dos verticales*; trátase da primeira tese defendida na Facultade de Matemáticas da USC.

En 1964 foi nomeada catedrática numeraria de Matemáticas da Escola Feminina de Maxisterio Santa María da Universidad Central de Madrid e alí permanecerá ata a súa xubilación forzosa en 1984. Reparte entón o seu tempo entre Madrid e Santiago, onde se instala definitivamente nos últimos anos.

A Antonia deseguida lle captaban a capacidade de traballo e de organización; así, unha vez asentada en Madrid, foi chamada polo profesor Sixto Ríos para dar clase de Matemáticas na Facultade de Medicina durante dous anos (decide non volver porque as listas de alumnado «eran como libros de grosas e fumábase na clase anterior») e polo profesor José M<sup>a</sup> Torroja, membro do tribunal que xulgou a súa tese, para dar clase de Astronomía. Explica diferentes materias da especialidade, desempeña cargos directivos e forma parte de tribunais de oposición.

Ata uns meses antes do seu pasamento (o 6 de agosto de 2009), seguiu a ser unha conversadora incansable cunha memoria prodixiosa, capaz de recordar un torrente de anécdotas de tantos anos de dedicación a un traballo que lle permitiu coñecer grandes matemáticos nacionais e internacionais (Vidal Abascal, Ramón María Aller, Sixto Ríos, Torroja Menéndez, Germán Ancochea, Luis Santaló e Wacław Sierpiński) e vivir en primeira persoa os pasos iniciais da Facultade de Matemáticas da USC, cos seus primeiros Coloquios Internacionais de Xeometría Diferencial (os primeiros encontros internacionais de matemáticas realizados en España), nos que ela é a única profesora participante.

Desde o seu retiro santiagués continuou asistindo a actos sociais. Así, o 24 de maio de 2008 acode á celebración do 50º aniversario da Facultade de Matemáticas da USC, acto en que foi nomeada madriña do evento, como ela dixo, «en plena xuventude, con 94 anos cumpridos para non correr o risco de emocionarme». Tamén participou no acto en que se dedicaron seis aulas da citada facultade a cinco insignes exprofesores e mais a ela.





# Irene González Basanta



Fonte: wikipedia

A Coruña, 1909-1928

## Pioneira na práctica do fútbol en Galicia e no mundo

Era simplemente Irene, unha auténtica pioneira no mundo do fútbol. Non existe constancia en todo o mundo doutra muller que fose futbolista nunha época tan temperá como a década de 1920 do século xx. Ocupaba o posto de gardameta nun equipo federado da Coruña que levaba o seu nome: o Irene F. C. Era alta, de boa complexión, con boa colocación baixo os paus. Atrapaba con seguridade os balóns altos e sempre se mostraba decidida nas saídas aos pés. Puña un boneco futbolista no fondo da portería para que lle dese sorte, igual que facía o mítico Zamora, e durante todo o partido non paraba de berrar e de moverse dando instrucións aos seus defensas, que a obedecían como boa capitá que era.

Primeiro xogou no Orillamar, sempre entre homes, nos campos da Estrada e Fortaleza, na parte esquerda da zona alta de Santa Margarida, na cidade da Coruña. Chegou a ser moi popular e todos a respectaban; os rivais e compañeiros tratábana de igual a igual. Logo formaría o seu propio equipo, o Irene F. C., co que ás veces saía de excursión pola provincia. Os campos enchíanse de xente para vela xogar e Irene e os seus compañeiros beneficiábanse, co cobro dunha pequena cantidade pola exhibición que logo repartían entre eles. Adoitaba ir uniformada cunha viseira, xersei branco de colo volta, faldras-pantalón de cor negra e protectores nos xeonllos.

Cara a 1928, enfermou de tuberculose. Organizouse un partido para recadar fondos cos que poder axudala e, uns meses despois, o xornal *La Voz de Galicia* publicou na sección deportiva a seguinte carta aberta dun afeccionado, baixo o título «Hai que socorrer a Irene»:

*Novamente hai que facer un chamamento aos bos sentimentos dos favorecedores da desgraciada Irene, a exgardameta do equipo do seu nome, a fin de que non a esquezan e lle leven algún socorro. Co importe que se recadara recuperouse toda a roupa que tiña empeñada, arranxouse a súa cama, con colchón e todo, do que antes carecía; pagáronse varios meses do alugamento que debía e atendeuse, naturalmente, a súa alimentación e medicación. Pero aquilo evaporouse e a enferma segue sen se erguer do leito e fáltalle todo o indispensable.*

*É unha pena á que deben levar alivio principalmente os afeccionados ao deporte, ao que ela debe probablemente a perda de saúde. Se varios deles contribuísen coa cuarta parte nada máis do que adoitan pagar por unha entrada ao campo, e o equipo campión quixese gañar este partido da caridade e o compañeirismo, sería o máis simpático de cantos leva xogado. Irene agradeceríao con toda a alma. Oxalá que uns e outros queiran escoitar este rogo!*

Por desgraza, nada se puido facer e, finalmente, tanto Irene como, logo tamén, tres irmáns seus rematarían sucumbindo á enfermidade.

A popularidade de Irene pódese medir pola atención que naquel tempo lle dedicaron os autores dos clásicos apropiados coruñeses. Nun deles unha rapaza cantaba, sobre unha melodía do momento, a seguinte copla:

*Mamá,  
futbolista quero ser,  
para xogar como Irene,  
que xoga moi ben.*

*Mamá,  
cando eu sexa maior,  
gañarei moito diñeiro  
xogando ao fútbol.*

Autoría: Carlos Freire Cordeiro  
DOI: 10.17075/adg.2012.22520

# María Antonina Sanjurjo Aranaz

Fonte: arquivo de Santiago González Sanjurjo



Santiago de Compostela, 1910 - Vigo, 1939

## Pioneira do deporte galego e considerada «nai» do hóckey sobre herba en Galicia

María Antonina Sanjurjo Aranaz naceu en Santiago de Compostela o 6 de xullo de 1910. Foi a segunda de trece irmáns, filla de Manuel Sanjurjo Otero e María Aranaz Elices. O seu avó foi o recoñecido empresario Antonio Sanjurjo Badía, grande emprendedor que con dezasete anos deixara a súa vila natal de Sada para emigrar a Cuba. Coñecido como «O habilidades» pola súa capacidade inventiva, cando regresa a Galicia monta uns talleres en Vigo, nos que se constrúen máquinas e caldeiras de vapor. Entre outros, inventa un trebello submarino e transforma coches de vapor en máquinas de bencina. O pai de Antonina vincúlase aos negocios montados polo seu pai, de modo que a vida da familia xira ao redor da empresa.

Antonina estudou Peritaxe Mercantil en Vigo e titulouse no ano 1929 na Escola Profesional de Comercio de Vigo. Nese mesmo ano formou parte como vogal da xunta directiva da Asociación de Estudantes Mercantis de Vigo. En 1930 obtivo o título de Profesora Mercantil na Escola de Altos Estudos Mercantis da Coruña. Era unha persoa cunha grande inquietude intelectual e decide continuar estudando. Así, matricúlase na Facultade de Dereito da Universidad Central e na Escuela de Altos Estudios Mercantiles de Madrid. Gradúase nesta última en 1932, ano en que comeza a exercer como profesora axudante da Cátedra de Xeografía na

Escola Profesional de Comercio de Vigo. Estudar en Madrid é a causa pola que vai vivir á Residencia de Señoritas de Madrid.

É precisamente nesta residencia onde coñece o hóckey. Esta experiencia fai que, no verán de 1932, decida crear en Vigo o Atlántida Hóckey Club. Segundo as propias palabras de Antonina nun diario, créao para poder xogar contra o Vigo H. C. Nesta iniciativa colaboran con ela as súas irmás Carmela e Tere. Mesmo as máis pequenas participan cada vez que o club celebra unha festa, cociñando as que elas chaman «galletas atlántida». Antonina é considerada pola prensa da época a alma máter do hóckey galego. No ano 1933 nace a Federación Galega de Hóckey, da que forma parte como tesoureira e da que recibirá o título de presidenta de honra. Neste mesmo ano pronuncia unha conferencia, o día 11 de xullo, na que, como muller avanzada e feminista, defende a práctica deportiva das mulleres desde unha visión democrática. Literalmente di: «Na participación nos deportes desaparecen moitos prexuízos sociais. Non hai *cursis* nin elegantes, nin aristócratas nin plebeos, senón simplemente educación e bos ou malos deportistas».

En 1931 temos coñecemento dunha nova do *Faro de Vigo* na que se recolle un manifesto de mulleres universitarias no que solicitan o voto para a candidatura galeguista formada por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Valentín Paz-Andrade e Ramón Cabanillas Enríquez. Nel aparece a sinatura de María Antonina. A súa vinculación co Partido Galeguista vai a máis: no ano 1933 ingresa no grupo de Vigo, no que actúa como bibliotecaria, e no ano 1936 aparece nas actas do partido como afiliada.

Da súa solicitude dunha das bolsas de intercambio entre *colleges* americanos e a Residencia de Señoritas resulta a concesión dunha para o prestixioso Smith College durante o curso 1934-1935. A propia María de Maeztu, directora da Residencia de Señoritas, acompañouna ata Lisboa, desde onde partiu en barco rumbo a América. Xa instalada no estranxeiro, segue ao corrente do que acontece no club Atlántida grazas ás cartas da súa irmá Carmela. En Estados Unidos estudou Xeografía e no curso 1935-1936 obtivo unha bolsa na Clark University. Alí merca un coche e segue a practicar deportes, como era tradición nos colexios norteamericanos. Mentres realiza a súa tese tamén traballa de instrutora no New Jersey College for Women durante os cursos 1936 e 1938. Aínda que tiña a idea de facer a súa investigación sobre a industria pesqueira e derivadas de Vigo, finalmente estuda as colonias francesas. En 1938 remátaa co título *An Approach to the Colonial Evaluation of the French West Indies and French Guiana*, no Departamento de Xeografía da Universidade de Clark. Enferma de tuberculose, polo que a súa nai viaxa xunto á súa irmá Carmela para traela de volta a Galicia, onde falece aos 29 anos o 31 de outubro de 1939.

Autoría: Cristina López Villar  
DOI: 10.17075/adg.2018.22349



# Francisca «Pancha» Morlán

Fonte: arquivo da familia Pena Presas



Sada, 1901-1996

## Unha mestra que loitou por ensinar

Naceu nunha primavera en que comezaba o século xx, un 23 de maio de 1901, e morreu nun outono en que a centuria se vía xa rematar, un 20 de outubro de 1996. Viviu e soñou sempre en Sada, na casa natal, no barrio mariñeiro da Tenencia. Filla de Jacinto Morlán, emigrante que pasou boa parte da súa vida traballando nun vapor que facía a ruta Arxentina-Gran Bretaña, e de Antonia Ramos, ama de casa, Francisca Morlán (Pancha, como lle chamaban todos os que a coñecían) era a pequena de cinco irmáns. Aos dous maiores, emigrados na capital bonaerense desde ben novos, nunca os coñeceu máis que por carta; á terceira tampouco, pois faleceu de nena, antes de que Pancha nacesse. Coa cuarta dos irmáns, Ramona, viviu practicamente toda a súa vida.

Desde moi nova quixo ser mestra, polo que conseguiu que o pai dunha das súas amigas a preparase para presentarse por libre aos exames da Escola Normal de Mestras, que nunca aprobaría. Porén, isto non sería suficiente para que abandonase a súa vocación. Tras rexeitar un traballo no centro educativo Sada y sus Contornos, fundado polos emigrantes da vila en Cuba e aínda hoxe en funcionamento, monta en 1929 o seu propio colexio na bodega da súa casa, que acondiciona para tal fin. Deste xeito, a gardería infantil e escola de ensino primario «Francisca Morlán»



quedará situada na rúa da Tenencia, nº 16, da vila mariñá e será a maior proba do carácter emprendedor da súa propiedade.

Non obstante, este primeiro pulo non será suficiente para desenvolver libre e tranquilamente o seu traballo, xa que, en varias ocasións e de distintas maneiras, tentarán pecharlle a escola por motivos variados: algúns responderán a feitos obxectivos, como non posuír o título correspondente, e outros derivarán de intereses máis dubidosos e certamente escuros. A primeira destas tentativas chegará o 24 de abril de 1936, aínda baixo o Goberno da República, día en que se data a carta que Manuel Varela, responsable do Consejo Local de Primera Enseñanza de Sada, lle remite e na que a insta a legalizar a súa situación. Todo quedará resolto coa presentación dos documentos necesarios en xuño dese mesmo ano.

Rematada a guerra, as condicións do profesorado galego que non fora represaliado mudaron considerablemente. Acabaron xa as excursións, as conferencias e, en xeral, os aires de renovación que o sistema educativo da República trouxera consigo, mais sobre todo rematou a liberdade de cátedra durante case corenta anos. Boa mostra disto son as diferentes notas que desde o Consejo Municipal de Primera Enseñanza lle envían, instándoa a acudir co seu alumnado a actos de obrigado cumprimento, como a misa pola memoria de José Antonio Primo de Rivera, e esixíndolle que cumpra cunha serie de rituais, como obrigar os rapaces e rapazas a confesarse. O mesmo ocorre cunha serie de libros dos que lle mandan desfacerse, entre eles a *Historia de España* de Rodríguez García, as *Lecturas ciudadanas* de Solana e as *Lecturas cívicas* de Manrique. Aparenta levalo a cabo, pero non chega nunca a destruír algunhas das súas obras máis queridas. Boa mostra disto é que, despois da súa morte, no faiado da súa casa aparece unha primeira edición das *Obras completas* de Curros Enríquez.

Mentres atura estas intromisións no seu labor profesional, as tentativas de pechar a súa escola continúan. En 1942 pretenden clausurarlla se non acredita nun prazo de dous días a autorización para a súa apertura. En novembro de 1946 volven intentalo, esta vez por practicar, segundo as autoridades correspondentes, o seu traballo clandestinamente. A tentativa máis virulenta chega en maio de 1947, cando a Garda Civil se presenta na súa casa para detela e instruír un atestado na súa contra. Atópanse na mesma situación outras mestras da vila con escola privada: Julia Castiñeira, María do Carme Otero e Consuelo Rodríguez, denunciadas por exercer o ensino dun xeito «clandestino e ilegal». Finalmente, as catro mestras presentan un documento en que pregan que lles deixen continuar coa súa tarefa, porque no centro de Sada non hai escolas públicas e porque o número delas no municipio é insuficiente. O permiso definitivo éelles concedido o 16 de xullo de 1947.

O labor de Francisca Morlán continúa nas décadas seguintes e en 1956 chega a ter 69 alumnos e alumnas de entre dous e doce anos. Pa-

sados os duros inconvenientes anteriores, consegue que a escola acadese na vila, polo que terá sempre un alumnado cuantioso. Isto permitiulle soste economicamente os seus pais e asegurarlles así unha vellez digna. A escola da rúa da Tenencia pechou en 1980, cunha Pancha case octoxenaria que continuou a ser mestra ata o derradeiro día, no que, na casa natal, a súa personalidade rexa deixou de respirar.

Autoría: Montse Pena  
DOI: 10.17075/adg.2006.22125





# Jesusa Prado López

Fonte: Arquivo da Emigración Galega (CCG)



Ourense, 1887 - A Habana, 1971

## Unha muller e a memoria dun pobo

A armazón da memoria histórica de Galicia atópase en boa medida na experiencia vital das súas mulleres. No caso daquelas que participaron na Guerra Civil española e no exilio ao caer a República ante o avance das tropas fascistas, a memoria dalgunhas é aínda máis relevante. Que ninguén dubide que infinidade de mulleres non só perderon os seus fillos, familiares e amigos, senón ata a identidade por moitos anos.

Jesusa Prado López naceu en Ourense o 21 de novembro de 1887. Os seus pais foron Ramón Prado, obreiro da industria do calzado que instalou unha pequena peletaría en Ourense para alimentar a súa familia, e Soledad López, labrega. Jesusa medrou nese ambiente aínda que xa desde moi nena destacou pola súa intelixencia. Aos catro anos xa podía ler os xornais ás xentes que se reunían no negocio do pai, así como ao cura da catedral de Ourense, cidade onde chegou a estudar o bacharelato.

En 1910, con trece anos, arribou co seu pai a Cuba, onde se encontrarian posteriormente coa nai e outros dous fillos. Xa daquela os seus proxenitores eran perseguidos polas súas ideas socialistas, ata o extremo de que nunha ocasión lles queimaron a súa vivenda, na que pereceron dous dos seus fillos. Na Habana o seu pai comezou a traballar nunha fábrica de ladrillos na que Jesusa asistía aos faladoiros dos traballadores

durante as súas asembleas, así como ás dos tabaqueiros. Era aquel un momento en que o incipiente movemento obreiro cubano estaba dominado polo anarcosindicalismo.

O pai morreu de cancro e Jesusa comezou a traballar aos dezaseis anos na tinturaria Lindsay, do Cerro, onde coñeceu a dúas irmás de José Martí que cosían para ese negocio. Mais a verdadeira vocación de Jesusa era outra. Como dixera na súa glosa Manuel Carnero, «la pasión de esta gallega que se forjó culturalmente sola, era la escritura. Escribía sobre todo de política, literatura, arte y también versos».

En 1920 casa co galego Donato Figueiral Quintas, natural de Solbeira de Paderne, de profesión cocheiro, e o seu fogar convértese nunha especie de consulado galego na Habana. Ao compás dos labores a prol da colectividade, o nivel intelectual de Jesusa e a súa definición ideolóxica, moi achegada ao marxismo, foron medrando co tempo. De feito, en 1925 sostén apaixonadas polémicas con dous dos intelectuais cubanos máis destacados do momento, Juan Marinello e Gustavo Aldereguía. Arredor de 1934, Jesusa regresou coa súa filla Soledad (Solita) a Ourense, onde rexentou unha tinturaria e ingresou no Partido Comunista Español (PCE). Participou nas grandes folgas obreiras de Asturias e foi apresada coa súa filla. Aínda que logo quedou libre da cadea, non puido saír da súa casa ata as eleccións de 1936.

Cando se sublevan os xenerais con Franco, Jesusa bótase á rúa e arenga o pobo para combater o fascismo. Entre outras accións revolucionarias, acompañou unha manifestación obreira que reclamaba armas nas portas do Goberno Civil. Unha vez máis, Jesusa volveu ser detida, foi recluída no cárcere de Celanova e, aínda que se deu orde de fusilala, finalmente foi trasladada á prisión de Bande e despois á de Ribadavia.

O cónsul cubano en Vigo, Luis Bas Molina, recibiu de Donato Figueiral a cidadanía cubana de Jesusa. En novembro de 1938 a policía española levou a Jesusa ata Valença do Miño e entregouna á policía portuguesa, que a trasladou a Lisboa. Bas Molina conseguiu sacar a Solita para Portugal e ambas as dúas embarcaron para Cuba no buque Iberia.

Na Habana foron vivir a unha *cartería* en Centro Habana, máis tarde mudáronse á rúa Maloja e, por último, á rúa 13, no barrio de El Vedado. Alí Jesusa abriu unha tinturaria co nome El Buen Gusto, na que ela se ocupaba de repasar a roupa.

Foi electa vicepresidenta da Asociación Hijas de Galicia e, así, consolidouse como unha das personalidades máis respectadas da colonia galega en Cuba. Co triunfo da Revolución Cubana en 1959, cedeu a súa tinturaria ao Estado cubano e pasou a traballar nas tendas do Hotel Nacional, na Casa Isabel e noutros establecementos. Jesusa Prado foi unha das fundadoras dos Comités de Defensa da Revolución (CDR) en 1961 e o comandante Ernesto Che Guevara designouna para actuar como docente nos círculos de estudos do Banco Nacional que entón el dirixía.

O mesmo labor fixo tamén no xornal *Hoy*, do Partido Socialista Popular (PSP). Cando Dolores Ibárruri, *a Pasionaria*, visitou A Habana invitada polo Goberno Revolucionario, reuniuse con algunhas mulleres da colonia española, entre elas Jesusa Prado, e estableceuse unha gran sintonía entre ambas as dúas. Tivo tamén a oportunidade de se reunir con Santiago Carrillo e Enrique Lister, que a foron visitar durante as súas estadias en Cuba.

Despois de sufrir sete infartos que a obrigaron a se xubilar en 1967 das súas tarefas políticas, pero nunca da súa militancia, Jesusa morreu na Habana o 15 de abril de 1971. En nome do PCE, asistiu ao seu enterro o xornalista español José María González Jerez, do xornal *España Republicana*. O Goberno Revolucionario cubano estivo representado por unha ofrenda floral enviada polo xeneral do exército Raúl Castro Ruz, segundo secretario do Partido Comunista de Cuba.


En Cuba, Jesusa Prado López representa para moitos a grandeza e a valentía da muller loitadora, firme nas súas ideas e nos seus principios.

Autoría: Nydia Sarabia  
DOI: 10.17075/adg.2006.22121





# Pepa Noia



Fonte: Laregion.es

Bos Aires, 1921-2015

## Unha das catorce fundadoras de Nais de Praza de Maio

O 30 de abril de 1977 chegou dúas horas antes á praza de Maio. Unha muller, filla da emigración galega, sería a primeira en acudir a unha cita que se convertería en data histórica ao iniciar un movemento social que conmovería o mundo. Ata entón, cada unha pola súa conta, as nais ían saíndo das súas casas empurradas pola desesperación debido á perda dos seus fillos e fillas. Naquel día, catorce delas citáranse para sumar forzas co fin de que as súas voces se escoitasen unidas para reclamar verdade e xustiza, nunha loita que se prolongaría xa durante toda a súa vida. Un grupo de nais, dedicadas ata entón maiormente ao coidado das súas casas, saían ás rúas e buscaban, coa forza do seu amor, derruír os criminais cimentos da ditadura arxentina.

Pepa Noia lembrou durante toda a súa vida os nervios daquela primeira tarde. A tensión leváraa a ser a primeira en chegar a unha praza de Maio na que se ían iniciar as roldas en que ela participaría ata a súa morte en 2015.

Josefina García Pérez nacera no Barrio Norte de Bos Aires o 6 de xullo de 1921, mais sería coñecida como Pepa Noia ou Pepa de Noia logo de casada. Seus pais, Aurora Pérez e Agustín García, eran emigrantes que chegaran desde o seu Leiro natal, na comarca do Ribeiro, para construír en Bos Aires unha familia, na que nacerían dúas fillas e catro fillos.



Co tempo, en 1941, casaría con Juan Carlos Noia. Pepa «de Noia» coidaba da casa e pasaba o ferro para fóra; Juan Carlos era boxeador no River e logo foi empregado do servizo de limpeza en Bos Aires. Na familia do home era coñecida como «la gallega», aínda que Pepa nunca pisou o país de procedencia dos seus pais. Confesaba, iso si, o moito que lle gustaría viaxar a Galicia e coñecer Ourense, cidade da que tanto se falaba na casa.

En 1942 nace a súa primeira filla, á que lle pon de nome Alicia; logo viría Daniel e, xa en 1946, María Lourdes aumentaría unha familia que continuaría medrando co nacemento de Margarita, a pequena da casa, que despois estaría á beira da nai na busca da súa irmá desaparecida.

A súa vida muda drasticamente o 13 de outubro de 1976 cando a súa filla María Lourdes é secuestrada canda o seu compañeiro, Enrique Mezzadra. Dez días antes, a súa filla Alicia marchara para Australia, pouco despois de que o seu irmán Daniel abrise o camiño da diáspora, que Lourdes non quixo seguir. Psicóloga e profesora da Universidad de Morón, de María Lourdes lembraba Pepa o moito que lle gustaba ler e a súa afección polo River, así como a súa xenerosidade e intelixencia. Desde que naceu o seu pequeno, Pablo Enrique, Pepa tiña conta do neto todos os martes mentres Lourdes ía traballar á universidade. Un deses días foi a última vez que a viu con vida. Daquela chegaban xa noticias inquietantes e Pepa pediulle que tivese coidado, sen imaxinar que esa recomendación sería a súa despedida definitiva. «Si, mamá. Estate tranquila» foron as palabras de resposta, naquel 12 de outubro, que ficaron para sempre na memoria da nai.

Desde o tempo de estudante na universidade, Lourdes participaba de movementos sociais e políticos, primeiro na Federación Juvenil Comunista, despois no Partido Comunista Revolucionario (PCR) e nas Fuerzas Argentinas de Liberación (FAL) e finalmente integrouse nos Montoneros. O compromiso social e político converteuna nunha das vítimas do proceso de exterminio da ditadura de Videla, que fixo das desaparicións un modo de operar que buscaba tamén paralizar unha sociedade convulsionada.

As forzas represivas entraron o 13 de outubro na casa de M<sup>a</sup> Lourdes e Enrique, que apareceu completamente desvalixada. O neno deixárono cunha veciña da parella. Tempo despois, Enrique foi liberado, mais de Lourdes non chegou outra noticia que a súa retención na Escuela de Mecánica de la Armada (ESMA), que naquela altura funcionaba como un centro clandestino de detención, tortura e exterminio. Máis nada. M<sup>a</sup> Lourdes era unha das 30 000 persoas desaparecidas no xenocidio arxentino e Pepa converteríase nun dos símbolos da loita das nais por coñecer o paradiro dos seus fillos e fillas e tamén das crianzas, moitas delas roubadas.

Desde o primeiro día de ausencia de Lourdes, Pepa Noia comezou unha busca que non remataría nunca, primeiro acompañada pola súa filla

Margarita, con quen ía todos os días á Comisaría 18, ao Departamento Central de Policía, ata que un alto cargo lle dixo á filla: «Queda na túa casa, que á túa irmá a busque túa nai». Daquela non eran aínda conscientes da gravidade da situación e do incremento exponencial do número de persoas desaparecidas.

Na súa peregrinación, as nais íanse atopando, compartían as súas dores, sumaban forzas e emocións con outras nais, confesaban os seus desesperados e iniciais movementos, contaxiaban a súa valentía e solidariedade ás que estaban na súa mesma situación para reclamar xustiza para toda esa mocidade que a ditadura dera en facer desaparecer. Así, catorce mulleres chegaron a articular en abril de 1977 a convocatoria que daría no inicio das roldas que, insistentemente, repetirían as nais para espertar a conciencia do mundo. Aquela fora ideada por Azuzena Villaflor, desaparecida e asasinada antes de rematar o ano. Convencera as demais de que soas non conseguirían nada e de que xuntas, en cambio, poderían ser escoitadas. Velaí a orixe dun movemento que levou as mulleres á rúa, do ámbito familiar ao político. Un movemento que batería na conciencia de todo o mundo denunciando a ditadura. Quen podía imaxinar que aquelas mulleres con aparencia tan inofensiva podían estar a conspirar contra o réxime ditatorial?

Na primeira cita, con altísimas temperaturas, atopáronse preto da rúa Ribadavia, ao carón da Pirámide. Conversaron e decidiron que o sábado non era bo día para que as súas protestas tivesen eco, e finalmente, despois de descartar o venres porque unha das mulleres dicía que era día de mala sorte, as marchas ficaron así fixadas para todos os xoves do ano. A idea era concentrarse na praza de Maio, mais foi a propia policía a que as obrigou a circular debido á prohibición de que se reunisen grupos en espazos públicos. As nais «circularon» baixo a orde da policía e, despois doutros percorridos, a marcha ficou establecida arredor da Pirámide de Maio. Pola súa banda, Pepa, desde aquela primeira rolda, afíxose a chegar sempre antes de tempo para falar coas persoas que se ían achegando.

Posteriormente, nunha xornada en que se dirixían a Luján en 1978, as nais incorporaron o pano branco na cabeza ás súas mobilizacións para se identificaren e recoñeceren entre elas. Partiu do feito de que unha das mulleres tivo a idea de poñer un cueiro na cabeza, que despois pasou a ser o pano branco, que é o símbolo do movemento e aparece en boa parte das fotos públicas de Pepa Noia.

A pesar de case catro décadas de loita, Pepa Noia nunca puido saber o destino final de María Lourdes. Confesaba que, por momentos, soñaba ser a «feiticeira» que movía o nariz dun coñecido programa televisivo para lograr o seu gran desexo, a aparición da súa filla. «Nunca, nunca van dicir: vimos chorar a Pepa», dicía e confesaba que as bágoas aparecían cando estaba soa, cando saía dos actos ou no camiño á casa.

«Non tiña militancia e de repente demostrou todo o amor que as nais teñen polos seus fillos, que é o que os *milicos* non tiveron en conta. Unha nai non ten medo cando tocan o seu fillo», di Margarita Noia, filla de Pepa e continuadora da súa loita pola xustiza e a verdade.

Pepa Noia recibiu nos seus últimos anos moitos recoñcementos, entre eles o de Cidadá Ilustre da Cidade de Bos Aires, e arredor dela o investigador Enrique Arrosagaray escribiu o libro *Josefina PEPA de Noia. Una Madre de la primera hora*, publicado en 2011. O día da súa morte, o 31 de agosto de 2015, festexábase en Arxentina a noticia da aparición da neta recuperada número 117. Ata a fin dos seus días formou parte do movemento, mesmo despois da escisión, aliñada coas Nais de Praza de Maio Liña Fundadora.

Autoría: Carme Vidal  
DOI: 10.17075/adg.2017.22661



# Concha Castroviejo

Fonte: arquivo da familia Santos Castroviejo



Santiago de Compostela, 1910 - Madrid, 1995

**Crítica e escritora de moi singular dicir, acusada independencia e forte personalidade**

Procedía dunha familia culta e acomodada. A nai, Concha Blanco-Cicerón, filla e neta de afervoados carlistas, morre de tuberculose en 1920 cando Concha ten nove anos. O pai, Amando Castroviejo Nobajas (1874-1934), rioxano, propagandista do agrarismo católico e do catolicismo social e impulsor da Previsión Social, é catedrático de Economía Política e Facenda Pública na universidade compostelá e promotor da democracia cristiá.

A súa infancia e xuventude discorren entre Compostela, Paizás (Vedra), períodos estivais na Retirosa (Cangas) e o internado do colexio de freiras dos Praceres (Pontevedra).

A pesar da oposición do pai, que lle procurara unha esmerada educación, teima en realizar estudos regrados de bacharelato para acceder á universidade, onde contacta e se integra nos círculos da mocidade entusiasta coa II República; entre eles Paco Comesaña, Borobó e Joaquín Seijo Alonso, con quen inicia un noivado. Ían casar o 25 de xullo de 1936. O golpe de Estado militar e a guerra cámbiano todo. Testifica a favor de Paco Comesaña no xuízo sumarísimo que se segue contra el en Santiago de Compostela o 23 de decembro de 1936, acusado de comunista e alterador de masas. Isto colócaa nunha posición difícil e busca como saír.

Aproveita unha viaxe do industrial Gaspar Massó nos comezos de 1937 e marcha para Bordeos. Logo réunese con Seijo en Valencia, onde casan. Posteriormente, el combate na fronte do Ebro e ela reside en Barcelona ata o terrible éxodo no frío febreiro de 1939 de Figueres-Port Bou á fronteira francesa, onde son recibidos co «Allez...! Allez...!» dos soldados coloniais senegaleses.

Consegue chegar a Bordeos aproveitando contactos feitos anteriormente e o seu estupendo manexo do idioma e alí vive ata que marcha para México, vía Nova York, no vapor Normandía.

Os difíciles dez anos que pasa no exilio mexicano traballa en Campeche, en Tijuana e, sobre todo, en México D. F.

En decembro de 1949 chega ao porto da Coruña coa súa filla, María Antonia Seijo, de oito anos. De 1951 a 1953 traballa en *La Noche*, o diario vespertino de Santiago de Compostela dirixido por Goñi, e asina como Concha Castroviejo e Asela. Ao mesmo tempo fai os cursos para a obtención do carné de xornalista que convoca en Madrid a Escola Oficial de Periodismo dependente da Delegación Nacional de Prensa, dirixida polo líder das JONS, Juan Aparicio.

En setembro de 1953 marcha para Madrid a traballar no diario *Informaciones*. É columnista, dirixe o suplemento infantil e entre 1962 e 1966 exerce de titular da crítica e contribúe ao *boom* da literatura hispanoamericana.

É das poucas mulleres que realizan este labor e a única que neses anos forma parte do xurado dos honoríficos e prestixiosos Premios da Crítica. É membro da Asociación Internacional de Críticos Literarios. Escribe en *Ínsula*, *La Estafeta Literaria*, *Cuadernos de Occidente*, *Cuadernos Hispanoamericanos*, *Blanco y Negro*, *Grial* e noutras publicacións sometidas a unha implacable censura previa ata a Lei Fraga de 1966, que animaba á censura de editores e á autocensura.

Na crítica deixa un traballo inmenso; aborda obras literarias, eruditas, históricas, ensaios...

Na creación literaria, explora rexistros diferentes.

A interesante, boa e valente novela *Los que se fueron* narra a peripezia do éxodo republicano e o exilio en México. Valente polo que di e porque está escrita «no interior» por unha exiliada recentemente retornada que, co título *Las raíces y el tiempo*, a presenta ao Premio Nadal no ano 1952. Nunha carta á súa irmá Pilar e a Eugenio Santos, do 10 de xaneiro de 1953, conta como se foi colocando a novela segundo as votacións ata o resultado final —de estar entre as dez mellores e logo entre as catro primeiras a obter só dous votos na votación final—, a pesar de que non agardaba éxito ningún, por ser o tipo de obra que era. Achega ademais valiosas consideracións a respecto da novela e da teoría literaria. En 1956, co título actual e algunhas correccións, preséntaa ao Premio Planeta, editorial que a publica en 1957.

*Vispera del odio*, novela dura, forte, conta o odio de Teresa Nava, afoxada na insufrible vida dun matrimonio non querido e as paredes da casa como límite da liberdade.

*El jardín de las siete puertas*, publicado na colección La Ballena Alegre, reúne unha presa de contos e lendas e unha obra de teatro (Premio Doncel, 1961) que a revelan como unha boa escritora de literatura infantil.

*Los días de Lina* é un relato do retorno a ese paraíso perdido que é a infancia, da beleza e do discorrer plácido dos días sen responsabilidades.

Unha obra inédita dos seus últimos anos, *En las praderas del Gran Manitú*, achega memorias dunha infancia en Compostela e reflexións sobre os animais e o ser humano.

Dez anos de enfermidade vascular e dexenerativa arrédana da vida pública activa. En decembro de 1995 morre na súa casa de Ribera del Manzanares, rodeada da filla, os irmáns e as sobriñas.

Cómpre considerar a Concha Castroviejo na súa posición fronteiriza: rompe «as regras» que se supón que debe cumprir «unha señorita» compostelá do seu tempo. Violenta as conviccións políticas e relixiosas da súa familia. Decide sobre a súa vida con resolución e valentía. Sae adiante no exilio traballando no que pode, retorna cunha filla pequena e consegue abrir camiño en terreos en que as mulleres son excepción: o xornalismo, a crítica e a literatura. Ocúpase de Galicia e do galego aínda que non escribe en galego. Presta atención aos traballos de plumas femininas e divúlgaos no seu labor de crítica cando isto apenas era tido en conta.

É unha muller de coraxe que sempre evidenciou un espírito moi libre e que deixa unha obra de mérito na crítica e na creación literaria.

Autoría: Nanina Santos  
DOI: 10.17075/adg.2010.22296



# María del Portal Panisse Ferrer

Fonte: arquivo da familia Ríos Panisse



A Coruña, 1914 - Santiago de Compostela, 2001

## A boticaria da liberdade

A vida é sempre ben incerta: se coa chegada da II República, o 14 de abril de 1931, non se paralizasen durante dous anos as oposicións ao Ministerio da Gobernación, Santiago non tería a botica da licenciada Panisse Ferrer na rúa de Fonseca e a saúde sexual e reprodutiva de moitas mulleres nos anos terribles da ditadura franquista sería aínda máis trágica.

María del Portal Emiliana Panisse Ferrer, *Maruxa*, a boticaria da liberdade, naceu na Coruña o 11 de outubro de 1914, o mesmo ano que comezaba a Gran Guerra ou Primeira Guerra Mundial, ano de emigración masiva a América desde o porto da Coruña, onde as mulleres de «mans negras» sobrevivían traballando arreo no peirao carretando baúis, malletas e todo tipo de vultos dos que ían facer as Américas. Naceu nunha das moitas familias liberais, ilustradas e cultas que existían na Coruña daquela época.

Viviou na rúa Santo André, na rúa do Orzán e na praza de María Pita, e como era habitual naquela altura, para mudar de aires pasaba os veráns coa súa familia no rural, máis concretamente en Almeiras (onde quizais coincidise con Sofía Casanova).

Estudou no Colexio do Pilar, a onde había que levar a cadeira, nas Josefinas e no Instituto Eusebio da Guarda. Ao tempo que facía 7º de bacharelato e a carreira de Perito Mercantil, preparou a reválida e tamén



as oposicións ao Ministerio da Gobernación. Estas foron paralizadas polo Goberno da República, co que se lle pechou esta posible saída profesional e laboral.

No que atinxe á elección da carreira, ela tiña a idea de facer Bioloxía, mais isto obrigábaa a desprazarse a Madrid e a familia non dispuña de recursos suficientes. Foi o seu compañeiro de instituto e amigo persoal Luís Díaz quen a animou a estudar Química en Santiago, carreira en que se matricula, despois dun grave accidente, no ano 1932. No seu tempo de estancia na universidade, relaciónase co círculo galeguista de Tenreiro, Xosé Abad, Pedro Brañas e Francisco Fernández del Riego, e chega a se facer moi amiga de Evelina Hervella, quen máis tarde casará con Del Riego. Coñece, ademais, a Enrique Ríos Suárez, comunista e licenciado en Química, con quen inicia unha relación de parella a partir de 1935.

Remata a carreira de Química en setembro de 1937 e volve á Coruña. Alí comeza a estudar Maxisterio e a impartir clases, primeiro nas Josefinas e logo na Academia de D. Ángel del Castillo. No ano 1941, remata Maxisterio e casa con Enrique Ríos Suárez, quen naquela altura era socio dunha industria farmacéutica, con sede en Vilagarcía, que dispoñía de varias patentes. O fracaso desta iniciativa fará que a parella se traslade a Santiago de Compostela. A súa primeira vivenda nesta cidade estaba situada na rúa da Algalia, mais as malas condicións do edificio fan que axiña se instale na rúa de Castrón Douro, número 6, nunha casa con horta na que vivirá a parella e nacerán as súas dúas fillas (Adela e María do Carme, *Menani*) e o seu fillo (Enrique, *Pancho*). O seu perfil de muller republicana, formada na Institución Libre de Enseñanza, ben se evidencia no tipo de educación que escolle para as súas fillas e o seu fillo: dado que «a escola franquista adoutrinaba», elixe para a súa formación a Preceptoría, que co tempo se vai transformar na Academia Minerva.

No que se refire ás actividades laborais, unha vez chegada a parella a Santiago, Maruxa consegue un traballo de mestra no Colexio das Orfas e Enrique accede a un posto de axudante na universidade ata o remate da carreira de Farmacia. Será entón cando abra a botica na rúa de San Pedro.

No ano 1952, detéctanlle a Enrique Ríos unha grave enfermidade coronaria que acabará coa súa vida seis anos despois, e a descuberta desta enfermidade intervéñ na decisión de Maruxa de comezar a facer a carreira de Farmacia. No ano 1957, unha vez licenciada, abre unha botica na rúa de Fonseca, da que é a titular. Esta vai ser atendida por ela e a súa forma de traballo configúraa como «boticaria da liberdade».

Maruxa foi unha muller humanista, hixienista e, sobre todo, libre. Unha liberdade que se fai ben patente durante os duros e escuros anos do franquismo. Son anos de restricións de carácter político, social e cultural, especialmente duros para as mulleres; nos que está prohibida a práctica do aborto e o emprego de calquera método anticonceptivo diferente ao do ineficaz calendario Ogino, e nos que Maruxa, saltando as

regras impostas polo Goberno, comercializa na súa botica calquera tipo de anticonceptivo sen receita médica (pílula, preservativo...). Trátase dun comportamento único en Compostela, unha mostra de apoio á libre decisión das mulleres de elixir cando e como queren ser nais e que reverte nunha inmensa tranquilidade e sosego para elas.

Outro exemplo que fala do comportamento e a responsabilidade social de Maruxa como boticaria está no feito de se negar a vender sen receita a Centramina e outros estimulantes utilizados polo estudantado universitario. Afirmaba que a súa composición podía danar as persoas que abusaban destas substancias.

Nunha aldea de Galicia, unha muller xa de idade, falando con outras mozas, dicía: «Neniñas, vós tedes moita sorte porque vivistes dúas revolucións que mudaron a vida das mulleres: a da lavadora e a da *pildora*; a primeira sandou a barriga, os pés e as costas do frío e da cara; a segunda quitouvos o medo do corpo». De ter escoitado isto Maruxa Panisse Ferrer seguro que botaría un sorriso desde a porta da súa botica na rúa de Fonseca.

Autoría: Encarna Otero  
DOI: 10.17075/adg.2013.22560





# Hortensia Landeira Pontijas

Fonte: arquivo da familia Pérez Landeira



Ferrol, 1912-1999

## Esa teimuda esperanza nun mundo mellor

Hortensia Landeira naceu en Ferrol en 1912, a segunda de tres irmás. O seu pai, coñecido polo seu traballo e a súa militancia socialista, era de Santa Mariña e a súa nai de Serantes, dúas localidades próximas a Ferrol. Desde moi nova, gustou moito da literatura; sempre contaba que os primeiros libros que leu, sendo aínda moi nena, foron as biografías de Voltaire e Flammarión e o *Emilio* de Rousseau. Era unha muller moi culta.

Vendo os seus pais as aptitudes que tiña para o debuxo, aos catorce anos matricúlana na Escola de Artes e Oficios de Ferrol. Neste centro foi alumna, entre outros, do profesor Eduardo de la Vega. Pronto se converte nunha experta debuxante, fundamentalmente de retratos, e aínda que realiza moitos dos seus traballos por encargo, nunca percibiu dotación económica por eles. Os cadros da súa autoría pendurados nas paredes da súa casa son varias copias de imaxes relixiosas dos anos 1924 e 1925 de artistas recoñecidos, os retratos do seu pai e da súa nai de tamaño natural realizados nos anos 1925 e 1926, a *Alegoría da República* do ano 1931, un debuxo de grandes dimensións de 1932 que representa a Loke e Sigyn (dous personaxes da mitoloxía escandinava) e o retrato de Pablo Iglesias, no que nos imos deter.

En 1932 Hortensia quixo regalarlle ao seu pai un retrato de Pablo Iglesias, pero atopouse cun problema: cuestións políticas impediron que

o realizase na Escola, a Dirección opúxose. Tomou entón a decisión de debuxalo na casa coas debidas precaucións para que o seu pai non a vise traballando. Tendo o retrato rematado e aínda colocado no cabalete, Hortensia amosoullo ao seu pai, quen só acertou a dicir emocionado: «El Abuelo!»; así se lle chamaba ao fundador do Partido Socialista e da Unión Xeral de Traballadores. Segundo contaba ela, aquel foi un momento inesquecible para a familia. O cadro foi enmarcado e ocupou un lugar destacado na casa, pero non durou moito nese lugar. O estalido da guerra de 1936 obrigou a familia a sacalo do seu marco orixinal e a escondelo no faiado. Na actualidade, amais de ocupar o seu lugar orixinal na casa, ilustra a entrada da biografía de Pablo Iglesias na *Gran Enciclopedia Gallega*.

Na época da Guerra Civil Hortensia xa casara con Antonio Pérez Rodríguez e ambos, xunto coa súa filla Hortensia, que ten un ano, marchan cara á Coruña, a onde fora destinado Antonio, obrigado a tomar parte na guerra. Alí nace Laura, a súa segunda filla. Unha vez rematada a contenda retornan a Ferrol. Eran os difíciles tempos da posguerra, pero afortunadamente a familia nunca pasou necesidades.

Pasados os anos, cando se organizou o Partido Comunista na clandestinidade, o seu grande espírito social convertía esta idea en algo grande. Segundo as súas palabras, «a propia causa era inmensa». Había que loitar polo pobo e contra a ditadura, e ese feito enchía a súa vida e levouna a traballar no partido ata o final.

Na súa casa reuníanse as mulleres con responsabilidades dentro do partido. Trataban cuestións económicas, visitas a presos, preparación de manifestacións etc. Ao remate das reunións, tiñan a obrigada precaución de mirar as rúas por se había algún policía vixiando. A casa estaba baixo sospeita.

Cando ocorreron os sucesos do 10 de marzo de 1972 (declarado con posterioridade Día da Clase Obreira Galega), Hortensia, nunha reunión clandestina, propuxo facer uns recordatorios polos compañeiros asasinados. Decidiuse ir a unha imprenta de confianza e ela ofreceuse para facer o encargo. Fíxoo e ao día seguinte o dono, moi amigo da familia, foi falar con ela para lle dicir que a policía estivera na imprenta por unha denuncia dunha señora que naquel momento estaba na tenda. El negou coñecer a Hortensia e recomendoulle que, no caso de que a policía fose á súa casa, negase todo. Grazas a este amigo non pasou nada e os recordatorios fixéronse. A imprenta aínda existe. Noutra ocasión, Hortensia e dous compañeiros do partido foron a Mondoñedo para falar co bispo coa finalidade de que intercedese na anulación da pena de morte de cinco presos políticos. O papa xa avogara por eles. O bispo díxolles que, tendo en conta a avanzada idade do Caudillo, era improbable que cargase na súa conciencia coa firma de cinco penas de morte. Aínda así firmounas no ano 1974, obviando por completo a opinión da Igrexa e dos seus mandatarios.

Polo seu forte compromiso e a súa sensibilidade social, facía seus os problemas da clase traballadora e da política en xeral. Esta era a razón de que, ás veces, a súa expresión reflectise unha fonda e inqueda tristura e de que, entre 1979 e 1987, trasladase ao público a súa crítica social a través de diferentes artigos na prensa, algúns deles escritos con fina ironía e outros cheos de coraxe.

Os seus escritores preferidos eran os clásicos rusos, gregos e franceses. Sempre dicía, emulando a Maxim Gorki: «A miña universidade son os libros». E así era; con eles formou a súa personalidade, os seus extensos coñecementos e unha biblioteca ben cumprida na que, segundo Ferrín, a escritora Xohana Torres se formou na literatura rusa. O seu ben amado Victor Hugo foi a súa alma máter. Del leu toda a súa obra, con el coñeceu o desenvolvemento da Revolución Francesa e da política en xeral e sobre el escribiu un artigo en *La Voz de Galicia*.

Un día aciago púxose moi enferma e houbo que levala ao hospital. Estaba lendo *Yo acuso* de Zola. Foi a súa última lectura.

Tolstoi dixo en certa ocasión: «Unha persoa de talento pode resultar ridícula se é fachendosa. Non obstante, unha persoa culturalmente dotada é agradable e útil se ten unha opinión moderada de si mesma». Así era Hortensia Landeira.

Autoría: Hortensia Pérez  
DOI: 10.17075/adg.2010.22291





# Nieves Fariza Alonso

Fonte: arquivo da familia Fernández Fariza



Cambados, 1911 - Vigo, 1975

**Unha activista pioneira na  
defensa dos dereitos das mulleres,  
coñecida como *A Pasionaria  
Branca, A desenterramortos e  
A dos quilómetros***

Nieves Fariza Alonso naceu en Cambados o 17 de xaneiro de 1911, mais foi en Ourense onde esta mestra e activista, a través do seu traballo, a súa coherencia ideolóxica e o seu talante progresista, nos ofreceu unha lección maxistral ao instituírse nun referente social e histórico do noso país e en abandeirada da causa da igualdade. De feito, como acertadamente sinala Rafael Cid (2005) en *Carrilanos. Os túneles do tempo*, «Nieves Fariza Alonso merecería ser incluída no pequeno grupo de mulleres galegas que, en tempos moi distintos aos actuais, lles roubaron aos homes o papel de líderes sociais que reservaban en exclusividade para eles» (p. 99).

En plena posguerra, Nieves rachou dun xeito rotundo e decididamente revolucionario cos estereotipos sexistas, traspasando a barreira que delimita o público do privado e superando simultaneamente as limitacións propias da época en que lle tocou vivir. Revelouse como unha auténtica pioneira na loita pola igualdade.

Boa mostra do seu comportamento precoz e transgresor atopámolo na súa etapa de mestra por terras de Celanova, cando non dubidou en amosar a súa oposición á Igrexa católica ao negarse a impartir clases de Relixión. Deste peculiar xeito de posicionarse derivaron a súa persecución e condena a morte e, con elas, a necesidade de emprender a vía da fuxida e o acubillo, non sen antes esquivar a Falanxe. Para isto fixo uso



dunha estratexia combinada de valor e enxeño que, paradoxalmente, a levou a implorar axuda para salvar a vida do seu fillo pequeno aos mesmos que a buscaban para pórllle fin á súa propia existencia.

Posteriormente volveu experimentar este mesmo tipo de actitudes inflexibles cando —rebelándose contra a inxustiza inherente á explotación dos operarios do ferrocarril e, por conseguinte, contra as miserables condicións en que se vían obrigados a sobrevivir coas súas familias— se ergueu resolta contra os representantes das elites empresariais e políticas da capital. Da súa poderosa dialéctica derivou unha sensible mellora nas condicións salariais dos obreiros, ao lograr que se lles aboase o desprazamento ata os seus postos de traballo. Gaña deste xeito o sobrenome de *A dos quilómetros*. A este cualificativo engadíraselle tamén o de *A desenterramortos*, de resultas do seu enfrontamento cos empresarios da Compañía de los Ferrocarriles de Medina del Campo a Zamora y de Orense a Vigo (MZOV) para esixirlles o pago de pensións dignas ás viúvas dos *carrilanos* que, afectados pola silicose —o mesmo que lle acontecera ao seu marido—, carecían de seguridade social. Este último alcume ilustra o labor de convencemento que tivo que desenvolver con aquelas mulleres para que permitisen exhumar os cadáveres dos que foran os seus compañeiros e realizarlles a autopsia, único xeito que tiñan de reclamar a correspondente pensión, unha vez diagnosticado o seu falecemento polo «mal da vía» e que este fose admitido como doenza profesional.

Novamente o seu acto de rebeldía converteuna en obxecto de persecución por parte dos mesmos empresarios que se viran na obriga de compensar as viúvas, os cales non dubidaron en denunciála por exercer de laboralista sen estar en posesión do título e mandála á cadea. Foi esta unha etapa particularmente dura na que, de entre todos os avogados aos que recorre a súa filla Marisa na procura de axuda, só o ourensán Luis Pérez Coleman accede a representála diante dos tribunais.

Despois de recuperar a súa liberdade, Nieves encargárase de obter a titulación requirida para evitar novas represións e, asociándose co que fora o seu defensor, abrirá na rúa do Paseo de Ourense un consultorio social en cuxa denominación queda recollida a súa actitude vital e profesional: «Adelante». O bufete tería continuidade, unha vez rematadas as obras do ferrocarril, nas sucesivas sucursais que se foron abrindo posteriormente en diversos puntos de Galicia, na conca mineira asturleonese (de onde derivaría o sobrenome de *A Pasionaria Branca*) e incluso na capital do Estado.

A loita de Nieves, non a súa pegada, só se viu freada pola morte, acontecida en 1975.

# María de los Ángeles Tobío Fernández



Fonte: Museo do Pobo Galego

Viveiro, 1908 - Vitoria-Gasteiz, 2004

## Bibliotecaria e docente republicana, memoria da Guerra Civil e do exilio

«Gustábame e seguiume gustando sempre poder axudar aos que quixeran ler, xa fose para os seus estudos, para ilustrárense ou soamente por distraérense»<sup>1</sup>.

M<sup>a</sup> de los Ángeles Tobío Fernández nace en 1908 en Viveiro, vila que abandona con oito anos para instalarse coa súa familia en Santiago de Compostela.

Aínda co apoio dun ambiente familiar con fonda actividade intelectual —o seu pai, Luís Tobío y Campos, poeta e etnógrafo, curmán de Rosalía de Castro, foi profesor da Escola de Maxisterio e correspondente provincial da Real Academia Galega; e o seu irmán máis vello, Lois, foi promotor da creación do Seminario de Estudos Galegos e membro do equipo redactor do anteproxecto do Estatuto de autonomía de Galicia do ano 1936—, sería a insistencia da súa nai, Mérida Fernández Veiga, a que finalmente propiciaría que M<sup>a</sup> de los Ángeles estudase o bacharelato e que cursase a carreira de Filosofía e Letras.

Certamente, M<sup>a</sup> de los Ángeles sería unha das primeiras mulleres formadas na Universidade de Santiago de Compostela, e do seu paso

1 María de los Ángeles Tobío Fernández (2003): *Anacos da vida dunha muller galega*, Sada, Edicións do Castro, p. 19.

por ela, na que chega a ser proposta para profesora auxiliar da cátedra de Latín, merécelle especial lembranza outra muller, Luísa Cuesta, bibliotecaria da universidade, quen espertou nela «a afección que me durou toda a vida e me axudou a razoar sobre cuestións daquela intocables, aínda que hoxe estean admitidas»<sup>2</sup>.

No ano da instauración da Segunda República, 1931, casa con Pedro Martul Rey e trasládase a Madrid, onde, mentres traballa no Centro de Estudios Históricos, oposita con éxito ao recentemente creado Corpo de Auxiliares de Arquivos, Bibliotecas e Museos, un persoal clave para promover o novo concepto do libro e o achegamento das bibliotecas á cidadanía, obxectivos cardinais do proxecto cultural republicano de acceso igualitario ao saber.

Tras ocupar un primeiro destino en Ourense, onde nacen os seus fillos, Minia e Xoán Carlos, no verán de 1936 diversas circunstancias familiares levan o matrimonio co seu fillo pequeno a Madrid, de onde, por mor do comezo da guerra, xa non poderán regresar. Durante ese mesmo ano, M<sup>a</sup> de los Ángeles é reclamada pola Comisión Xestora do Corpo Facultativo de Arquivos, Bibliotecas e Museos para colaborar nas tarefas de conservación e custodia dos fondos das bibliotecas incautadas. Nestas circunstancias, do seu paso pola Biblioteca Nacional lembra o seu traballo «con bibliotecarios moi intelixentes e ben preparados, que me impuxeron en novas técnicas e no estupendo labor que por entón se facía para achegar o libro ao pobo»<sup>3</sup>.

En 1937, coa capital sometida a bombardeos incesantes que imposibilitan unha actividade laboral regular, M<sup>a</sup> de los Ángeles e a súa familia inician, cara a terras de Levante, unha indesexada peregrinación marcada polo trágico falecemento do seu fillo Xoán Carlos e que, no terreo profesional, supón a súa colaboración nos labores que en distintas bibliotecas se encamiñaban á protección e conservación dos fondos. Cómpre salientar a súa acollida en Valencia por parte de Tomás Navarro Tomás, importantísima personalidade intelectual e figura clave na protección do patrimonio bibliográfico, así como o seu traballo na denominada «Biblioteca Especial» en Orihuela, a carón de Justo García Soriano, destacado bibliotecario e brillante intelectual, comisionado pola Junta Central del Tesoro Artístico para a recollida dos fondos bibliográficos nas provincias de Alacant e Murcia, co que experimenta o novo enfoque da política do libro impulsada pola República.

Ante a sospeita do inminente illamento de Valencia, en 1938, acompañaa o seu home a Caldes de Montbui, onde el é destinado na Escuela de Jefes y Oficiales de Carabineros e onde nace o seu fillo Pedro. Con-

---

2 *Idem*, p. 15.

3 *Idem*, p. 21.

vencidos da perda da guerra, das represalias e de non querer vivir baixo a ditadura, preparan o traslado a Francia.

No seu libro autobiográfico, *Anacos da vida dunha muller galega*, importante testemuño en lingua galega dos acontecementos da Guerra Civil e do exilio, M<sup>a</sup> de los Ángeles relata detalladamente a crueza da azarosa fuxida durante o inverno de 1939 e a posterior chegada a Francia, onde, tras ser detidos e separados —Pedro é conducido ao campo de internamento de Argelès-sur-Mer e ela e o seu fillo permanecen en Montélimar—, reciben a axuda do seu irmán Lois, diplomático, que propicia o reencontro da familia.

Tras diversas complicacións e sopesando os riscos dunha situación internacional cada vez máis complicada e o avance do fascismo, coa axuda do Comité Técnico de Ayuda a los Republicanos Españoles (CTARE), a parella e o seu fillo Pedro embarcan no Ipanema rumbo a México, aproveitando a política de acollida emprendida polo presidente Cárdenas.

A chegada a México, amais da estabilidade, supón un novo proxecto profesional para M<sup>a</sup> de los Ángeles, que se implicaría, xunto co seu home, na posta en marcha, en 1939, do segundo colexio fundado polos exiliados, o Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón, importante proxecto educativo que, a pesar da súa curta vida, reuniría no seu claustro importantes intelectuais e mesmo concitaría a protección de Lázaro Cárdenas. Ela responsabilizárase da dirección da Escuela de Señoritas, filial do centro.

En 1948 regresa a España, onde nacerá o seu fillo Luís, e solicita o ingreso no Corpo de Auxiliares de Bibliotecas, no que fora dada de baixa en 1939. Tras a depuración en 1950, é readmitida pero sancionada, degradada e inhabilitada para a ocupación de cargos directivos e de confianza. O Arquivo Xeral de Galicia na Coruña, a Biblioteca da USC e o Instituto Arcebispo Xelmírez en Compostela —neste último combina a colaboración nos labores da biblioteca coa docencia ocasional de Latín— constituirían os últimos destinos profesionais de M<sup>a</sup> de los Ángeles.

Consciente da importancia do que lle tocou vivir, pouco despois de cumpridos os 70 anos, M<sup>a</sup> de los Ángeles deixounos en *Anacos* un rexistro non só das súas vivencias máis íntimas, senón dos importantes acontecementos históricos nunha clara constatación, para o lector, de que o persoal é tamén político.

Autoría: Ana Celia Rodríguez Buján  
DOI: 10.17075/adg.2014.22572



# Aurora e Manuela Liste Forján



Ameneiro (Calo), 1916-1984 (Aurora),  
1912-2002 (Manuela)



Fonte: Eduardo Liste Carro

## Leiteira e labrega. O compromiso e a solidariedade sen cancelas

Na estrada N-550, uns nove quilómetros ao sur de Compostela, está a aldea de Ameneiro, na parroquia de Calo, concello de Teo. Pouco despois do rótulo que amosa o seu topónimo, á man dereita, hai dúas casas, unha a carón da outra, sen habitar desde hai ben anos. Na primeira delas hai unha placa de granito na que se pode ler: «Nesta casa naceu Enrique Líster (1907-1994), canteiro que soñou e loitou por un mundo mellor». Inmediatamente por baixo hai outra placa, de aluminio esmaltado en azul, na que se le: «Rúa dos Irmáns Liste Forján». Na casa naceron os irmáns e tamén as irmás Liste Forján. En total, unha prole de sete, cinco homes e dúas mulleres, fillas e fillos de Manuel Liste Piso, canteiro, e de Josefa Forján Noya, leiteira. Na casa familiar, os vínculos políticos (concretamente comunistas) e sindicais eran claros. Todos os irmáns militaban e mesmo crearan en Teo o Sindicato de Oficios Varios. Manuela e Aurora comparten este ambiente desde sempre.

Manuela, a quinta, naceu o 7 de abril de 1912 e Aurora, a máis nova de todas, o 23 de setembro de 1916. Ambas as dúas traballaron na casa desde ben pequeniñas, Manuela na terra e atendendo os animais e Aurora axudando a súa nai, que lle mercaba leite á xente do lugar e arredores para logo vendelo nas casas de Compostela. Aurora era extravertida e con iniciativa, de carácter forte xa desde nena. Manuela era máis introver-

tida, pero tamén tiña o seu xenio, que amosaba cando había que facelo. Apenas foron á escola, cousa frecuente entre as nenas naquela altura, polo que case non sabían ler nin escribir, pero ambas as dúas eran moi intelixentes e espelidas, e aprenderon máis adiante. De feito, xa adultas, gustaban de ler o xornal para estaren ao día do que acontecía no mundo.

A súa mocidade foi moi difícil, nomeadamente desde o golpe de Estado fascista en 1936. No mes de agosto dese ano foron detidos dous dos seus irmáns, primeiro Faustino e, poucos días despois, Constante. Ambos foron asasinados: o 12 de setembro fusilaron a Faustino en Boisaca e o 3 de outubro pasearon a Constante (ou asasinárono no mesmo cárcere de Compostela) e fixérono desaparecer. Outros dous irmáns, Eduardo e Manuel, fuxiron ao monte para protexeren as súas vidas. O outro irmán, Jesús (Enrique Lister), combateu o fascismo no V Rexemento.

Aurora visita continuamente os irmáns presos, xunto coas compañeiras destes, e lévalles comida e roupa. Tamén actúa como enlace cos fuxidos, entre os que están os seus irmáns Manuel e Eduardo. Proporcionálles alimentos, mantas, tabaco e nomeadamente novas da chaira, para mantelos informados da marcha dos acontecementos. O traballo de Manuela, aínda que menos significado publicamente, é igualmente importante: procura alimentos e roupa para os presos e os fuxidos e tamén xunta cartos para estes últimos.

Na altura, a casa familiar comeza a ser violentada por falanxistas, concretamente polo «grupo de persecución dos fuxidos», na busca dos irmáns a calquera hora da noite. Aurora, con só 19 anos, e Manuela, con 24, son interrogadas cada vez que os fascistas se presentan. Son golpeadas e maltratadas para que lles digan o paradiro dos irmáns. Nunca o fixeron.

Con toda esta presión e despois do asasinato de Constante e Faustino, reséntese a saúde de Josefa Forján (a nai), que mesmo chega a caviar en tirarse ao tren. Só a frea a idea de mirar polos seus fillos que están no monte. Como tantas mulleres, antepón o coidado dos demais á súa propia dor, ás súas propias ansias. Desde ese enorme sufrimento, sempre repetiu: «o comunismo non pode ser malo, porque os meus fillos foron comunistas e eran moi boas persoas». Xa non pode co traballo de leiteira, que pasa a ser asumido enteiramente por Aurora, quen aprende o necesario sobre números para levar ela mesma as contas.

O papel de Manuela, por outra parte imprescindible para a familia, estivo máis relacionado coa casa. Ela criaba animais e así, vendendo os polos, os xatos e os ovos, contribuía ao mantemento da familia. Asemade muxía as vacas propias e axudaba a Aurora a recoller o leite noutras casas da redonda. Entre as dúas (sobre todo Manuela) coidaban da nai e do sobriño, Eduardo, fillo de Constante, ao que xa acolleran na casa en 1933, sendo pequeniño. Elas foron os piares da familia desde ben noviñas, garantentes de acubillo, mantenza e coidados.

En 1939 Aurora casa con Daniel León Furelos, que era peón de obras. En 1940 teñen un fillo, Suso, e viven na casa familiar ata o falecemento da nai, en 1955. Daquela múdanse para unha casa a carón. Cada día, pola mañanciña, Aurora sae da casa coa caldeireta na cabeza asentada nunha rodela e o *cuartillo* na man para venderlles o leite ás casas de Compostela, porta a porta. Máis adiante, a finais dos sesenta, aproba o carné de conducir e merca unha furgoneta Citroën 2 CV, que lle permite desenvolver o seu traballo con outra comodidade.

Aurora era de convicción comunista e chegou a militar no Partido Comunista de España (e desde 1968 no Partido Comunista de Galicia). A súa praxe sempre gardou coherencia coas súas ideas. Pagaba o leite no momento de recollelo, porque cría que era de xustiza e porque coñecía moi ben as necesidades que pasaban as familias propietarias das pequenas e precarias explotacións, mentres que as empresas leiteiras o pagaban cun ou dous meses de demora. Sempre estivo disposta a colaborar coas caixas de resistencia das folgas obreiras, recadando cartos e poñéndoos tamén do seu escaso peto. Malia que precisaba a furgoneta para traballar, prestábaa sen problemas para o que fose necesario, maiormente para trasladar xente clandestina ou propaganda do Partido. A súa solidariedade coas persoas máis necesitadas e enfermas levouna mesmo a lles procurar consultas de balde con algúns médicos de Compostela aos que lles servía o leite a diario.

No ano 1973, Aurora deixa o PCG para afiliarse ao Partido Comunista Obrero Español (PCOE), recentemente fundado polo seu irmán Enrique. Ademais, segue axudando a xente perseguida pola ditadura de mil maneiras, nomeadamente chamando á unidade da esquerda. Neste senso, en 1977, nun mitin de Lister na Alameda de Compostela, que deu lugar a certas controversias, di: «Os tempos cambiaron, non sei que lles pasa ás esquerdas que sempre andan esturruando uns contra outros; os inimigos son os fascistas...».

No ano 1981, Aurora enferma. Descóbrenlle un cancro de mama e opéрана no Policlínico Rosaleda. Nos primeiros tempos vai ben, cos consabidos tratamentos e coidados. A enfermidade non lle imposibilita participar activamente nas loitas contra a cota empresarial —pola que se consideraba que as familias propietarias de pequenas explotacións agrarias e gandeiras eran empresarias, asoballándoas ata arruinalas—, que non pararon ata lograr suprimila. Tampouco lle impide presentarse ás eleccións lexislativas de 1982 polo PCOE, como candidata ao Congreso no posto número 3 da lista da Coruña.

O cancro reproducése e, desta volta, non o supera. Falece na casa de Ameneiro o 17 de xuño de 1984, coidada pola súa irmá Manuela, o seu sobriño Eduardo e a familia deste. Os seus ideais comunistas permaneceron intactos logo de toda unha vida de loita e de solidariedade.



Pola súa vez, Manuela segue a vivir na casa familiar mentres pode conservar a súa independencia. Xa maior e con problemas de saúde, pasa o día na casa de Eduardo, o sobriño que elas criaran, quen vive coa súa familia poucos metros máis atrás, e vai durmir á súa, ata que xa non pode conservar este costume e se traslada definitivamente á casa do sobriño. Os últimos tempos son difíciles para ela. O grao de dependencia vai en aumento ata o seu pasamento, o 15 de abril de 2002, aos noventa anos.

Na Alameda de Compostela hai unha escultura de granito coa lenda «A leiteira de Calo», realizada por Fernando García Blanco (1939-2008) en 1962 a partir dun bosquejo en escaiola de Gabriel Xosé Eiroa Barral (1892-1935) nos anos trinta. Agardamos que o nome de Aurora Liste Forján sexa gravado algún día no pé da dita peza.

Autoría: Lola Ferreiro Díaz  
DOI: 10.17075/adg.2019.23746



# Rosa Bassave Roibal

Fonte: arquivo de Dionisio Pereira



A Coruña, 1953 - Santiago de Compostela, 2012

## Anarquista galega que defendía que «a nosa vida é a nosa loita»

Se albiscamos a paisaxe da contestación social en Galicia durante os últimos 35 anos, de seguro que poucas figuras houbo máis omnipresentes, dinámicas e apreciadas acá e acolá que unha muller lourea e pequeneira, de ollada franca, riso potente e rouco son de voz, como se do mar do Orzán se tratase, que atendía polo nome de Rosa Bassave, ás veces transmutado polo de María Balteira, pseudónimo —por certo— moi propio da súa festeira ironía. Nada lle foi alleo: loita de clases; feminismo independente; «cozinha natural» vexetariana; a nosa lingua reintegrada; solidariedade internacionalista, con Alxeria e Colombia no corazón; recuperación da «memoria d@s vencid@s» e reivindicación da militancia anarquista represaliada; teima a prol do territorio; os *attrezzos* teatrais das primeiras representacións de Vidal Bolaño... Sen esquecer, ademais, o traballo cotián e a vida libre a carón dos achegados: Alberte de Esteban, *O Roxo*, o seu namorado durante máis de corenta anos; e Gael, Brais e Iris, os seus fillos.

Rosa naceu no coruñés barrio da Gaiteira, ata onde ía Alberte a pedalladas na súa inconfundible (para os coruñeses e coruñesas daquel entón, acabada de estrear a década dos setenta do século pasado) bicicleta cor rosa desde a barriada de Monte Alto, situada noutro extremo da cidade. Tras deixar ela aos dezoito anos o traballo nunha empresa de montaxes eléctricas e xa casados polo civil, ambos compartirán en diante anguei-

ras e inxerencias sociais e políticas. Primeiro, a emigración a Barcelona, París e Inglaterra, cos primeiros contactos co nacionalismo; despois, o regreso a Compostela, as respectivas carreiras de Historia e a integración na Unión do Povo Galego e no Bloque Nacional-Popular Galego (1976-1977). Ao cabo, fondas discrepancias políticas alentaron unha decisión que marcará o devir da parella: o nada cómodo compromiso co universo libertario, marxinado e perseguido polo sistema político xurdido a partir da morte de Franco.

En paralelo e concordando co espírito das Jornadas Feministas Es-tatales realizadas en Granada (1979), Rosa comezará un delongado activismo no movemento feminista crítico coa tutela dos partidos políticos e será moi coñecida pola súa presenza nas imaxinativas accións de rúa do feminismo compostelán naquel tempo da Transición. Logo, a súa firme defensa do protagonismo da muller na sociedade ficou explícita en múltiples colaboracións nas revistas *Andaina* e *Festa da Palabra Silenciada* e, sobre todo, no seu papel como redactora da publicación compostelá *@narquista* (1998-2004), na que desenvolveu unha ampla temática: desde os alicerces da independencia feminina ata a prostitución e desde a negociación por parte das relixións ata a inxusta condición da muller do mar.

Rosa e Alberte participaron de maneira sinalada na recuperación do movemento libertario santiagués a cabalo dos anos oitenta e noventa: Federación Anarco-Comunista Galega (1979), revista *Arco da Vella* (1981-1982), refundación da CNT compostelá (1983), *Mulheres Livres* (1987), Ateneo Libertario de Compostela (1997), Radio Kalimera... Ademais, Rosa Bassave foi a primeira muller en asumir (2005) a secretaría da CNT galai-ca, a que representou en numerosas ocasións desde a tribuna e como conferenciante.

Por outra parte e desde 1986, Rosa tamén exerceu como directora da Biblioteca da Facultade de Matemáticas da USC, colaborou nalgunhas exposicións bibliográficas do libro galego (1988) e asistiu a eventos de índole profesional, caso da BiblioArchi organizada na Habana (2005).

Muller pola que nunca houbo que agardar cando se precisou do seu concurso sen importar de quen xurdise a iniciativa, Rosa formou parte así mesmo do Consello da Memoria (2006-2009), organismo consultivo da Consellería de Cultura en materia de políticas públicas a prol da «memoria d@s vencid@s».

Tras o seu pasamento, unha «comisión de feministas das rúas» rendeu homenaxe ao seu xeneroso e vitalista compromiso ético coa humanidade adoecida, nun multitudinario e sentido acto celebrado na compostelá Biblioteca Concepción Arenal, no que se presentou unha antoloxía dos seus escritos, incluídas poesías inéditas e receitas de cociña. Porque, se ben nunca poderá ser substituída, Rosa Bassave deixou un inesquecible ronsel de fraternidade.

Autoría: Dionisio Pereira  
DOI: 10.17075/adg.2013.22526

# Carme Alvariño Alejandro

Santiago de Compostela, 1952-2017

## Feminismo e compromiso no ensino da historia

Fonte: arquivo de Emilio Crespo



Carme Alvariño naceu en Santiago de Compostela en 1952, a segunda de oito fillas e fillos de Dolores Alejandro e José Alvariño. A súa infancia e adolescencia transcorreron nesta cidade. Estudou o bacharelato no Colexio da Compañía de María e Xeografía e Historia na Universidade de Santiago de Compostela de 1970 a 1975.

O seu compromiso político iníciase na universidade, cando participa nas mobilizacións antifranquistas, tanto estudantís como pola democracia e os dereitos sociais, en particular nas accións de protesta convocadas en Vigo polos asasinatos de Amador Rey e Daniel Niebla, ocorridos durante a folga xeral de marzo de 1972 en Ferrol. Neses anos non estivo formalmente encadrada en ningunha organización política.

Unha vez acabada a carreira, realizou a memoria de licenciatura sobre o dominio e as rendas do mosteiro das Clarisas, baixo a dirección de Antonio Eiras Roel. Aínda que nos primeiros meses do curso 1975-1976 realizou tarefas de investigación no Departamento de Historia Moderna da USC, ao non haber posibilidade de acadar un contrato de profesora ou unha bolsa —o que era aínda máis difícil para as mulleres—, en decembro de 1975 comezou a impartir clases como interina na Escola de Hostalaría de Lamas de Abade. En 1978 aprobou as oposicións a profesora de Formación Profesional. Carme tivo un papel relevante nas mobilizacións la-

borais deste colectivo, coa reivindicación da integración nun corpo único de profesorado de secundaria, o que se acadaría en 1989.

Ensinou Historia no IES As Fontiñas de 1990 a 1994 e despois trasladouse ao IES de Sar, tamén en Santiago de Compostela, onde traballou ata que o cancro a obrigou a deixar as aulas en abril de 2015.

Conta o seu compañeiro, Emilio Crespo, que o aprecio do seu alumnado era evidente, por exemplo ao encontrar en restaurantes ou hoteis antigos estudantes da Escola de Hostalaría.

Na vida de Carme entretécense os compromisos co feminismo, coa xustiza social e coa innovación educativa. Maniféstanse tanto na súa militancia política e sindical como en tres liñas relacionadas coa súa actividade de profesora de Historia nas que traballou arreo toda a súa vida: a visibilización das mulleres, a recuperación da memoria histórica e a realización de traballos de investigación co seu alumnado sobre distintos aspectos da historia ou da realidade social.

En 1977 participou na fundación do Sindicato Galego de Traballadoras e Traballadores do Ensino (SGTE, STEG a partir de 1990), sindicato asembleario de vocación unitaria, comprometido coa escola pública, nacido a partir das folgas do ensino de 1976, iniciadas en Galicia. Tamén a partir de 1977 formou parte durante uns anos do Partido Obreiro Galego (POG, desde 1980 Esquerda Galega). Máis adiante integrouse en Comisións Obreiras (CC. OO.) e en 1987, nas primeiras eleccións sindicais na función pública, foi elixida na lista de CC. OO. A finais dos oitenta e principios dos noventa implicouse con intensidade nos debates e xornadas sobre a reforma educativa, en particular sobre todo o relacionado coa coeducación, tanto no sindicato como na Fundación Dez.eme, vencellada a CC. OO. Ademais, durante toda a súa vida participou en mobilizacións sociais, como a do Prestige.

Unha das súas grandes paixóns foi mudar o ensino da historia; por unha banda, coa innovación persoal na aula: as súas clases de Historia convertéronse en espazos de liberdade encamiñados a promover o pensamento crítico; por outra, a través da cooperación en equipo, fundando distintos grupos. O Colectivo María Castaña foi pioneiro en levar a perspectiva feminista ás clases de Historia. Estaba formado por Carme Alvariño, Mercedes González, Guillermina Domínguez, Coque Domato, Margarita Lobato e Maribel Rodicio. En 1996, na revista *Andaina*, Carme resume o seu obxectivo: devolver «ás mulleres o papel que nos corresponde como protagonistas, axentes, da historia da humanidade». As profesoras de María Castaña elaboraron materiais didácticos, como *Muller e traballo* e *Materiais didácticos para unha visión non androcéntrica da historia*, que recibiron en 1995 o Premio Educación y Sociedad, da Secretaría de Estado de Educación, dependente do Ministerio de Educación. Impartiron talleres e cursos nos centros de profesorado. Tamén elaboraron materiais sobre as irmás Fandiño, Maruxa e Coralia.

Foi fundadora e presidenta do Colectivo Sine Nómine, do que tamén forman parte (entre outras persoas) Ramón López Facal, Víctor Santidrián, Paz Leirós, Antonio Díaz, Olga Pedrouzo, Heladio Fernández Manso, Ricardo de Rávena e Francisco Pérez Otero. Ten como obxectivos a innovación no ensino da historia, o desenvolvemento do pensamento crítico e a incorporación da memoria histórica ás aulas. Entre 2006 e 2014 Sine Nómine, en colaboración con Nova Escola Galega, organizou anualmente un ciclo de cine e historia: «poñemos de manifesto a nosa preocupación pola historia do presente, e por como esta historia pode ser explicada nas aulas desde unha perspectiva crítica»; así, en 2008 titulouse «A guerra continúa» e, en 2009, «Exercicios laicos». Tamén organizou conferencias e exposicións como *Vida cotiá no primeiro franquismo* en 2006 e elaborou unidades didácticas. Carme implicou o seu alumnado na realización de traballos de investigación sobre o barrio, o Prestige ou o campo de concentración de Lavacolla. Estes traballos acadaron diferentes premios, por exemplo, «Segovia, tras as reixas dos que foron mud@s», do alumnado de 4º de ESO do IES de Sar, en 2010, o Premio do Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade sobre «espazo urbano e memoria social».

A vida de Carme é un exemplo de compromiso coas causas nas que ela cría: o feminismo —para devolverlles ás mulleres o seu papel na historia—, a xustiza social, a memoria das represaliadas. A cooperación foi un dos seus sinais de identidade, organizando equipos e compartindo xenerosamente o seu tempo e os seus coñecementos.

Merece que lle sexa recoñecido un traballo pioneiro na incorporación do enfoque feminista ao ensino, tal como ela axudou a recoñecer o papel doutras mulleres.

Autoría: Marilar Aleixandre  
DOI: 10.17075/adg.2018.22679



# Rosalía Mera Goyenechea

Fonte: arquivo de Encarna Otero



A Coruña, 1944 - Liáns (Oleiros), 2013

## A agulla no mar da liberdade

Rosalía foi toda ela corazón, intelixencia, traballo e vida. É difícil resumir nunha soa palabra o seu decurso vital: traballadora, modista, empresaria, emprendedora, creadora, nai, artista, comunicadora, loitadora e, sobre todo, libre, defensora da xustiza social e feminista. As cores do arco da vella non abundarían para recoller a totalidade do prisma cromático que foi Rosalía Mera Goyenechea.

É a filla maior de tres irmás dunha familia traballadora do barrio coruñés do Matadoiro, onde naceu. O pai traballaba na fábrica de cervexas Estrella Galicia e a nai (de orixe vasca) lograra o seu soño de abrir unha carnicaría no barrio de Monelos.

Asistiu á escola ata os doce anos. Unha vez rematada esta etapa educativa, como tantas mozas daqueles anos, entrou de aprendiz nun taller de costura. Adquiriu alí unha formación que foi un dos piares da súa iniciativa empresarial.

Con dezaseis anos entrou a traballar como dependenta e probadora (modelo) nunha tenda de confección-*boutique* situada na rúa de Santo André, chamada La Maja e que tiña como clientela a maior parte da burguesía da Coruña. Coincidiu alí con Amancio e Antonio Ortega Gaona, que traballaban como comerciais, e con Josefa Ortega Gaona, que desempeñaba tarefas administrativas en virtude dos seus estudos na fa-



mosa Escola de Comercio da Coruña, na que se formaron tantas mulleres a partir da década de 1920.

Compartir o espazo laboral marcou a súa vida profesional e sentimental. Hai que ter en conta, ademais, que ela formaba parte dunha saga de mulleres emprendedoras: a súa avoa Xoana sacara adiante a súa familia cun posto de carne no mercado de Santo Agostiño e vai ser todo un referente para Rosalía, como tamén o vai ser a súa propia nai. As tres van ser grandes loitadoras por dispor dunha economía de seu.

No seu primeiro espazo de traballo naceu o amor con Amancio Ortega, con quen casou e tivo a súa filla, Sandra Ortega Mera, o 19 de xullo de 1968, e o seu fillo, Marcos Ortega Mera, o 1 de maio de 1971. Máis aló do amor e da amizade, xurdiu tamén a iniciativa empresarial da que formaron parte xunto con Josefa e Antonio Ortega Gaona e mais a muller deste último, Primitiva Renedo.

Os primeiros pasos da empresa, compaxinando os tempos de traballo en La Maja, dános Rosalía e Primitiva na casa desta última. Comezan por traballar cos seus coñecemento de costura e padronaxe e producen sacos de bebés e lenzaría. Pouco tempo despois, crean o nome da marca GOA e engaden a elaboración de batas acolchadas de vivas cores, confortables e lavables, convertidas na actualidade en pezas de coleccionista. Pouco a pouco Rosalía pasa a traballar a tempo completo no taller familiar, que, posteriormente, vai precisar dun espazo propio e amplo para poder abastecer a xa numerosa demanda. Estamos a falar dos anos sesenta do século xx. En pouco tempo neste taller chegan a traballar corenta mulleres pois, segundo se vai achegando o ano 1966, GOA comercializaba xa para todo o territorio español, como dicía a propia Rosalía, «grazas ao esforzo, á constancia, á intelixencia e tamén á sorte».

Xa na década de 1970, reinvestindo os beneficios na propia empresa, amplían o abano de prendas que producen e instalan a fábrica no Polígono da Grela. Isto sitúa o nacemento da marca Zara.

Do dito con anterioridade pódese deducir que a finais da década dos sesenta Rosalía goza de progreso económico e de sosego (o ideal social dos anos setenta). Ten ademais un momento de estabilidade familiar e nesta altura reside nunha vivenda situada na contorna de Riazor.

A situación muda completamente co nacemento de Marcos. O neno ten unha parálise cerebral fonda e Rosalía toma a decisión de deixar nun segundo plano a vida empresarial e laboral para lle dedicar ao fillo todos os coidados e enerxías necesarios. Adquire coñecementos de logopedia, neuroloxía e psiquiatría e fai a carreira de Maxisterio, todo para lle proporcionar a Marcos elementos para gozar dunha vida mellor e máis autónoma. Con este mesmo obxectivo, a finais dos anos setenta entra a traballar como contratada no Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSERSO) da Coruña, máis concretamente no Servizo de Recuperación e Rehabilitación de Minusválidos (SEREM), na área de estimulación precoz.

Incluso se lle pasa pola cabeza preparar oposicións para se converter en persoal fixo. Pero de novo aparece a emprendedora, neste caso, de economía social: por que non facer de todo o coñecemento e coidados que o seu fillo precisa unha fundación que beneficie a máis xente? Así foi como naceu a Fundación Paideia-Galiza, un proxecto propio e persoal de Rosalía Mera e cabeza de proa de todo un conglomerado de empresas que se converteron en ferramenta de traballo e esperanza ao servizo de persoas en risco de exclusión social e laboral, para a formación e divulgación de coñecementos e para o apoio a actividades culturais diversas.

Unha parte do persoal cualificado que traballaba con ela no INSERSO colabora na posta en marcha e arranque da nova fundación, cuxa sede está no corazón da cidade vella da Coruña: na praza de María Pita, nun edificio de pedra e galerías rehabilitado para tal fin e no que, na actualidade, traballan arredor de cen persoas.

Despois nace o Centro de Iniciativas Empresarias Mans, no Polígono de Pocomaco, e outros proxectos como as empresas de economía social do grupo Trébore, DELOA (Asociación de Desenvolvemento Local), Cultigar (Laboratorio de Biotecnoloxía Vexetal) e outros de carácter empresarial e de formación.

A vida de Rosalía foi mudando tamén no campo dos afectos. Logo da súa ruptura matrimonial en 1985, pasou a residir, xunto coa súa filla e o seu fillo, en Liáns (Oleiros). A pesar disto non deixou de atender e supervisar a súa participación no grupo INDITEX e de promover numerosas iniciativas de investimento, e tamén dirixiu o seu capital cara a diferentes empresas galegas con fins sociais ou de investigación, como foi a compra de accións en Zeltia (hoxe PharmaMar), empresa que investiga en medicamentos contra o cancro baseándose en recursos mariños.

Esta muller libre e loitadora apoiou movementos como Nunca Máis cando Galicia caeu na negrura do chapapote; solidarizouse cos campamentos do 15-M denunciando a corrupción como un veneno perigoso; escribía poesía; gustaba da música, de camiñar polo paseo marítimo e de cantar na Taberna dos Belés; desfrutaba do sosego na desembocadura do río Miño na Guarda ou fronte ao mar (un dos seus amores). Foi, ademais, moi coidadosa da súa vida privada e compartía o seu tempo coa familia.

Así mesmo, a súa presenza pública foi permanente e constante para divulgar o traballo de Paideia, a súa querida fundación, ata que un día, na canícula de agosto, de repouso en Menorca, a morte presentouse coa gadaña afiada, de súpeto, sen máis. Foi o 15 de agosto do ano 2013. Desde aquela data, o corpo de Rosalía descansa na terra, no cemiterio de Liáns (Oleiros), cunha lápida branca co seu nome e a seguinte lenda: «Na busca continua do saber facer, saber sentir e saber dicir».







Este libro acabou de  
imprimir en xullo de 2023,  
coincidindo co 40 aniversario  
da aprobación da Lei de creación  
do Consello da Cultura Galega









